III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

DECRETO 90/2021, do 26 de maio, polo que se modifica o Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

O artigo 149.1.23 da Constitución española atribúe competencia exclusiva ao Estado para aprobar a lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección. Así mesmo, o seu artigo 148.1.9 dispón que as comunidades autónomas poderán asumir competencias na xestión en materia de protección do ambiente.

O artigo 27.30º do Estatuto de autonomía de Galicia establece a competencia para aprobar normas adicionais sobre a protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e biodiversidade, sinala no seu artigo 31: «Os parques son áreas naturais que, en razón á beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa fauna ou da súa diversidade xeolóxica, incluídas as súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos cuxa conservación merece unha atención preferente».

Na Comunidade Autónoma de Galicia aprobouse a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, que ten entre os seus obxectivos a protección, restauración e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre. Nesta lei tamén aparece a figura de parque natural entre as categorías de espazos naturais protexidos. Esta lei resultou derrogada pola Lei 5/2015, do 22 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, que na súa disposición transitoria sétima recolle, no seu punto 2, que o resto dos procedementos administrativos en tramitación na entrada en vigor desta lei tramitarase pola normativa vixente ao se iniciar a súa tramitación.

Este espazo declarouse como parque natural mediante o Decreto 139/1992, do 5 de xuño publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 113, do 15 de xuño.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

O Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán dispón dun Plan de Ordenación dos Recursos Naturais aprobado polo Decreto 148/1992, do 5 de xuño (DOG núm. 114, do 16 de xuño), que recolle no seu articulado a necesidade de que o Plan reitor de uso e xestión o desenvolva mediante programas básicos de actuación sectorial e que se elaborará segundo o disposto da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, e na Lei 4/1989, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre (norma derrogada pola Lei 42/2007, do 13 de decembro).

Pola súa banda o artigo 31 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, enumeraba os distintos instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos e establecía que nos parques a xestión se levará a cabo mediante plans reitores de uso e xestión.

Na actualidade, a Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, norma que derroga a Lei 9/2001, do 21 de agosto, establece o requirimento dun plan reitor de uso e xestión (PRUX) para os parques naturais e as reservas naturais e marca os contidos básicos do plan. Non obstante, este decreto xa estaba en tramitación no momento da aprobación da Lei 5/2019, do 2 de agosto, polo que se continuo a súa tramitación conforme a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de acordo co disposto na disposición transitoria sétima da Lei 5/2019, do 2 de agosto.

Este decreto contén tres artigos, unha disposición derrogatoria, catro disposicións derradeiras e un anexo I que contén o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

O artigo 1 refire a modificación da zonificación do Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, aprobado polo Decreto 148/1992, do 5 de xuño, co obxecto de homoxeneizar as denominacións da zonificación dos distintos parques naturais (sen alterar de ningún modo os límites do espazo protexido), mentres que o artigo 2 procede á aprobación do Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán como instrumento de planificación específico que desenvolve o Plan de ordenación dos recursos naturais deste parque natural.

O artigo 3 deste decreto sinala o réxime sancionador de aplicación derivado do incumprimento das premisas establecidas neste instrumento de planificación.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

A disposición derrogatoria única derroga determinados preceptos do Decreto 139/1992, do 5 de xuño. e así adecualo á nova zonficación establecida.

No relativo ás disposicións derradeiras, a disposición derradeira primeira modifica o Decreto 180/2020, do 22 de outubro, polo que se aproba o Plan de conservación do monumento natural Souto da Retorta, no concello de Viveiro (Lugo), para acomodalo á orde de distribución de competencias do Estado en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

Finalmente, as disposicións derradeiras segunda, terceira e cuarta prevén unha habilitación normativa para o desenvolvemento das disposicións precisas mediante orde deste decreto, o prazo de vixencia deste plan reitor que, como mínimo, será de dez anos e a entrada en vigor desta disposición.

En canto ao procedemento de elaboración, este decreto someteuse á participación do público conforme o establecido no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso ao ambiente.

O 26 de setembro de 2018 publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 184 o Anuncio do 19 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, polo que se acorda someter ao procedemento de información pública o Proxecto de decreto polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán. Non obstante, conforme as alegacións recibidas no trámite de información pública, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural estimou necesario modificar o dito proxecto de decreto no sentido de adaptar a zonificación do parque establecida no Plan de ordenación dos recursos naturais ás denominacións da zonificación dos distintos parques naturais, sen alterar de ningún modo os límites dos espazo protexido. En consecuencia, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural acordou novamente, mediante Anuncio do 22 de marzo de 2021, someter novamente ao trámite de información pública esta disposición de carácter xeral (*Diario Oficial de Galicia* núm. 59, do 29 de marzo). Igualmente, este proxecto remitiuse en trámite de audiencia aos distintos sectores e persoas interesadas.

Con posterioridade ao trámite de información pública solicitáronse os informes sectoriais preceptivos exixidos pola normativa vixente de aplicación.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Igualmente incorporáronse ao expediente os informes emitidos pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, polo Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e pola Xunta Consultiva do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

Polo exposto, e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, por proposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do vinte e seis de maio de dous mil vinte e un,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Modificación da zonificación do Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán*

Un. Modifícase o artigo 3 do Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, que queda redactado así:

«Artigo 3

Para facer compatible no complexo dunar a conservación dos recursos naturais con distintas actividades que se desenvolvan nel, clasifícase o territorio nas seguintes categorías:

Zona I de uso limitado: a zona de uso limitado está constituída por aquelas áreas que requiren dunha maior protección por presentaren unha ou varias das seguintes características: 1. albergan valores naturais de excepcional rareza; 2. albergan valores naturais de especial interese pola súa escaseza e/ou diversidade; 3. albergan valores naturais de especial fraxilidade. A zona de uso limitado está formada por:

– Unha área litoral: inclúe a gran duna móbil e os outros hábitats dunares e costeiros, agás a praia.

– Unha área de lagoas e marismas: inclúe as lagoas de Carregal e Vixán e os hábitats higrófilos que as envolven e as prolongacións destes na transición cara a áreas de cultivos.

A superficie da zona I de uso limitado é de 565,43 hectáreas.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Zona II de uso compatible: a zona de uso compatible inclúe, por unha banda, as praias comprendidas entre o núcleo urbano de Corrubedo e punta Corbeiro, e por outra, as áreas de paisaxe agraria tradicional e cultivos forestais, nas cales se localizan hábitats prioritarios ou de interese comunitario, ou hábitats de especies de interese para a conservación (especies dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, especies de aves migratorias e aves do anexo I da DC 2009/147/CE, especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas).

A superficie da zona II de uso compatible é de 374,00 hectáreas.

Zona III de uso xeral: a zona de uso xeral inclúe terreos desnaturalizados pola actividade humana ou nos cales se xera unha actividade antrópica elevada, como parcelas urbanas, explotacións mineiras, equipamentos e infraestruturas de uso público. Sitúanse principalmente na periferia do parque.

A superficie da zona III de uso xeral é de 56,82 hectáreas».

Dous. Modifícase o artigo 4 do Decreto 148/1992, do 5 de xuño polo que se aproba a o Plan de ordenación dos recursos naturais do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, que queda redactado así:

«Artigo 4

Para a consecución dos obxectivos previstos no Plan de ordenación dos recursos naturais establécese unha normativa de protección, específica para cada zona.

1. Usos permitidos.

Zona I de uso limitado.

a) A circulación a pé libremente por aquelas sendas e camiños habilitados para tal efecto.

Zona II de uso compatible.

a) No referido ao mosaico agrario, permitiranse aqueles usos de carácter tradicional que non supoñan unha afectación significativa da conservación dos valores naturais.

b) As actividades recollidas nos instrumentos de ordenación ou xestión forestal aprobados conforme a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, co informe favorable do

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

organismo competente en materia de patrimonio natural e que non supoñan unha redución do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

c) O acceso a pé á praia sempre que se realice dun xeito racional e polas vías ou áreas autorizadas, no tempo e forma que se indique nelas, e queda prohibida a circulación fóra destas vías.

d) A realización de actividades de lecer na praia que non sexan susceptibles de provocar unha afectación sobre os compoñentes da xea e biodiversidade. Neste sentido, permítese a realización de surf e paddle surf de xeito individual.

e) Nas zonas coa calificación de núcleo rural e núcleo urbano, o mantemento e conservación das construcións e edificacións existentes e a dotación de servizos estarán sometidas ás ordenanzas municipais e á normativa urbanística de aplicación.

f) As tarefas de xestión da biomasa nas faixas primarias e secundarias, segundo o disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e tendo en conta a modificación introducida pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

Zona III de uso xeral.

a) As tarefas de xestión da biomasa nas faixas primarias e secundarias, segundo o disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e tendo en conta a modificación introducida pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

b) Nas zonas coa calificación de núcleo rural e núcleo urbano, as actuacións de conservación das construcións e edificacións, as actuacións urbanísticas e a dotación de servizos estarán sometidas ás ordenanzas municipais e á normativa urbanística de aplicación.

2. Usos autorizables.

Zona I de uso limitado.

a) No referido a actividades agrarias, aquelas actividades tradicionais que non causen afección negativa aos hábitats e especies de interese para a conservación.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

b) As actividades precisas para o mantemento ou recuperación dun estado favorable de conservación dos hábitats e especies de interese para a conservación.

c) As obras ou actuacións imprescindibles para a axeitada xestión do parque.

d) As actividades de investigación científica.

e) As actividades de formación e/ou divulgación relativas aos valores naturais do Parque.

f) As tarefas de xestión da biomasa nas faixas primarias e secundarias, segundo o disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e tendo en conta a modificación introducida pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

Zona II de uso compatible.

a) Nas zonas coa calificación de núcleo rural e núcleo urbano, a dotación de servizos para as construcións e edificacións existentes.

b) Nas zonas de solo rústico, as actividades de mantemento e conservación das construcións e edificacións existentes, así como a dotación de servizos.

c) Uso de biocidas de maneira controlada e sobre pequenas superficies para a loita contra pragas agrícolas, especies exóticas invasoras ou outros fins debidamente xustificados, logo de autorización por parte do organismo competente en materia de patrimonio natural.

d) As cortas e outras actuacións forestais que se vaian realizar naquelas superficies que non conten cun proxecto de ordenación de montes e plans técnicos de xestión aprobados conforme a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

e) Aquelas actividades deportivas que non sexan susceptibles de provocar unha afectación sobre os compoñentes da xea e biodiversidade.

f) As actividades precisas para o mantemento ou recuperación dun estado favorable de conservación dos hábitats e especies de interese para a conservación.

g) As actividades de investigación científica.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Zona III de uso xeral.

a) Nas zonas coa calificación de solo rústico, as actuacións de mantemento e conservación das construcións e das edificacións existentes, así como a dotación de servizos.

3. Usos prohibidos.

Zona I de uso limitado.

a) A circulación fóra dos camiños habilitados ou por outros medios que non sexa a pé.

b) Os aproveitamentos de recursos naturais, incluída a actividade forestal, excepto os aproveitamentos tradicionais de recursos mariños, que serán autorizables cando se leven a cabo de acordo co establecido pola Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, e cando non supoñan un impacto negativo sobre o estado de conservación dos ecosistemas, sobre os hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación nin as propias especies de interese para a conservación.

c) A nova construción e calquera outra obra ou actuación que modifique o medio natural, salvo aquelas indicadas na epígrafe Usos autorizables.

d) A caza e a captura ou recolección de materiais xeolóxicos, biolóxicos ou culturais, salvo en actividades de investigación autorizadas ou que teñan relación coa xestión do parque.

e) O tránsito con cans ou calquera outro animal de compañía, excepto os cans-guía e os vencellados a tarefas de rescate.

f) A navegación recreativa por calquera medio nas augas incluídas na área de uso limitado. Poderá autorizarse a navegación co fin de realizar traballos de investigación ou de xestión do parque.

Zona II de uso compatible.

a) No referido á superficie forestal:

– A plantación de especies forestais alóctonas que poidan provocar unha alteración sobre o estado de conservación dos hábitats ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– A plantación das especies consideradas como invasoras no Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.

– As talas a feito de formacións arborizadas de frondosas autóctonas, excepto cando estean estritamente vencelladas ás necesidades de xestión, restauración e sanidade vexetal, ou cando sexan estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas, infraestruturas ou propiedades.

b) A nova construción de edificios ou a ampliación dos seus volumes.

c) A caza, a pesca continental, así como a captura ou recolección de materiais xeolóxicos, biolóxicos ou culturais.

d) No referido á praia:

– O acceso de cans e outras mascotas á praia, agás os cans-guía e os cans en tarefas de rescate.

–O land windsurf, kitesurf e deportes similares.

Zona III de uso xeral.

a) Fóra das zonas coa calificación de núcleo rural e núcleo urbano, están prohibidas as novas construcións, así como a ampliación de volumes das construcións e edificacións existentes.

b) Fóra das zonas con calificación de núcleo rural e núcleo urbano, as actividades prohibidas pola lexislación sectorial en relación aos solos rústicos, a excepción daquelas que sexan consideradas como permitidas ou autorizables de acordo ás determinacións establecidas no presente plan».

Tres. O mapa de zonificación do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán queda establecido no anexo I.

Artigo 2. *Aprobación do Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán*

1. Apróbase o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

2. No anexo II deste decreto recóllese o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

3. No anexo III deste decreto recóllese a cartografía correspondente ao Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

4. A consellería con competencias en materia de conservación da natureza deberá garantir o acceso permanente na súa web á información contida no plan, incluída a cartografía, e manter actualizada a dita información cando se produzan modificacións ou revisións.

Artigo 3. *Réxime de infraccións e sancións*

O réxime sancionador aplicable será o recollido na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e, con carácter complementario, o establecido na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

Disposición derrogatoria única. *Derrogacións*

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto no presente decreto e, en particular, as letras f) e m) do número 5 do artigo 3 do Decreto 139/1992, do 5 de xuño, polo que se declara parque natural o complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (concello de Ribeira, A Coruña).

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Decreto 180/2020, do 22 de outubro, polo que se aproba o Plan de conservación do monumento natural Souto da Retorta, no concello de Viveiro (Lugo)*

Modifícase o artigo 12.«Actividades de Uso público», do Plan de conservación do monumento natural Souto da Retorta, aprobado polo Decreto 180/2020, do 22 de outubro, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o parágrafo 4 do artigo 12 do Plan de conservación do monumento natural Souto da Retorta, deixando sen contido a letra b).

Dous. Modifícase o parágrafo 5, letra b) do artigo 12 do Plan de conservación do monumento natural Souto da Retorta, deixando sen contido a subepígrafe 8.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Tres. Modifícase o artigo 12 do Plan de conservación do monumento natural Souto da Retorta, engadindo un parágrafo 6.«Limitacións ao voo», coa seguinte redacción:

«6. Limitacións ao voo.

As limitacións ao sobrevoo serán as establecidas conforme a normativa de aplicación».

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa*

Habilítase a persoa titular da consellería competente en materia de conservación da natureza para aprobar mediante orde, no ámbito das súas competencias, as disposicións precisas para o desenvolvemento deste decreto.

As ditas ordes respectarán o establecido no título III da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Disposición derradeira terceira. *Vixencia*

O Plan reitor de uso e de xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán terá unha vixencia de, como mínimo, dez anos e deberase revisar ao termo do prazo de vixencia establecido ou antes, se for necesario, conforme o estado da ciencia e da técnica ou da aplicación das medidas de seguimento que correspondan.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2021

Alberto Núñez Feijóo
Presidente


Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

ANEXO I

Zonificación

Mapa 1. Zonificación do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.



CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

ANEXO II

Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán

Índice

1. Memoria.

2. Obxectivos operativos e de xestión.

3. Zonificación.

4. Medidas de xestión.

5. Plan de xestión de emerxencias.

6. Programa de actuacións que se desenvolverán.

7. Estimación económica. Cronograma e programa económico-financeiro.

8. Sistema de seguimento e avaliación.

9. Organización administrativa.

1. Memoria.

1.1. Exposición de motivos.

O Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (no sucesivo o Parque) declarouse mediante o Decreto 139/1992, do 5 de xuño, polo que se declara parque natural o complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán (concello de Ribeira, A Coruña), cunha extensión de 996,25 ha.

Este sistema dunar, único en toda a nosa xeografía, alberga a maior duna móbil de Galicia, xunto cunha magnífica representación de diversos hábitats litorais, entre os cales destacan os ambientes dunares, entre eles o hábitat prioritario para a conservación da biodiversidade da Unión Europea «Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea 2130*», así como unha boa representación doutros hábitats costeiros como praias, rochedos litorais e marismas. Destacan tamén as dúas lagoas litorais: Carregal, de auga salobre que comuni-

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

ca co océano, e Vixán, de auga doce, que, xunto coas marismas circundantes posúen unha serie de hábitats higrófilos, nos cales destacan o hábitat de interese comunitario prioritario «Lagoas costeiras 1150*».

É unha área de importancia para as aves, non só durante as migracións senón tamén como zona de reprodución e invernada, que acolle regularmente especies infrecuentes ou de distribución moi localizada. Son particularmente destacables as poboacións nidificantes en areais e dunas de dúas especies de limícolas ameazadas en Galicia: o alcaraván común (*Burhinus oedicnemus*) e a píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*). Tamén se detectou no Parque a escribenta das canaveiras da subespecie *Emberiza schoeniclus lusitanica*, considerada en perigo de extinción en Galicia.

A herpetofauna tamén é un dos valores salientables do Parque. Destaca a presenza de especies de filiación mediterránea que se atopan moi preto do límite setentrional da súa área de distribución, como o sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*).

No relativo a flora, é salientable a vexetación das praias e os sistemas dunares, que albergan unhas 200 especies de fanerógamas, algunhas incluídas nos catálogos de plantas endémicas, raras ou ameazadas a nivel galego e/ou español e outras cun valor florístico ou bioxeográfico singular.

En virtude do establecido na daquela vixente Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, aprobouse o Plan de ordenación dos recursos naturais mediante o Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

Este espazo pasou no ano 2004 a formar parte da proposta definitiva da Rede Natura 2000 de Galicia, rede ecolóxica de espazos naturais europea creada pola Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre. A Rede Natura 2000 está composta polos lugares de importancia comunitaria (LIC) e zonas de especial protección para as aves (ZEPA), declaradas segundo as disposicións da Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro do 2009, relativa á conservación das aves silvestres. O Parque está incluído en espazos territorialmente mais amplos de ambas as dúas figuras, e a súa área intégrase no LIC Complexo húmido de Corrubedo (ES1110006) e na ZEPA Complexo litoral de Corrubedo (ES0000313). Estes espazos foron declarados zonas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN) polo Decreto 72/2004, do 2 de abril,

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

figura de espazo natural protexido establecida ao abeiro da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, no día de hoxe substituída pola categoría espazo protexido Rede Natura 2000 pola Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. O Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación dos lugares de importancia comunitaria (ZEC) e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia, transforma o LIC Complexo húmido de Corrubedo na ZEC Complexo húmido de Corrubedo (ES11110006) establece unha serie de obxectivos de conservación tanto para os LIC como para as ZEPA, entre elas a ZEPA Complexo litoral de Corrubedo (ES0000313), ao tempo que establece o Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia como instrumento para a conservación, planificación e xestión dos espazos da Rede Natura 2000.

No ámbito do parque superpóñense, ademais, as figuras de zona húmida Ramsar (incluído en decembro de 1989 na Lista de zonas húmidas de importancia internacional do Convenio de Ramsar como Complexo das praias, duna e lagoas de Corrubedo) e zona húmida protexida (Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico das zonas húmidas protexidas e se crea o *Inventario de zonas húmidas de Galicia*).

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.30 faculta a Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos espazos naturais. Neste sentido, a Lei 5/2019, do 2 de agosto, establece que o Plan reitor de uso e xestión (PRUX) é o documento de xestión para os parques e as reservas naturais, enmarca os contidos básicos e a súa vixencia.

En consecuencia, o presente PRUX redáctase en consonancia cos requisitos establecidos pola normativa estatal (Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade), autonómica (Lei 9/2001, do 21 de agosto e Decreto 37/2014, do 27 de marzo) e a normativa da Unión Europea (Directiva 92/43/CEE, Directiva 2009/147/CE), así como en relación cos obxectivos establecidos nas figuras de áreas protexidas de ámbito internacional que inciden no territorio. Neste sentido, cómpre sinalar que este decreto xa estaba en tramitación no momento da aprobación da Lei 5/2019, do 2 de agosto, polo que se continuou a súa tramitación conforme a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de acordo co disposto na disposición transitoria sétima da Lei 5/2019, do 2 de agosto.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

1.2. Situación xeográfica.

O Parque atópase na zona costeira entre as rías de Muros e Noia e a Ría de Arousa, no extremo occidental da Península do Barbanza. A superficie do Parque (996,25 hectáreas) inclúese por completo no concello de Ribeira, provincia da Coruña (mapa 1 do anexo III).

1.3. Ámbito de aplicación do PRUX.

O presente Plan reitor de uso e xestión será de aplicación en todo o territorio do Parque, segundo os límites establecidos no Decreto 148/1992, do 5 de xuño.

Os límites xeográficos do Parque son polo norte a Vila de Corrubedo e a estrada de acceso a esta desde Artes; polo sur o camiño que une a parroquia do Vilar con Liboi ata punta Corbeiro; polo leste o camiño que comunica as parroquias de Artes e O Vilar; e polo oeste o Océano Atlántico. Estes límites quedan expresados graficamente no mapa 1 do anexo III.

1.4. Alcance e efectos.

O PRUX terá carácter vinculante e, de acordo co artigo 19 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, o PRUX prevalecerá sobre o plan urbanístico e ordenación do territorio. Cando as súas determinacións sexan incompatibles coas da normativa urbanística en vigor, os órganos competentes revisarán esta última de oficio.

As determinacións do PRUX aplicaranse sen prexuízo da lexislación agraria, forestal, de augas e demais normativa sectorial. No caso de contradición entre diferentes normas, será de aplicación aquela de carácter máis protector sobre os valores naturais do parque.

1.5. diagnose. prognóstico e potencialidades.

O Parque sitúase entre as rías de Muros e Noia e Arousa e consiste, en boa medida, nun cordón de praia de 5 quilómetros de lonxitude, con extensos sistemas eólicos asociados, e unha marisma salobre que se desenvolve sobre un *lagoon* case totalmente entullado (Carregal). A única conexión entre a marisma-*lagoon* e o mar é a boca denominada Río do Mar. Existe ademais unha lagoa de auga doce (Vixán) separada do mar polo cordón dunar. A este sistema engádense terreos circundantes de orixe xeomorfolóxica mixta ou exclusivamente continental.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

1.5.1. Xeoloxía e xeomorfoloxía.

O extremo oeste da península do Barbanza, no cal se sitúa o Parque, aséntase sobre unha zona de contacto entre rochas plutónicas e metasedimentarias (mapa 2 do anexo III). Na parte norte do Parque, o substrato rochoso está formado por un granito fino-medio de dúas micas, coñecido como *granito de Corrubedo,* que presenta frecuentes xenolitos biotíticos e enclaves de metasedimentos. É unha variante do granito do Barbanza, de gran máis groso e que se estende ata o norte de Galicia. Trátase dun granito parautóctono (granito alcalino pouco intrusivo) que non orixina minerais de metamorfismo de contacto no linde cos xistos situados máis ao sur.

Sobre a súa cronoloxía, predominan os granitos tardihercínicos, con apenas mostras de granitos hercínicos en zonas do extremo nordeste e noroeste do Parque. Os xistos aparecen no centro e sur do Parque. Pertencen a unha serie metasedimentaria non migmatizada que ocupa o extremo suroeste da península do Barbanza e outras localidades da vertente sur desta e gran parte da Illa de Arousa.

Existen fallas coñecidas no extremo sueste do Parque (dúas con orientación noroeste-sueste), e otra coñecida e unha suposta coa mesma orientación noroeste-sueste no extremo norte do Parque.

A antiga rasa litoral (con 7500 a 10000 anos de antigüidade, aproximadamente) identifícase dentro do parque apenas en zonas elevadas entre as lagoas de Carregal e Vixán.

Boa parte da superficie do Parque (arredor do 45 %) preséntase cuberta por materiais cuaternarios, principalmente depósitos de area que forman praias, dunas e cordóns litorais. A actividade eólica intensa é a responsable do desenvolvemento das diferentes formacións areosas, entre as cales destaca a gran duna móbil. Este é un exemplo de duna transversal, que está avanzando progresivamente cara ao nordés, especialmente na súa zona central. O 83 % da súa superficie experimentou nas últimas décadas notables variacións na súa altura, apenas aumentando (progresando) na súa fronte nordeste.

Toda a zona dunar e de praia do Parque presenta un gran dinamismo que afecta a situación, extensión, forma e composición dos diferentes elementos; deste xeito, nos 30 anos anteriores á década de 1980 prodúcese unha etapa de sedimentación neta de ata 3 metros nalgúns puntos, así como procesos recentes de retroceso da praia e, como xa se mencionou, na duna.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

A incidencia do vento sobre os depósitos areosos arrastra area ladeira arriba no extremo norte do Parque que cobre parcialmente o substrato rochoso granítico e orixina dunas remontantes, colonizadas na actualidade por piñeirais.

Os cordóns litorais impiden o normal desaugamento dos cursos de auga que desembocan entre Corrubedo e a Punta da Graña, dando orixe á formación de zonas de marisma e á lagoa de Vixán. O *lagoon* de Carregal, na actualidade illado do mar salvo pola boca do Río do Mar, era alcanzado en épocas pasadas polos temporais, que atravesaban os depósitos areosos, e favorecían o seu entullamento.

No tramo final dos cursos fluviais, especialmente do río de Artes, o río Longo e o río da Cidade, e na lagoa de Vixán, atópanse depósitos de orixe aluvial (9 % da superficie).

A extensión dos depósitos cuaternarios no Parque fai que unicamente afloren as rochas subxacentes na súa periferia, que ocupan un 4 % da superficie no caso do granito (unha estreita franxa no extremo norte) e o 25 % no caso dos xistos (no leste e sur).

Así mesmo, destaca na zona do Río do Mar a existencia de paleoturbeiras litorais, elemento de elevado valor e de moi restrinxida presenza costeira que conserva, por unha banda, información sobre os cambios na biodiversidade acoplados aos cambios ambientais pasados e, pola outra, achegan información sobre a dinámica do medio litoral.

En concreto, as paleoturbas do areal de Corrubedo permitiron establecer o inicio da formación da praia actual hai uns 2000 anos, asociado a un aumento relativo do nivel do mar promovido por procesos tecto e glacio-eustáticos, así como coñecer a capacidade de resiliencia do sistema.

1.5.2. Clima.

O territorio do Parque forma parte do macrobioclima temperado submediterráneo, bioclima hiperoceánico subhiperoceánico e atópase no termotipo termotemperado superior e no ombrotipo subhúmido inferior. O clima do Parque caracterízase, por tanto, polas elevadas precipitacións, a débil oscilación térmica e o importante déficit hídrico estival.

Dentro do Parque atópase unha estación meteorolóxica situada preto do centro de interpretación Casa da Costa a unha altitude de 30 m sobre o nivel do mar. A estación foi dada de alta no mes de febreiro do ano 2000.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

A temperatura media anual oscila en torno aos 15ºC, cunha tendencia a aumentar ao longo do período 2001-2019. Especialmente significativo é o aumento da temperatura media das máximas, cun valor medio de 19ºC, que aumentou ao redor de 1ºC neste período. Nos últimos cinco anos superouse o valor medio para este valor.

A temperatura máxima rexistrada no período 2000-2019 foi de 39ºC no 2016, e o ano 2017 foi o que acumulou maior número de horas de sol, 2503.

No período 2001-2019 unicamente se rexistrou 1 día de xeada e a temperatura mínima rexistrada foi 0ºC. A temperatura media das mínimas sitúase en 11,8ºC, como corresponde a invernos suaves temperados pola presenza do mar.

As precipitacións anuais, cunha media de 1.035 l/m^2, amosan tamén certa tendencia a aumentar neste período. O ano máis chuvioso foi 2015, con 1.581 l/m^2, que foi tamén o ano con maior número de días de chuvia (192).

En canto ao réxime de ventos, atendendo aos datos proporcionados pola estación meteorolóxica de Corrubedo, obsérvase unha marcada variación estacional:

– Durante o inverno prodúcense frecuentemente os ventos máis intensos debido á frecuencia das borrascas que se producen durante este período. As direccións de procedencia destes ventos confínanse entre o primeiro e terceiro cuadrante.

– Na primavera, aínda que os patróns de vento tenden a parecerse aos de inverno, empezan a darse ventos máis débiles noutras direccións.

– No verán os ventos son débiles e comezan a ser frecuentes os ventos do noroeste.

– Xa no outono, vólvense a dar os fortes ventos procedentes do terceiro cuadrante.

En xeral, aínda que o vento está uniformemente repartido entre as diferentes direccións, os ventos máis fortes proveñen do terceiro cuadrante. Respecto ás velocidades, un 70 % do tempo é menor dos 5 m/s, e os ventos maiores de 10 m/s son só un 5 %.

Un dos maiores retos a que se enfronta actualmente a humanidade é o cambio climático, tanto para ser capaces de predicir os seus efectos como tomar medidas para combatelos.

No último medio século, a temperatura media anual estimada no concello de Ribeira aumentou 2,2ºC (1960-2018) e continuará con esta tendencia crecente cara a finais de

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

século, cando pode aumentar outros 2ºC máis. Espérase un déficit de precipitación anual de entre un 5 % e un 10 %, máis acusado no verán (superior ao 35 %).

No ámbito do Parque, como consecuencia do cambio climático, é esperable un retroceso da praia e unha erosión da duna primaria que implicaría unha perda de fonte de sedimentos para a duna móbil, coa conseguinte perda de volume, así como unha maior mobilidade da area en dirección terra dentro. A configuración das áreas dominadas pola dinámica da area, pode, por tanto, experimentar cambios nos vindeiros anos.

Considérase que as zonas máis vulnerables ao cambio climático son as zonas costeiras, zonas húmidas e cursos de auga permanentes e estacionais, que terán un caudal máis irregular ou mesmo desaparecerán.

Tamén se espera un aumento de eventos extremos como:

– Inundacións: poden producir perdas materiais. Céntranse nas zonas de desaugamento dos cursos fluviais, marisma e áreas asolagables na contorna das zonas húmidas, especialmente da lagoa de Vixán.

– Temporais e treboadas: poden provocar caída de árbores e outros elementos, corte de vías de comunicación, danos en construcións e illamentos de poboacións ou persoas, debido aos danos ocasionados no medio; impacto de lóstregos.

– Chuvias intensas e persistentes: poden presentar efectos semellantes aos dos puntos anteriores, ao que habería que sumar o risco de corrementos e arrastre de terras, especialmente en áreas sen protección vexetal por incendios, arroteamentos recentes, etc.

1.5.3. Hidroloxía.

Segundo a información recollida no Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, a área que abrangue o Parque localízase no sistema de explotación número 5, Río Ulla e Ría de Arousa (marxe dereita). Dentro do ámbito do Plan reitor de uso e xestión atópase a presenza de varios cursos fluviais:

• No que respecta aos cursos fluviais, atópase a masa de auga superficial continental tipo río Río Artes (código de masa de auga ES.014.NR.224.004.01.00). Segundo a última valoración do estado dispoñible, esta masa de auga atópase en estado peor que bo.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

• No que respecta ás masas de auga de transición, no ámbito deste documento sitúase a masa de auga Corrubedo (Artes-Carregal) (código de masa de auga ES014MSPF30). Segundo a última valoración do estado dispoñible, esta masa de auga atópase en estado peor que bo.

En canto ás augas subterráneas, no ámbito concreto do espazo protexido atópase a masa de auga codificada como ES014MSBT014.003 (A Barbanza), que segundo a última valoración dispoñible acada o bo estado.

No Parque non se atopan ríos de grande importancia senón pequenos cursos fluviais que verten as súas augas nas zonas húmidas costeiras de Vixán e Carregal; as dúas zonas húmidas teñen unha orixe natural, o mesmo que as súas cubetas. A entrada da auga é de carácter natural e mixta, con achegas pluviais, continentais (escorremento, fluvial) e mareais. O réxime de precipitacións xeral e a topografía do terreo favorecen a existencia dun importante nivel freático que ve freado o seu discorrer cara ao mar polo complexo dunar, e forma unha zona húmida de tipo praia-barreira-*lagoon*.

As lagoas costeiras, separadas total ou parcialmente do océano por importantes depósitos areosos, constitúen un dos hábitats de maior interese para a conservación dentro da rexión bioxeográfica atlántica, tanto polo reducido número de medios lacunares de carácter natural que persisten na actualidade como pola súa reducida superficie. Ademais da súa singularidade e importancia bioxeográfica, as lagoas costeiras xogan un papel fundamental na dinámica hidrolóxica das áreas costeiras, ao tempo que albergan unha complexa variedade de organismos hidrófilos e higrófilos.

A importancia dos medios lacunares costeiros determina a súa consideración como hábitat prioritario, e de modo global ao medio lacunar asígnaselle o tipo Nat-2000 1150* Lagoas costeiras. No territorio galego está documentada a presenza de 14 lagoas costeiras, todas elas situadas na fachada atlántica e repartidas ao longo da costa das provincias da Coruña e Pontevedra.

O complexo húmido de Corrubedo constitúe un exemplo excepcional dentro das zonas húmidas costeiras na rexión bioxeográfica atlántica pola extensión das praias de area e sistemas dunares, a vexetación de marismas e a presenza de dous sistemas lacunares que se corresponden con diferentes tipoloxías de lagoas costeiras.

A lagoa de Vixán presenta cara ao interior un denso canaval de *Phragmites australis* que ocupa a maior parte do medio eulitoral e supralitoral. Cara á liña de costa, o canaval é

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

substituído por formacións de xuncais (Nat-2000 1330, 1410) e en menor medida por herbais húmidos (Nat-2000 6430). A entrada de auga é de carácter natural e mixta, con achegas pluviais e continentais (escorremento, fluvial) e a súa conexión non permanente co mar prodúcese a través da canle de desaugamento que discorre en zigzag a través do sistema dunar ata alcanzar a praia. A conexión desta lagoa co mar sufriu diversas alteracións de orixe antrópica que tiveron importantes implicacións no seu funcionamento e estado actual, xa que a entrada da auga de mar se producía de xeito forzado ao abrir artificialmente o desaugadoiro da lagoa para permitir a drenaxe dos terreos estremeiros e favorecer o seu aproveitamento agropecuario. Este comportamento provocou o mantemento dun réxime de salinidade alterado nas augas da zona húmida ata o ano 2007, en que se limitaron estas prácticas, o que supuxo a volta do sistema a unhas condicións de salinidade máis acordes coa súa configuración morfolóxica, pero que aínda manteñen na auga unha concentración de sales de características oligohalinas. A ausencia de manipulación a partir de 2007 da barra areenta que separa a lagoa de Vixán do océano propiciou tamén o mantemento dunha lámina de auga permanente, evitando así o importante estres que impón a retracción extrema tanto da área de auga libre coma da súa profundidade para as comunidades que a habitan (aves, anfibios, peixes, macrófitos, invertebrados, fito e zooplancto) non só provocado pola redución física do hábitat (en área e volume) senón polas condicións da auga remanente, a orixe da cal queda limitada ás entradas fluviais desde o rego do Vilar e á escasa precipitación característica da época estival.

A lagoa de Carregal, en contraposición coa de Vixán, é un sistema con conexión permanente e aberta co mar, o que permite a entrada sen restrición da auga mariña en marea alta e a saída das achegas fluviais que recollen as augas da vacía en marea baixa a través da canle mareal, pola que circula auga permanentemente. As achegas de auga continental son de orixe mixta (escorremento, fluvial), estando a lagoa alimentada por un pequeno río (río de Artes), que accede a esta tras recibir o efluente procedente da depuradora de augas residuais. Ese sistema ocupa un espazo irregular delimitado entre a marisma e o sistema dunar. A parte proximal á liña de costa corresponde morfoloxicamente cunha canle estuarina, de grande largura e meandriforme, tapizada por un depósito areento.

As lagoas costeiras caracterízanse comunmente pola súa elevada produtividade debido ao feito de que son áreas cun intercambio restrinxido co océano e, por tanto, tenden a acumular os nutrientes achegados pola bacía que as enmarca. En consecuencia, estas zonas húmidas son particularmente vulnerables á deterioración na calidade da auga e á eutrofización, que adoita estar causada por un rápido enriquecemento en nutrientes (nitróxeno e fósforo) como consecuencia de certas actividades antrópicas. Estes nutrientes promoven o

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

crecemento do fitoplancto, o que pode inducir aparicións potenciais de afloramentos algais ou *blooms*.

Existen outras pequenas masas de auga dentro do Parque Natural: a poza de Olveira, de singular importancia como punto de presenza de *Emys orbicularis*, especie ameazada en Galicia, e a pequena charca dunha antiga canteira fronte á Casa da Costa. Ambos os dous son puntos de reprodución de anfibios como *Pelobates cultripes.*

1.5.4. Solos.

O Parque amosa unha secuencia característica dos solos dos complexos sedimentarios e áreas hidromorfas anexas. Nos depósitos cuaternarios da área litoral, a achega de sedimentos mariños cara ao continente supera os fenómenos de exportación desde este cara ao mar. Nestas condicións prodúcense importantes acumulacións de sedimentos de textura areosa cun alto contido en restos orgánicos carbonatados (bioclastos). A pesar de que nestas situacións o nivel nutricional dos solos é máis elevado que noutros solos da contorna, a súa baixa capacidade de retención de auga limita grandemente o crecemento da vexetación. Fórmanse arenosois álbicos e háplicos sobre os depósitos areosos costeiros e, no caso dos depósitos de maior idade (Terciario-Cuaternario inicial e medio), tenden a formarse solos de cor vermella encadrables nos luvisois, alisois e acrisois.

Nos sedimentos continentais máis recentes, asociados ás terrazas de inundación dos principais ríos e regatos do Parque, aparecen fluvisois (dístricos, úmbricos, tiónicos ou sálicos). Na marisma do Carregal aparecen outros exemplos de fluvisol: hístico-prototiónico nos bordos de marisma, de prototiónico-endosódico en depresións, de estágnico-endosódico en cubetas e prototiónico-endosódico nas chairas intermareais.

Tras o complexo sedimentario, esténdese unha superficie de escasa pendente en que se desenvolven solos fértiles e nalgúns casos profundos, de tipo cambisol dístrico. A escasa pendente favorece tamén o asolagamento temporal e a aparición de trazos de gleyzación nos perfís edáficos, incluso nos depósitos de textura máis ou menos areosa. En casos extremos, cando se trata de depósitos arxilosos, existe unha limitación practicamente total para o aproveitamento agrícola, xa que os solos son extremadamente pesados e permanecen inundados case todo o ano.

Nas ladeiras dos montes circundantes, con maiores desniveis, os solos vólvense esqueléticos e pobres e aflora con frecuencia o substrato rochoso e dominan os leptosois líticos e regosois. Os solos sobre rochas graníticas adoitan ter unha profundidade media ou

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

escasa, con texturas areosas que facilitan a percolación da auga cara aos niveis inferiores dos perfís e as partes baixas das vertentes. Polo xeral, os valores de pH oscilan entre 4,5 e 5,0. Os solos máis habituais son os leptosois (líticos e úmbricos) e os regosois (úmbricos policíclicos). Estes solos non presentan evidencias de desenvolvemento de horizontes medios, case sempre cun só horizonte A no perfil sobre a rocha nai, se son, por tanto, moi pouco profundos, e debido a que ocupan as posicións fisiográficas máis inestables están sometidos a continua erosión. Aínda que máis raros, tamén é posible atopar solos evolucionados de tipo cambisol (húmico, dístrico ou gleyco) sobre rochas graníticas nas zonas de menor pendente.

En canto aos solos desenvolvidos sobre rochas metamórficas ricas en cuarzo (silíceas), debido ao baixo grao de metamorfismo que afectou este tipo de rochas, a súa alteración química progresa lentamente, sendo máis importante nos procesos de formación de solos a súa meteorización física, que penetra en profundidade grazas á acción de axentes erosivos e a mobilización ladeira abaixo dos clastos por erosión hídrica. Consecuentemente, a formación de solos profundos soamente se produce nos casos de menor contido en minerais resistentes e en posicións topográficas con pouca pendente, nas cales é posible atopar cambisois (húmicos, dístricos, ferrálicos ou gleycos), mentres que no resto das situacións predominan os leptosois e regosois.

O solo non é un medio abiótico, unha vez que se desenvolven distintas biocenoses edáficas nos diferentes tipos de solo do Parque. Son de especial relevancia en cambisois húmicos (altamente diversa e con gran densidade de individuos, desde fungos e bacterias ata oligoquetos e pequenos insectos) e tamén en fluvisois, ben que estas biocenoses están pendentes dun estudo máis profundo no seo do Parque.

1.5.5. Medio humano.

Os restos arqueolóxicos evidencian a existencia de asentamentos humanos na zona desde a prehistoria. Dentro do Parque Natural, e especialmente nos bordos sur e norte, existen numerosas vivendas vinculadas ás aldeas da Graña (parroquia de Carreira), A Agra (Carreira), Vixán (Carreira), O Vilar (Carreira), Casalnovo (Artes), Goda (Artes), As Boucinas (Artes), As Viñas (Artes), A Ponte (Artes), Sirves (Olveira), A Eirexa (Olveira) e Pedra do Pino (Olveira). Das nove parroquias que compoñen o concello de Ribeira, só catro presentan parte da súa superficie dentro do Parque: a parroquia de San Paio de Carreira, con 2255 habitantes, a de San Xián de Artes, con 802, a de Santa María de Olveira, con 1277, e a de Santa María de Corrubedo, con 746 habitantes. Non se dispón de información detallada da presenza de poboación permanente ou temporal dentro do Parque, pero po-

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

demos estimar que hai unha poboación permanente dunhas 350 persoas en 223 vivendas contabilizadas dentro dos terreos do Parque, e de ata 325 contando coas que residen temporalmente.

Os impactos históricos sobre o Parque desta urbanización foron importantes no seu momento, debido á alteración de hábitats naturais para a construción das vivendas e vías, saneamento, subministracións de auga e electricidade asociadas, ademais da introdución de especies exóticas de flora, uso de agroquímicos contaminantes e herbicidas e rozas en xardíns e nos seus arredores.

As zonas de cultivo do Parque foron modeladas ao longo de centos de anos pola acción humana, adaptando o relevo local para lograr unha correcta morfoloxía das agras de cultivo e prados de sega. Moitos deles son regados por un sistema complexo de canles, denominados *cólcavas* ou *corcovas*.

A carga gandeira, vinculada ás actividades humanas na zona, foi moi variable segundo o grupo e a década considerada: nos anos 50 e 60 houbo ata 215 vacas pastando no parque, que foron diminuíndo en número nas seguintes décadas (unhas 50 no cambio de século), ata as últimas dúas que pastaban nos últimos anos no Vilar-A Graña. No caso das ovellas, mantívose un total de 100 efectivos na zona de Olveira ata a pasada década. O número de cabalos mantívose estable en 5-10 xa desde os anos 50 ata a actualidade.

Outros impactos relacionados coa actividade humana son a degradación (contaminación, canalización, eliminación de vexetación) de regatos, molestias á fauna, tripamento de flora sensible. O abandono de actividades humanas está tamén a afectar a zonas de interese natural dentro do Parque Natural: entullamento de *cólcavas* ou *corcovas*, tapado de pozos artesanais importantes para anfibios (por exemplo a metade dos abertos na zona do Vilar), conversión de antigas parcelas de cultivo e de prados de sega en matogueira ou a derruba de muros secos.

1.6. Hábitats de interese para a conservación.

1.6.1. Inventario de hábitats de interese do Parque.

O anexo I da Directiva 92/43/CEE engloba 231 tipos de hábitats de interese comunitario, dos cales 72 tipos son considerados como hábitats prioritarios. O Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000, recoñece a

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

presenza en Galicia de 72 tipos de hábitats de interese comunitario (33 %), dos cales 18 son considerados como prioritarios (25 %).

A superficie do Parque intégrase por completo na ZEC Complexo húmido de Corrubedo (ES1111006), polo que a información para esta ZEC recollida no Plan director da Rede Natura 2000 foi a referencia para o estudo deste no campo. Os hábitats incluídos no Parque son os seguintes (sinálanse cun asterísco os hábitats prioritarios).

Código	Tipo de hábitat
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.
1130	Esteiros.
1140	Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertas de auga na baixamar.
1150*	Lagoas costeiras.
1160	Grandes calas e baías pouco profundas.
1170	Arrecifes.
1210	Vexetación anual sobre argazos.
1220	Vexetación perenne de coídos.
1230	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
1310	Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areentas.
1330	Pasteiros salinos atlánticos (Glauco-Puccinellietalia maritimae).
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticos.
2110	Dunas móbiles embrionarias.
2120	Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
2130*	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises).
2150*	Dunas fixas descalcificadas atlánticas (Calluno-Ulicetea).
2190	Depresións intradunares húmidas.
2230	Dunas con céspedes do Malcomietalia.
2260	Dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia.
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de Littorelletea uniflorae e/ou Isoeto-Nanojuncetea.
3150	Lagos eutróficos naturais con vexetación Magnopotamion ou Hydrocharition.
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de Ranunculion fluitantis e Callitricho-Batrachion.
4020*	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica cillaris* e *Erica tetralix*.
4030	Queirogais secos europeas.
5230*	Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis*.
6220*	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do Thero-Brachypodietea.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Código	Tipo de hábitat
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limónicos (Molinion caeruleae).
6420	Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do Molinion-Holoschoenion.
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino.
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).
7210*	Turbeiras calcáreas de *Cladium mariscus* e con especies do Caricion davallianae.
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica.
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo-Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicion dillenii.
8330	Furnas mariñas.
91E0*	Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae).

A continuación resúmese o texto descritivo de cada un dos hábitats que figuran no Manual de Interpretación dos Hábitats da UE, Manual EUR/28, adecuado á realidade do Parque:

1. Hábitats costeiros e vexetación halofítica.

11. Augas mariñas e medios mareais.

1110. Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda. Descrición: «Bancos de area» por tratarse principalmente de sedimentos areosos. «Cubertos permanentemente por auga mariña pouco profunda» quere dicir que por enriba dun banco de area a profundidade da auga rara vez superará os 20 metros. Acumulacións de area, alongadas, arredondadas ou irregulares. Habitualmente rodeados de augas máis profundas. No Parque está presente na boca do Carregal.

1130. Esteiros. Descrición: parte final dun val fluvial sometida aos fluxos mareais e que se estende ata a zona de influencia das augas salobres. Existe unha elevada influencia das augas doces e tamén gran deposición de sedimentos finos, que a miúdo configuran extensas chairas intermareais areosas e lamacentas. No Parque está presente na boca do Carregal.

1140. Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertas de auga na baixamar. Descrición: areas e lamas das costas oceánicas e as súas áreas próximas de mares e lagoas, non cubertas polas augas mariñas durante a baixamar (intermareais). A miúdo

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

zonas de grande interese para aves acuáticas. No Parque está presente no intermareal do Carregal.

1150*. Lagoas costeiras. Descrición: extensións de augas pouco profundas, de salinidade e profundidade variables, separadas total ou parcialmente do mar por barras areosas ou depósitos de cantos ou, menos frecuentemente, por afloramentos rochosos. Caracterízanse a miúdo por un gran desenvolvemento das canaveiras (*Phragmites australis*) e da vexetación acuática. No Parque está presente na lagoa de Vixán.

1160. Grandes calas e baías pouco profundas. Descrición: grandes entrantes costeiros onde, en contraste cos esteiros, a influencia da auga doce é limitada. Estas formas litorais están protexidas en boa medida da acción da ondada e conteñen unha gran diversidade de sedimentos e substratos. No Parque está presente na zona exterior da bocana do Carregal.

1170. Arrecifes. Descrición: substratos sólidos e compactos sobre fondos non consolidados ou sólidos, que afloran desde o fondo mariño na zona sublitoral e na zona litoral. Poden ser concrecións bioxénicas ou xeoxénicas. Estes arrecifes dispoñen xeralmente dunha zonación continua de comunidades bentónicas de especies de algas e animais. No Parque está presente na zona exterior da boca do Carregal.

12. Cantís marítimos e praias de coídos.

1210. Vexetación anual sobre argazos. Descrición: formacións de plantas anuais, ou anuais e perennes, que se desenvolven sobre argazos, areas e depósitos de pelouros, ricos en nitróxeno de orixe orgánica (Cakiletea maritimae). No Parque está presente de forma máis significativa nalgúns puntos do extremo norte da praia da Ladeira e no extremo sur da praia do Vilar, e pode aparecer representada de forma máis estreita e inestable por riba da liña de marea noutras zonas da praia.

1220. Vexetación perenne de coídos. Descrición: vexetación perenne de praias elevadas de coios (cantos rodados), formada por *Honkenya peploides* e outras especies perennes. No interior ou na parte superior das praias. Nos casos máis maduros e estables a vexetación pode desenvolverse baixo forma de herbais graminoides, queirogais ou formacións espiñentas. Noutros casos, nestas mesmas situacións desenvólvese un tipo de vexetación pouco frecuente dominado por liques e briófitos. No Parque está presente nalgúns puntos do extremo norte da praia da Ladeira e no extremo sur da praia do Vilar.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

1230. Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas. Descrición: hábitat típico de todos os cantís galegos, moi variables en composición e estrutura: a) as partes máis expostas do cantil presentan unha transición desde a vexetación de gretas e pequenas repisas, que ocupa as áreas máis inclinadas e próximas ao mar (Crithmo maritimi-Armerietum pubigerae), ata pasteiros marítimos densos situados na parte superior das paredes rochosas, os cumios e chanzos en que se acumula un maior grosor de solo (Silenion maritimae). No Parque está presente moi puntualmente en zona de afloramentos rochosos preto da Casa da Costa e no extremo sur da praia do Vilar.

13. Marismas e pasteiros salinos atlánticos e continentais.

1310. Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areentas. Descrición: formacións vexetais compostas predominantemente por plantas anuais, principalmente quenopodiáceas do xénero *Salicornia*, en comunidade de *Salicornietum fragilis*, que colonizan lamas e areas inundadas periodicamente de marismas ou salgais interiores. No Parque está presente na marisma do Carregal.

1330. Pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*). Descrición: pasteiros halófilos das costas do Báltico, Mar do Norte, Canle da Mancha e Océano Atlántico. Comunidade de Puccinelio maritimae-Sarcocornietum perennis. No Parque está presente na marisma do Carregal.

14. Marismas e pasteiros salinos mediterráneos e termoatlánticos.

1420. Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (*Sarcocornetea fructicosi*). Descrición: vexetación perenne de lameiras salinos mariños (*schorre*), de distribución esencialmente mediterráneo-atlántica, composta principalmente por arbustos (*Salicornia*, *Limonium vulgare*, *Suaeda* e *Atriplex*), pertencente á clase Sarcocornetea fruticosi. No Parque está presente na marisma do Carregal.

2. Dunas marítimas e continentais.

21. Dunas marítimas das costas atlánticas, do Mar do Norte e do Báltico.

2110. Dunas móbiles embrionarias. Descrición: formacións costeiras que constitúen os estadios primarios dos sistemas dunares, baixo forma de depósitos de area rizada ou ondulada situados na parte alta das praias ou a xeito de cintura cinguida ao pé dos grandes

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

sistemas de dunas. No Parque está presente na gran duna móbil e outros puntos do cordón dunar de Ladeira, Anguieiro e Vilar.

2120. Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas). Descrición: dunas móbiles que conforman a fronte dunar cara ao mar, con *Ammophila arenaria*. No Parque está presente ao longo do cordón dunar de Ladeira, Anguieiro e O Vilar.

2130*. Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises). Descrición: dunas fixas, estabilizadas e colonizadas por vexetación camefítica máis ou menos densa que crece entre alfombras de liques e brións das costas atlánticas. No Parque é característica a comunidade de Iberidetum procumbentis. No Parque está presente principalmente tras a gran duna móbil e na zona oriental do cordón dunar de Ladeira, Anguieiro e O Vilar, así como nos restantes mantos eólicos fixados.

2150*. Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*). Descrición: dunas descalcificadas que na Península Ibérica conteñen Ericion umbellatae. No Parque está presente na zona máis oriental do cordón dunar de Ladeira, Anguieiro e O Vilar.

2190. Depresións intradunares húmidas. Descrición: depresións húmidas de sistemas dunares. Estas pequenas cubetas húmidas son hábitats moi ricos e específicos altamente ameazados pola desaparición das camadas freáticas. No Parque está presente en puntos illados do cordón dunar de Ladeira, Anguieiro e Vilar.

22. Dunas marítimas das costas mediterráneas.

2230. Dunas con céspedes de Malcomietalia. Descrición: asociacións de pequenos terófitos de óptimo fenolóxico primaveral, sobre solos areosos máis ou menos profundos, nas clareiras do hábitat 2130*. No Parque está presente ao longo das dunas grises.

2260. Dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia. Descrición: matogueiras esclerófilas ou lauroides establecidas sobre dunas das rexións mediterránea e termoatlántica. No Parque está presente en puntos illados do cordón dunar de Ladeira, Anguieiro e O Vilar.

3. Hábitats de auga doce.

31. Augas estancadas.

3130. Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de Littorelletea uniflorae e/ou Isoeto-Nanojuncetea. Descrición: vexetación perenne acuática ou anfibia de

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

baixo porte que vive en lagos, lagoas, pozas, charcos temporais e interfases terra-auga de augas oligotróficas a mesotróficas pertencente á *Littorelletalia uniflorae*. Tamén se considera neste punto a vexetación anfibia anual pioneira de pequeno porte (clase Isoeto-Nanojuncetea) que crece sobre substratos pobres en nutrientes dos medios litorais de lagos, lagoas, pozas e charcos temporais ou o fondo dos devanditos medios acuáticos durante períodos de desecamento. No Parque está presente en zonas con alagamento temporal no contorno da lagoa de Vixán, ben que con condicións sempre mesotróficas e non oligotróficas.

3150. Lagos eutróficos naturais (*Magnopotamion* ou *Hydrocharition*). Descrición: lagos e pozas de augas xeralmente agrisadas ou azul-verdosas, máis ou menos turbias, especialmente ricas en bases disoltas (pH a miúdo superior a 7), con comunidades de plantas flotantes da alianza *Hydrocharition* ou, en augas libres profundas, con comunidades de grandes helófitos (*Magnopotamion*). No Parque está presente na charca de Olveira.

32. Augas correntes.

3260. Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*. Descrición: cursos de auga de caudal oscilante e corrente pouco turbulenta presentes ao longo dos pisos bioclimáticos termotemperado a supratemperado inferior e mesomediterráneo. As oscilacións do caudal e as características físicas do leito fluvial condicionan os tipos de vexetación asociada. No Parque está presente no río de Artes e probablemente tamén noutros cursos de auga do Parque.

4. Queirogais e matogueiras de zona temperada.

4020* Queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*. Descrición: urceiras húmidas de ambientes ácidos con presenza das especies higrófilas do xénero *Erica* xunto con *Calluna vulgaris*, e que no Parque ocorren en compañía do endemismo do noroeste ibérico *Genista berberidea*. Presenza puntual no Parque na comunidade Cirsio-Ericetum ciliaris, nalgunhas zonas húmidas de Artes e Olveira.

4030. Queirogais secos europeos. Descrición: queirogais mesófilos ou xerófilos sobre solos silíceos de tendencia podzólica de áreas húmidas atlánticas e subatlánticas situados en chairas e montañas baixas do oeste, centro e norte de Europa. No Parque está presente en puntos dispersos do extremo sur e leste.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

5. Matogueiras esclerófilas mediterráneas.

52. Matogueiras arborescentes mediterráneas.

5230* Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis.* Descrición: hábitat característico da rexión bioxeográfica mediterránea, tamén se estende ás rexións temperadas atlánticas características da costa atlántica. O hábitat localízase no Parque como etapas sucesionais dos bosques termófilos de *Quercus robur* e tamén en zonas de bosque con solos higrófilos de *Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior.*

6. Formacións herbosas naturais e seminaturais.

62. Formacións herbosas secas seminaturais e facies de matogueira.

6220*. Zonas subestépicas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea*. Descrición: pasteiros xerófilos abertos ricos en terófitos de territorios meso e termomediterráneos; comunidades terofíticas sobre solos oligotróficos máis ricos en nutrientes. No Parque está presente en zonas chairas parcialmente cultivadas próximas a Olveira e O Vilar.

64. Prados húmidos seminaturais de herbas altas.

6410. Prados con molinias sobre substratos calcarios, turbosos ou arxilo-limosos (*Molinion caeruleae*). Descrición: prados e xunqueiras con *Molinia caerulea* sobre solos máis ou menos húmidos con contido baixo en nutrientes (nitróxeno, fósforo). Proceden dun manexo mediante pastoreo extensivo, ás veces combinado cunha sega tardía, ou con estadios de alteración de sistemas turbosos mediante drenaxe. No Parque está presente en zonas chairas parcialmente cultivadas próximas a Olveira e O Vilar.

6420. Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinion-Holoschoenion*. Descrición: herbeiras húmidas en climas con influencia mediterránea con grandes herbas e xuncáceas, en particular en sistemas dunares. No Parque está presente en zonas chairas parcialmente cultivadas próximas a Olveira e O Vilar.

6430. Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano e alpino. Descrición: comunidades megafórbicas nitrófilas de bordos de cursos fluviais e lindeiros de bosque pertencente á orde *Convolvuletalia sepium*. No Parque está presente xunto a regatos e ríos e zonas chairas parcialmente cultivadas próximas a Olveira e O Vilar.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

65. Prados mesófilos.

6510. Prados pobres de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis, Sanguisorba officinalis*). Descrición: prados de sega ricos en especies, sobre solos lixeira a moderadamente fertilizados, pertencentes ás alianzas *Arrhenatherion* e *Brachypodio-Centaureion nemoralis*. Estes prados extensivos son ricos en especies de floración aparente e adóitanse cortar unha ou dúas veces ao ano, unha vez florecidas as gramíneas. No Parque está presente en zonas chairas parcialmente cultivadas próximas a Olveira e O Vilar.

7. Turbeiras altas, turbeiras baixas (fens e mires) e chairas lamacentas.

72. Áreas pantanosas calcarias.

7210*. Turbeiras calcarias do *Cladium mariscus* e con especies do *Caricion davallianae*. Descrición: turbeiras altas en que se interrompeu (polo xeral debido a causas antrópicas) a hidroloxía natural do volume turboso, o que provocou o desecamento da súa superficie e/ou a perda ou cambio da súa composición específica. No Parque está presente puntualmente na zona de Vixán.

8. Hábitats rochosos e covas.

82. Pendentes rochosas con vexetación casmofítica.

8220. Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica. Descrición: vexetación fisurícola de encostas rochosas silíceas. No Parque está presente nalgúns puntos con afloramentos rochosos da zona da Casa da Costa, así como do extremo sur da praia do Vilar.

8230. Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dilleni*. Descrición: comunidades pioneiras das alianzas Sedo-Scleranthion e *Sedo albi-Veronicion dillenii* que colonizan solos esqueléticos e superficies rochosas. Como resultado da súa adaptación á seca, este tipo de vexetación é de carácter aberto e está dominada por brións, liques e crasuláceas. No Parque está presente nalgúns puntos con afloramentos rochosos da zona da Casa da Costa, así como do extremo sur da praia do Vilar.

83. Outros hábitats rochosos.

8330. Furnas mariñas. Descrición: covas cubertas polo mar ou ocupadas por el, polo menos durante a preamar, incluídas as somerxidas parcialmente. Os seus fondos e pare-

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

des albergan comunidades de invertebrados mariños e algas. No Parque está presente nalgúns puntos de costa rochosa do extremo sur da praia do Vilar.

9. Bosques.

91. Bosques da Europa temperada.

91E0*. Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*). Descrición: bosques riparios de *Fraxinus excelsior* e *Alnus glutinosa* dos cursos medios e baixos da Europa temperada e boreal. Os tipos galegos pertencen á alianza Osmundo-Alnion (territorios cántabro-atlánticos e sudoccidentais ibéricos). No Parque está presente asociado a regatos en todo o terzo leste do Parque e na contorna da lagoa de Vixán. Son moi interesantes as representacións de bosque pantanoso en Sirves e A Graña, que dan continuidade á zona I de protección cara ás zonas de maior interacción cos cultivos.

1.6.2. Áreas de especial interese para a conservación de hábitats.

A zona de máxima protección, ou zona I de uso limitado, alberga practicamente a totalidade de hábitats de interese comunitario sinalados no punto anterior. Dentro desta zona de máxima protección destacan dous grandes conxuntos ambientais que son os grandes valores que caracterizan o Parque:

1.6.2.1 O sistema dunar.

O sistema eólico dunar é o conxunto ambiental máis carismático do Parque e localízase ao norte e sur da boca en posición paralela á praia. Está dominado por dunas fixas e semifixas polo efecto da vexetación e mantos eólicos inactivos vexetados, dominados por comunidades do hábitat 2130* de matos camefíticos de duna gris (*Iberidetum procumbentis*) en cuxos claros crecen pasteiros de plantas anuais de Malcolmieatalia (hábitat 2230) ricas en especies endémicas e/ou de interese para a conservación da biodiversidade, como a comunidade Violo-Silenetum. Estas zonas están separados da praia por unha faixa de 200-400 m de dunas activas con vexetación da clase Ammophiletea (hábitat 2120) e dunas non vexetadas. Inclúe na súa zona norte un amplo cordón dunar activo carente de vexetación, coñecido como duna móbil, con alturas que superan os 16 m sobre o nivel do mar. O sistema dunar esténdese desde esta zona cara ao interior na forma de depósitos eólicos correspondentes a antigos cordóns dunares transversos, agora inactivos e cubertos de

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

vexetación herbácea e arbustiva (hábitats 2130*, 2230 e 2260). Este tipo de manifestacións aparecen tamén na zona sueste do sistema dunar.

Código	Tipo de hábitat
2110	Dunas móbiles embrionarias.
2120	Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
2130*	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises).
2150*	Dunas fixas descalcificadas atlánticas (Calluno-Ulicetea).
2190	Depresións intradunares húmidas.
2230	Dunas con céspedes do Malcomietalia.
2260	Dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia.

1.6.2.2. As lagoas de Carregal e Vixán e marismas circundantes.

As lagoas do Parque son produto dun proceso de barra areosa-*lagoon*, e a lagoa do Carregal e canales relacionadas constitúen unha marisma salobre baixo influencia da marea e con predomino dos hábitats halófilos. A lagoa de Vixán tamén está conectada co mar por unha canle, ben que a auga mariña só penetra de forma significativa nas mareas equinocciais ou nas fortes treboadas, polo que a caracterizan diversos hábitats de auga doce, ben que na actualidade, e debido á desaparición dos usos agropecuarios tradicionais, estes hábitats están empobrecidos e con frecuencia substituídos por masas densas de canas (*Phragmites australis*).

Código	Tipo de hábitat
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.
1130	Esteiros.
1140	Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertas de auga na baixamar.
1150*	Lagoas costeiras.
1310	Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
1330	Pasteiros salinos atlánticos (Glauco-Puccinellietalia maritimae).
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (Sarcocornetea fructicosae).
2130*	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises).
2230	Dunas con céspedes do Malcomietalia.
2260	Dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia.
3260	Ríos, de pisos basal a montano con vexetación de Ranunculion fluitantis e Callitricho-Batrachion.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Código	Tipo de hábitat
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limososs (Molinion caeruleae).
6420	Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do Molinion-Holoschoenion.
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chairas e dos pisos montano a alpino.
7210*	Turbeiras calcarias do *Cladium mariscus* e con especies do Caricion davallianae.

Nas áreas de relación entre dunas e lagoas localízanse espazos de elevado interese, cordóns intradunares, con presenza de gran diversidade de especies do xénero *Limonium,* entre os cales se inclúen os raros *L. dodartii e Limonium ×neumanni.* Nestes currais intradunares tamén destacan as importantes poboacións *de Chamaesyce peplis.*

Como extensións destes conxuntos principais atopamos áreas de transición cara a espazos con maior manexo que tamén se inclúen dentro da zona I de uso limitado por presentaren diversos hábitats de interese prioritarios e especies singulares, pola súa rareza a nivel global ou rexional, como as especies do CGEA, *Schoenoplectus pungens* e *Spiranthes aestivalis*, ou non catalogadas mais moi raras en Galicia como *Epipactis palustris.*

En zonas húmidas marxinais aparecen pequenas formacións de bosque inundable, que permite a presenza de especies raras en Galicia, como *Carex riparia* ou o fento *Thelypteris palustris*, e que é asignable ao hábitat 91E0*, de bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno-Padion), e no cal a principal asociación vexetal presente sería Carici lusitanicae-Alnetum glutinosae.

A conservación do equilibrio destes hábitats está moi relacionada co manexo tradicional que se ten realizado deles, e obsérvase que o abandono prácticas agrícolas pode estar favorecendo a expansión de canaveiras de *Phragmites australis*, polo que é necesario abordar experiencias de manexo para o mantemento dalgún dos hábitats de interese.

Outro dos principais problemas de conservación actuais nestas áreas está relacionados coa presenza de especies exóticas (*Spartina patens* e *Arundo donax)*.

1.6.3. Ameazas á conservación dos hábitats de interese no Parque.

Os hábitats no seu conxunto experimentan a miúdo degradacións provocadas por causas naturais ou, o que é máis frecuente, pola man dos seres humanos. Identificar primeiro as ameazas que pairan sobre os hábitats e o grao de afectación destes, sintetizar os obxectivos para lograr un estado de conservación aceptable dos mesmos, definir as actuacións

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

que implantar e deseñar un calendario de seguimento do éxito das ditas actuacións son os pasos clave para lograr unha conservación efectiva destes elementos naturais do Parque.

Para avaliar as ameazas á conservación dos hábitats emprégase o sistema de clasificación de «presións» e «ameazas» establecido pola Comisión Europea. Esta táboa detallarase conxuntamente coas ameazas ás especies no punto 1.7.4.

1.7. Especies de especial interese para a conservación.

1.7.1 Fontes de información.

Realizáronse mostraxes específicas para diversos grupos taxonómicos entre decembro do 2017 e xullo do 2018. Ós datos obtidos engadíronselle aqueles recompilados en diferentes informes cuxo ámbito territorial incluía polo menos os límites do Parque, ao que se lle engadiron os datos provenientes de atlas de biodiversidade, noticiarios e redes de seguimento de ámbito autonómico ou estatal. Igualmente, incluíronse os datos publicados en revistas científicas, así como os orixinados nos inventarios de organismos oficiais.

1.7.2. Conservación das especies de interese no Parque.

O Parque é dos ecosistemas litorais con maior riqueza de flora e de comunidades vexetais ben conservadas de Galicia, que lle confiren un carácter de orixinalidade e rareza digno de mención. O catálogo de flora rolda os 1000 taxons, o que representa unha cifra moi importante tendo en conta a especificidade ecolóxica deste tipo de medios, e inclúe un gran número de endemismos ibéricos occidentais e numerosos taxons ameazados en Galicia.

En todo caso, para garantir a preservación destes taxons é necesario desenvolver plans de conservación específicos dentro do Parque, cuxas liñas mestras se abordaran no apartado 4.4. No caso daquelas especies do Catálogo galego de especies ameazadas as referencias serán os plans de conservación e/ou recuperación correspondentes unha vez aprobados.

1.7.2.1. Flora.

O catálogo de flora vascular do Parque rolda as 1000 especies, 9 delas son de especial interese para a súa conservación, por estaren incluídas ou na directiva hábitats ou no Catálogo galego de especies ameazadas.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Considéranse os seguintes códigos: anexos da Directiva 92/43/CEE [Directiva 92/43/CEE]: especie prioritaria [P], anexo II [II], anexo IV [IV], anexo V [V]. Categorías do catálogo español de especies ameazadas [CEEA]: en perigo de extinción [EN]. Vulnerable [VU]. Especie da listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial non recollida no Catálogo español de especies ameazadas [PE]. Categorías do Catálogo galego de especies ameazadas [CGEA]: en perigo de extinción [EN]. Vulnerable [VU]. Taxons e poboacións catalogadas susceptibles de aproveitamento discreto, anexo III [III].

Especie	D 92/43/CEE	Berna	CGEA	CEEA
Alyssum gallaecicum (antes *A. loiseleurii*)			VU	
Chaetopogon fasciculatus subsp. *postratus*			EN	
Dryopteris guanchica			VU	
Iberodes littoralis (antes *Omphalodes littoralis*)	II	I	EN	EN
Limonium dodartii			EN	
Narcissus triandrus subsp. *triandrus*	II, IV	I		
Rumex rupestris	II		EN	
Schoenoplectus pungens (antes *Scirpus pungens*)			EN	
Spiranthes aestivalis	IV		VU	

Na listaxe de carácter científico Lista vermella da flora vascular española (LRFVE) a maioría destas especies tamén están incluídas; non se recollen *Narcisus triandrus* subsp. *triandrus* nin *Spiranthes aestivalis* e inclúense dúas que non teñen protección legal (*Spergularia australis* e *Chamaesyce peplis*):

Especie	LRFVE
Alyssum gallaecicum (antes *A. loiseleurii*)	VU
Chaetopogon fasciculatus subsp. *postratus*	CR
Dryopteris guanchica	VU
Iberodes littoralis (antes *Omphalodes.littoralis*)	EN
Limonium dodartii	CR
Rumex rupestris	EN
Spergularia australis	EN
Chamaesyce peplis	VU

Destaca no Parque, en primeiro lugar, a vexetación das praias e os sistemas dunares. Estes medios albergan unhas 200 especies de fanerógamas, algunhas incluídas nos catá-

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

logos de plantas endémicas, raras ou ameazadas a nivel galego e/ou español e outras cun valor florístico ou bioxeográfico singular. Aínda que a vexetación de cabeceira de praia e das primeiras frontes dunares (dunas primarias e secundarias) está moi ben representada, destaca especialmente a vexetación propia das dunas terciarias e das dunas estabilizadas, localizada nas zonas máis ou menos afastadas do mar e máis protexidas, e composta por un complexo mosaico en que dominan especies anuais (terófitos) e pequenos arbustos e algunhas plantas herbáceas (caméfitos, criptófitos e hemicriptófitos), que a miúdo medran sobre unha densa alfombra de brións e liques. Entre os moitos taxons propios destes medios cabe mencionar os endemismos *Iberis procumbens* subsp. *procumbens*, *Alyssum gallaecicum*, *Linaria polygalifolia* e *Iberodes littoralis* subsp. *gallaecica* (esta última moi rara ou posiblemente desaparecida). En depresións húmidas e pradarías areosas inseridas na trasduna aparecen varias especies de orquídeas, algunhas delas infrecuentes ou recollidas no anexo II da directiva de hábitats, como *Epipactis palustris* e *Spiranthes aestivalis*. Entre a flora terofítica de praia citouse na zona a euforbia *Chamaesyce peplis*, de distribución moi localizada no noroeste ibérico.

Acorde coa presenza de diferentes tipos de zonas húmidas, con réximes hidrolóxicos, salinidades e grao de permanencia da auga variados, a vexetación de marismas é tamén moi diversa. Na lagoa do Carregal, con influencia diaria das augas mariñas, predomina a vexetación de marismas e xunqueiras salobres e halófilas, nas cales abundan *Puccinellia maritima, Salicornia ramosissima, Sarcocornia perennis, Halimione portulacoides* e *Juncus maritimus*, entre moitas outras adaptadas aos solos lamacentos intermareais. Pola contra, na lagoa de Vixán e no sistema de pozas e pradarías inundables anexo, a influencia das mareas é nula ou excepcional, de xeito que as formacións de helófitos, como o carrizo (*Phragmites australis*) entre outros tipos de vexetación ligados á auga doce ou debilmente salobre, ocupan as súas augas e beiras de forma maioritaria. É de remarcar a presenza de *Schoenoplectus pungens* (especie en perigo segundo o Libro vermello da flora vascular española), *Spergularia australis* (endémica galaico-portuguesa), *Centaurium scilloides*, *Ranunculus ophioglossifolius*, *Suaeda albescens*, *Triglochin bulbosa* subsp. *barrelieri* e diversos hidrófitos moi localizados ou pouco citados, como *Najas marina, Nitella tenuissima, Chara vulgaris* ou *Ruppia maritima*.

Nos solos máis evolucionados que rodean o complexo litoral, así como sobre dunas fixadas, desenvólvense plantacións de piñeiro bravo (*Pinus pinaster*) e piñeiro insigne (*Pinus radiata*), baixo o cal se dá un certo desenvolvemento de fieitos, toxos, uces e xestas. Nas zonas de bordo destes piñeirais, e sobre areas estabilizadas, aparecen algunhas especies características como a carpaza (*Cistus salviifolius*), o espárrago silvestre (*Asparagus officinalis* subsp. *prostratus*), o xacinto (*Scilla verna*), ou o trovisco (*Daphne gnidium*).

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

1.7.2.2. Fauna.

a. Invertebrados.

No Parque están inventariados algo máis de 500 taxons de invertebrados, dos cales 4 teñen interese para a súa conservación por estaren incluídos no anexo II da Directiva 92/43/CEE. Tres deles están incluídos tamén en diferentes categorías de ameaza no Catálogo español de especies ameazadas e *Oxygastra curtisii* está incluída, ademais, no anexo IV da Directiva 92/43/CEE e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas coa categoría de «vulnerable»:

Especie	D 92/43/CEE	Berna	CGEA	CEEA
Coenagrion mercuriale	II	II		PE
Oxygastra curtisii	II, IV	II	VU	VU
Euphydryas aurinia	II	II		PE
Euplagia quadripunctaria	II			

A variedade de hábitats presentes no Parque contén unha gran diversidade de invertebrados, da cal soamente se coñece unha parte. Aínda que o Parque presenta un gran número de taxons de invertebrados, hai carencias en canto ao coñecemento doutros grupos. Os máis representados son os insectos (72,1 %) e os crustáceos (21,7 %).

Nos insectos, os máis estudados son os coleópteros, con case 200 especies catalogadas (56,6 %). Outros grupos, como os himenópteros, están pouco estudados (3,5 %) ou os sírfidos (Diptera: Syrphidae). Estes son grupos básicos no mantemento das comunidades vexetais, xa que contribúen á polinización ou ao control de pragas, como poden ser as formigas ou as avespas. Outro grupo de que é esencial o coñecemento son os lepidópteros (23,7%), posto que as especies da superfamilia Papilionoidea actúan como bioindicadores da calidade das comunidades vexetais, da cal no Parque hai unhas 43 especies. Ao estaren tan ligadas a un número limitado de plantas nutricias (a diferencia dos heteróceros) a diversidade de especies desta superfamilia é o reflexo da conservación das comunidades de vexetación presentes.

A conservación dos puntos de auga é esencial para as poboacións de odonatos e outros insectos. Son 32 as especies de odonatos presentes no Parque e que non só dependen da presenza de estes puntos, senón tamén da súa calidade (baixa contaminación, pouca variación por acción humana) e da vexetación das marxes, as cales debe manterse nas pozas e ríos, evitando, en moitos casos, que a propia vexetación cubra por completo a

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

superficie da auga, porque iso tamén ocasionaría a desaparición dalgunha especie de odonato da zona.

Os prados dentro do Parque albergan unha gran biodiversidade de insectos. A variedade de plantas atrae a lepidópteros que están relacionados cos prados ben na fase larval ou na adulta. O seu abandono leva a unha redución progresiva da cantidade de especies presentes neles, o que inflúe na comunidade de insectos e con eles no resto da cadea trófica.

A *Euphydryas aurinia* é unha especie que precisa do mantemento dun sotobosque, xa que unha das súas planta nutricias é a *Lonicera periclymenum* e a súa eliminación deriva nunha desaparición progresiva da especie. As plantacións forestais de especies exóticas, como pode ser o xénero *Eucalyptus,* modifica as condicións do solo e limita a presenza dalgunhas especies herbáceas que poden condicionar a presenza de determinados lepidópteros, como é o caso da *E. aurinia*. Tamén inflúe nas súas poboacións o manexo dos prados, xa que a súa actividade de adultos precisa de gran variedade de plantas con néctar para a súa alimentación, ademais de zonas para encontrar parella.

A *Euplagia quadripunctaria* é unha especie pouco estudada e considerada moi abundante en Galicia. A súa conservación radica no mantemento das comunidades vexetais que albergan as súas plantas nutricias.

As especies exóticas ameazan a conservación dos invertebrados, xa sexan plantas, pois desprazan as súas plantas nutricias (lepidópteros, sírfidos, ortópteros) ou animais, que causan unha diminución nas poboacións de insectos (caso da *Vespa velutina* xa presente no Parque) ou que compite polos recursos. No caso da *V. velutina* o trampeo das raíñas ocasiona unha gran mortaldade noutros grupos de invertebrados, como os dípteros.

b. Vertebrados.

O Parque conta cunha gran representación de especies de vertebrados, moitos deles con varias figuras de protección e/ou ameaza. As especiais condicións biolóxicas deste ecosistema litoral convérteno na principal área de cría dun gran número de especies de peixes que habitan na costa circundante, polo que a riqueza da pesca comercial nas augas próximas depende en gran parte do normal desenvolvemento das súas larvas na lagoa do Carregal.

A herpetofauna é un dos valores salientables do Parque, que foi catalogado no inventario de áreas importantes para a herpetofauna española. Destaca a presenza de especies

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

de filiación mediterránea, como o sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*), a lagarta dos penedos (*Podarcis guadarramae lusitanicus*) e a cobra de escada (*Zamenis scalaris*) que se encontran aquí moi preto do límite setentrional da súa área de distribución e manteñen, en varios casos, poboacións pequenas e moi localizadas en Galicia. Cómpre sinalar, así mesmo, a abundancia de dous endemismos ibéricos: a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*), e a lagartixa galega (*Podarcis bocagei*). Cabe mencionar tamén o sapoconcho europeo (*Emys orbicularis*).

Malia que as poboacións avifaunísticas son, en xeral, relativamente discretas en canto a cantidades, o Parque destaca pola súa elevada diversidade, en consonancia coa variedade de hábitats, e alberga regularmente especies infrecuentes ou de distribución moi localizada. Son particularmente destacables as poboacións nidificantes, en areais e dunas, de dúas especies de limícolas ameazadas en Galicia: o alcaraván común (*Burhinus oedicnemus*) que ten aquí un dos seus poucos puntos de cría e o único situado actualmente na costa, e a píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*). Fóra da época de nidificación, estes mesmos hábitats son utilizados tamén polo alcaraván, que mantén, así mesmo, o continxente invernante máis numeroso de Galicia, e pola píllara dourada europea (*Pluvialis apricaria*) que tamén ten na zona o seu principal núcleo de invernada na Comunidade Autónoma, así como por aves rapaces como a gatafornela (*Circus cyaneus*), o esmerillón (*Falco columbarius*), ou a curuxa das xunqueiras (*Asio flammeus*). As marismas e praias albergan pequenos continxentes de limícolas invernantes, entre os cales destaca a gabita euroasiática (*Haematopus ostralegus*) e o pilro tridáctilo (*Calidris alba*), aínda que esta e outras especies son moito máis abundantes en migración. As lagoas acollen moderadas cantidades de anátidas, principalmente de cerceta común (*Anas crecca*), pato cincento (*Mareca strepera*), pato cullerete (*Spatula clypeata*), e pato cristado (*Aythya fuligula*) e outras aves nadadoras, e dan acubillo, especialmente a de Vixán, a especies nidificantes e invernantes infrecuentes ou localizadas, como a garza pequena (*Ixobrychus minutus*), a tartaraña das xunqueiras (*Circus aeruginosus*), a folosa grande (*Acrocephalus arundinaceus*) ou a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*).

Entre os mamíferos destaca a presenza de dúas especies de morcegos ameazadas, o morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*) e o morcego de ferradura pequeno (*Rhinolophus hipposideros*), aínda que é preciso afondar na faunística deste grupo. Son frecuentes o raposo (*Vulpes vulpes*), o teixo (*Meles meles*), o ourizo (*Erinaceus europaeus*), o esquío (*Sciurus vulgaris*) e o xabaril (*Sus scrofa*). A lontra (*Lutra lutra*) mantén unha presenza común tanto na costa como nas lagoas. Por último, nas augas próximas á costa é habitual a trasfega de golfiños (*Tursiops truncatus* e *Delphinus delphis*), toniñas (*Phocoena phocoena*) e outros cetáceos, con certa frecuencia de individuos abeirados.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Non existe información sobre a fauna de micromamíferos do Parque e apenas hai datos sobre pequenos carnívoros. Hai presenza da especie invasora *Neovison vison*.

Para as seguintes táboas considéranse os rexistros dentro do Parque de individuos vivos (P. Nat.), de individuos abeirados ou mortos (abreviado P. Nat. X), as citas obtidas en terra a menos de 2 km do Parque (P. Nat. <2 km), individuos no mar a menos de 2 millas náuticas da ribeira litoral do Parque (Mar <2 mn), as observacións referidas ao municipio de Ribeira e que quizais se obtiveron no Parque (abreviatura Ribeira) e observacións referidas ás cuadrículas UTM de 10 km de lado 29TMH90 e 29TMH91.

O número de ordes presentes no Parque e na súa contorna é o seguinte:

Clase/grupo	P. Nat.	P. Nat. X	P. Nat. <2 km	Mar <2 mn	Ribeira	MH90+MH91
Mammalia	6					
Aves	19			2		
Reptilia	2					
Amphibia	2					
Pisces	4					
Echinoderma	1					
Nemertea	2					
Annelida	4					
Mollusca	5					
Crustacea				10		
Arachnida	2					
Insecta	9					
(Algas)	14					
(Liques)	11					
(Flora vascular)	30					
Subtotal*	111			12		

*: non se consideran os fungos por falta de estudos axeitados.

Para os números de familias:

Clase/grupo	P. Nat.	P. Nat. X	P. Nat. <2 km	Mar <2 mn	Ribeira	MH90+MH91
Mammalia	18	1	1	2		

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Clase/grupo	P. Nat.	P. Nat. X	P. Nat. <2 km	Mar <2 mn	Ribeira	MH90+MH91
Aves	58	2		3		
Reptilia	6	1				
Amphibia	6					
Pisces	5					
Echinoderma	1					
Nemertea	2					
Annelida	7					
Mollusca	6					
Crustacea				37		
Arachnida	5					
Insecta	74					
(Algas)	24					
(Liques)	29					
(Flora vascular)	82					
Subtotal*	323	4	1	42		

*: non se consideran os fungos por falta de estudos axeitados.

E por último, as especies rexistradas:

Clase/grupo	P. Nat.	P. Nat. X	P. Nat. <2 km	Mar <2 mn	Ribeira	MH90+MH91
Mammalia	11	3	1	5		18
Aves	244	6	6	17		
Reptilia	14	2				
Amphibia	12					
Pisces	4		1			
Echinoderma	1					
Nemertea	2					
Annelida	12					
Mollusca	6					
Crustacea				104		
Arachnida	10					
Insecta	348					
(Algas)	84					

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Clase/grupo	P. Nat.	P. Nat. X	P. Nat. <2 km	Mar <2 mn	Ribeira	MH90+MH91
(Liques)	140					
(Flora vascular)	950					
Subtotal*	1838	11	8	126		18

*: non se consideran os fungos por falta de estudos axeitados.

1.7.3. Listaxe de especies de interese para a conservación no Parque.

Ordénase as especies considerando oito catálogos diferentes:

a. Directiva 92/43/CEE.

Resumo: a Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, trasponse ao ordenamento xurídico español pola Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo.

Especies citadas no Parque e/ou na súa contorna incluídas neste catálogo:

				Directiva hábitats			
				D 92/43/CEE			
Clase	Orde	Familia	Especie	II	IV	V	VI
Mammalia	Chiroptera	Rhinolophidae	*Rhinolophus ferrumequinum*	x	x		
Mammalia	Chiroptera	Rhinolophidae	*Rhinolophus hipposideros*	x	x		
Mammalia	Chiroptera	Vespertilionidae	*Myotis escalerai*		x		
– Especie sobre a cal se actúa.

– Hábitat sobre o cal se actúa.

– Métodos empregados.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Número de exemplares retirados e superficie afectada.

– Se a eliminación da poboación é total ou parcial e, neste último caso, estimación da porcentaxe eliminada.

1.9. Paisaxe.

Segundo o recollido no Catálogo das paisaxes de Galicia, o Parque localízase na súa totalidade dentro da Grande Área Paisaxística VIII. Rías Baixas, que inclúe o litoral e sublitoral atlántico do oeste de Galicia, é dicir, as áreas propias do dominio litoral (cantís, praias, dunas, rías, marismas, etc.), os vales sublitorais e as serras das rías da provincia de Pontevedra, e a de Muros e Noia na Coruña.

Pola súa banda, o Plan de ordenación do litoral de Galicia clasifica a maior parte da superficie do Parque na tipoloxía de unidade da paisaxe C1: Costa dos grandes complexos sedimentarios, e só o extremo sur pertencería a unha tipoloxía diferente B4: Paisaxes aplanadas mixtos.

A paisaxe do Parque estrutúrase en tres zonas diferenciadas:

a. Paisaxe litoral.

A primeira está dominada por unidades paisaxísticas tipicamente litorais como as praias, dunas, estuarios, marismas e lagoas, que aquí alcanzan un gran desenvolvemento. O aspecto destes elementos deriva en parte dos usos pasados e podemos considerar que na actualidade asistimos a unha fase de naturalización da maior parte destas unidades paisaxísticas, derivada do abandono ou prohibición de usos pasados.

b. Paisaxe agraria.

Cara ao interior, o aproveitamento do territorio para usos agropecuarios conformou unha paisaxe agraria que integra elementos típicos da paisaxe agraria galega, como o mosaico de pequenas parcelas separadas por valos de pedra e sebes vexetais, con elementos singulares, que responden á morfoloxía do terreo e á confluencia das terras de cultivo con elementos característicos do litoral.

No que se refire a estas agras, no pasado dominaban os aproveitamentos de carácter extensivo, como a sega das zonas húmidas herbáceas e o aproveitamento por pastoreo de amplas zonas de duna e braña, que daban lugar á existencia de prados seminaturais

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

de grande interese biolóxico. Máis recentemente cultivouse millo en moitas das parcelas, cultivo que foi abandonándose na maioría da superficie pola redución dos animais domésticos, cambios de hábitos e, en gran medida, polos danos ocasionados polo xabaril, causante, ademais, de importantes danos nas poboacións das aves nidificantes no chan e posiblemente obxecto de lumes intencionados para o seu control por parte da veciñanza do parque.

En moitas parcelas, a falta de mantemento e conseguinte entullamento das *corcovas* (ou *cólcavas*/*córcovas*) ou canles de drenaxe tradicionais dificultou o mantemento dos cultivos, ao manterse o chan asolagado ou enchoupado a maior parte do ano.

O abandono dos cultivos tradicionais leva a unha falta de mantemento en moitos elementos tradicionais ligados aos usos agrarios, que resultan nun estado deficiente de conservación. Algúns destes elementos foron restaurados coa finalidade de conservar o patrimonio cultural, como é o caso dos muíños do Vilar. Outros son aínda recoñecibles como parte da pegada que deixaron os usos tradicionais no ámbito do Parque.

É o caso dos pozos artesáns, de pouca profundidade, para o aproveitamento de augas doces. Estes dispóñense e aparecen asociados a leiras de prados e cultivos de regadío das chairas próximas ao sistema dunar.

Outros elementos que permanecen son os marcos para limitar aproveitamentos nas xunqueiras e canavais das zonas húmidas costeiras, así como as estruturas de contención e valos de pedra perimetrais nas leiras.

As xunqueiras e canavais e os terreos de cultivo que as circundan estaban atravesados por numerosas *corcovas*/*cólcavas*, que mantiñan o terreo drenado, e facilitaban o cultivo sobre terreos de natureza hidromorfa. Aínda que na actualidade non se realiza mantemento deste sistema de drenaxe, debido ao abandono de moitos dos terreos e ao seu impacto sobre as zonas húmidas do Parque, aínda son evidentes en moitas zonas. As *corcovas*/*cólcavas* establecían unha complexa rede que, nalgúns casos, se iniciaba fóra dos límites do Parque e concluía no mar. Así, o sistema de *corcovas*/*cólcavas* que desaugaba na lagoa de Vixán precisaba da apertura da lagoa ao mar para o seu eficaz funcionamento. O mantemento das *corcovas*/*cólcavas* e a apertura da lagoa ao mar eran traballos comunitarios que realizaba anualmente a veciñanza.

Na actualidade, a paisaxe agraria tradicional no Parque estase a homoxeneizar debido ao abandono dos usos agrícolas na maior parte das parcelas e a incorporación algunhas

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

zonas á paisaxe forestal. Moitos dos seus elementos tradicionais están en estado de decaemento, seguindo unha dinámica común na maior parte das paisaxes agrarias galegas.

O aumento no abandono destas parcelas está a producir un incremento da superficie ocupada por hábitats naturais en detrimento e substitución de hábitats seminaturais de orixe agropecuaria con alta biodiversidade, debido ao devandito abandono maioritario das tarefas agrícolas e gandeiras.

c. Paisaxe antropizada.

As áreas máis antropizadas, que inclúen os asentamentos humanos, sitúanse na periferia do Parque. Partindo de núcleos rurais tradicionais foron aparecendo asentamentos máis recentes e de carácter lineal, ligados á disposición das estradas, que representan, xunto coa canteira, o proceso de transformación paisaxística máis importante do Parque.

1.10. Corredores ecolóxicos.

Garantir a continuidade dos fluxos de materia e enerxía e a conectividade das poboacións biolóxicas nun territorio é fundamental para o mantemento da biodiversidade e o funcionamento dos ecosistemas, así como identificar as medidas para garantir a dita conectividade ecolóxica establecendo ou restablecendo uns corredores con outros espazos naturais de singular relevancia para a biodiversidade, tal e como require a Lei 42/2007, do 13 de decembro.

O Parque acolle un territorio de pequeno tamaño e está conformado, en boa medida, por hábitats que dependen do mantemento de fluxos internos e co exterior, como son os hábitats dunares ou as zonas húmidas. Por outra banda, entre a fauna de maior interese no Parque atópanse aves migradoras e especies ligadas a zonas húmidas, que dependen da conectividade e permeabilidade da paisaxe para desenvolveren os seus ciclos vitais. Pero a conexión con poboacións veciñas resulta tamén imprescindible para especies sésiles, como as que compoñen a flora dunar, que dependen da circulación de polinizadores e sementes para o mantemento da súa diversidade xenética.

Na actualidade non existen, dentro do Parque, importantes barreiras aos fluxos bióticos e abióticos. Aínda así, convén manter a atención sobre os elementos artificiais de carácter lineal, como pistas e estradas, para garantir que non interrompen ou modifican substancialmente o fluxo de auga (superficial ou freática) ou nutrientes, nin supoñen unha barreira para o movemento de especies como anfibios e réptiles.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Téñense documentado varios atropelos de fauna silvestre na estrada perimetral do Parque, efecto que pode corrixirse limitando a velocidade no seu interior e contorno, e mantendo a alerta para a detección de puntos negros de atropelo de fauna, especialmente na proximidade de zonas húmidas ou arborizadas, que poden modificarse unha vez identificados.

Varios cursos de auga percorren o Parque, mantendo o fluxo de auga e nutrientes no interior do Parque e entre os límites deste e o exterior, e funcionando como corredores ecolóxicos que facilitan o movemento das especies ao longo do leito, ben activamente ou ben por arrastre. Pola súa situación e características, así como pola información dispoñible, destacan en importancia o río de Artes, o río de Sirves, o río Longo e o rego da Cidade, que desaugan na marisma do Carregal; e o rego de Vilar, que aporta auga á Agra de Vilar e alimenta a lagoa de Vixán. Ademais, identificouse outra área de interese como corredor en Teira, na zona noroeste do parque. Estes corredores, vencellados en todo caso a cursos fluviais, poderían ser empregados tamén por outros mamíferos de menor tamaño para a súa dispersión, así como por réptiles e anfibios. A axeitada conservación das formacións de ribeira e da calidade das augas destes ríos e regatos é de grande importancia para o mantemento da biodiversidade e os procesos ecolóxicos do Parque.

O principal problema para a conectividade do Parque vén da existencia dun perímetro de carácter netamente artificial na parte continental, pola concentración de parcelas urbanas, industriais e a presenza de estradas que circunvalan a maior parte do Parque.

Ramil e outros (2008) calculan que o 71 % do perímetro do Parque está constituído por tramos construídos, unha porcentaxe elevada que compromete a permeabilidade do dito perímetro e dificulta ou modifica os fluxos bióticos e abióticos. Tamén chaman a atención sobre a existencia de áreas que serven de canles de conexión entre hábitats, que deben ser tidos en conta para facilitar a conectividade do Parque coa súa contorna, por exemplo:

– Os extremos que permiten a conexión co entorno polo litoral, a Punta da Graña e o extremo oeste da praia e dunas de Ladeira.

– A área situada ao sur do lugar de Teira, que comunica o sistema de dunas costeiras activas e depresións intradunares húmidas de Corrubedo co sistema dunar da Praia das Barreiras, situada entre a Punta do Francés e a Punta do Corgo, e que representa a única zona cun grao de urbanización suficientemente baixo para permitir a comunicación dos hábitats e poboacións naturais do Parque coa zona litoral situada ao norte.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– O espazo existente ente Goda e Vilar, que conta cunha das franxas con menor presenza de áreas urbanas no perímetro do Parque e o conecta co monte da Cidade.

Neste PRUX identifícanse unha serie de corredores ecolóxicos (mapa 13 do anexo III), así como diversas medidas que desenvolver para garantir a súa conectividade.

Destacan aqueles corredores que facilitan a conectividade cos territorios da ZEC Complexo húmido de Corrubedo, ES,1110007 e o seu contorno con presenza de hábitats de interese, que se localizan fóra dos límites do Parque Natural. Así, no extremo noroeste do Parque é relevante o corredor que comunica o interior do Parque Natural desde Olveira coas praias de Barreiras e Balieiros, discorrendo entre Corrubedo e Teira. Nesta zona existen depósitos de area que poderían facilitar a conectividade de especies de flora de dunas fixas, como *Iberodes littoralis* (no CGEA baixo o nome *Omphalodes littoralis*) actualmente desaparecida do Parque Natural mais aínda presente noutras zonas da ZEC no entorno de Basoñas. Neste sentido, polo menos no interior do Parque habería que evitar unha proliferación excesiva de piñeiros. Este corredor tamén liga zonas húmidas, como as brañas de Teira, con áreas moi interesantes no interior do Parque con hábitats de prado-xuncal de trasduna na zona de Olveira, con presenza significativa de especies protexidas como *Schoenoplectus pungens* ou *Spiranthes aestivalis*. A calidade do corredor no interior do parque no seu extremo de Olveira depende de que o prado-xuncal se manteña, evitando a proliferación de especies como *Phragmites australis* ou *Salix atrocinerea*. O corredor ten un ramal litoral que afecta a continuidade da praia de Ladeira, relevante para a conectividade de, por exemplo, *Rumex rupestris*. Outro corredor comunica o límite meridional do parque na súa faixa litoral e as zonas con pequenas formacións de bosque palustre na zona da Graña coas áreas da ZEC que chegan à Punta Falcoeiro e o contorno de Couso. Favorece a conectividade con espazos como a praia de Area Basta ou a praia da Penisqueira, relevante para especies protexidas como *Rumex rupestris,* e con zonas areosas con alagamento temporal en Couso, con presenza moi significativa de especies do CGEA como *Chaetopogon fasciculatus* subsp. *prostratus*. Entre as principais medidas que tomar está a eliminación da especie exótica invasora *Arundo donax*, actualmente presente no contorno do bosque palustre da Graña. Tamén será necesario tomar medidas de control para evitar a entrada a través do corredor de especies exóticas invasoras, especialmente *Arundo donax* e *Zantedeschia aethiopica*, con poboacións establecidas en Couso. No mapa 13 do anexo III identifícanse tamén unha serie de corredores fluviais. Entre estes, os corredores do río Longo e río de Sirves conectan xa no interior do parque coa área de bosque palustre, mellor representados no primeiro caso, polo que é necesario permitir e favorecer a evolución das ditas comunidades naturais. No caso de río de Sirves, deberá erradicarse ou controlarse a presenza de *Arundo donax*, moi destacada na zona. O corredor húmido do

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

rego de Vilar conecta por esta vía fluvial coa lagoa de Vixán e, como medida para garantir a calidade ambiental e a conectividade deste corredor, está a redución de forma significativa e sostida no tempo da superficie de *Phragmites australis*, principalmente na zona oeste da lagoa e na área da canle de saída, actividade que se realizará sempre fóra da temporada de cría de aves. A proliferación de *Phragmites australis* eliminou practicamente a comunidade de helófitos que predominaba nesta zona, dominada por *Schoenoplectus lacustris* subsp. *glaucus* e *Bolboschenus maritimus*.

Finalmente, non se debe descartar o papel como conectores dos espazos máis humanizados, pois as características que os fan impermeables para moitas especies poden reverterse, nalgúns casos, con facilidade. Así, o efecto barreira da contaminación acústica pode corrixirse adoptando boas prácticas ao respecto (Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental), así como a contaminación luminosa (Lei 15/2010, do 10 de decembro, de prevención da contaminación luminosa e do fomento do aforro e eficiencia enerxéticas derivadas de instalacións de iluminación). É necesario fomentar a sustentabilidade dos espazos máis humanizados, apostando por modelos de xestión menos intensivos e desnaturalizantes nas parcelas, especies autóctonas para a xardinaría, peches permeables e que ofrezan refuxio, etc.

1.11. Recursos culturais.

No Parque existen varios elementos de interese arquitectónico, etnográfico e, especialmente, arqueolóxico, que son os seguintes:

Ruínas do castro do Porto de Baixo (GA15073014): no lugar de Anguieiro, a carón do mar, foi ocupado nos séculos VI-II a. C., e sería redescuberto no ano 1978. En decembro do 2004, fixéronse nel unhas pequenas escavacións para sacar á luz a súa gran muralla defensiva, de 90 x 40 m e forma ovalada.

Muíños de auga do río de Amendo: tanto de parceiros (nos cales os propietarios eran a veciñanza, que se repartían os días da semana nos que ían moer) como de maquía (xestionados por un muiñeiro, que cobraba a medida –maquía– por cada saco que moía).

Mina abandonada de volframio de Pipín: explotada a mediados do século XX, o volframio que era extraído por homes era logo lavado por mulleres na fonte de Pipín, preto da praia do Vilar. Estivo activa na Segunda Guerra Mundial para fornecer de materia prima a industria bélica alemá. Existe un miradoiro próximo.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Canteira do Vilar: de pedra, abandonada nos anos 70, converteuse co tempo nunha poza relevante para reprodución de anfibios.

Cólcavas: canles de rega revestidas con pedra que conducían auga ata as zonas de cultivo do Vilar e Amendo.

Estelas funerarias de Bretal: dúas estelas funerarias romanas que datan dos séculos II-III d. C.

Mámoa da Casa da Costa: situada no piñeiral fronte ao centro de interpretación, recentemente catalogada.

Telleiras: estes fornos para a elaboración de tellas foron unha industria importante no Barbanza no s. XIX. En Corrubedo destacan os fornos de Cortiza e de Canosa, hoxe en día abandonados e con aspecto de montículos, cheos de vexetación.

O Concello de Ribeira inclúe no seu plan de ordenación municipal un catálogo das áreas e elementos de protección do patrimonio arqueolóxico. Nel figuran recollidos os seguintes elementos dentro do ámbito Parque, no lugar de Vilar, Carreira:

(GA15073034): Mámoa de Outeiros Rubios.

(GA15073035): Mámoa de Pipín: monumento megalítico, de entre 4000 e 8000 anos de antigüidade. É a mostra máis antiga da presenza humana no Parque.

(GA15073036): Mámoa de Agro das Coles.

1.12. Usos e aproveitamentos actuais e previstos.

1.12.1. Usos e aproveitamentos actuais.

A distribución actual de usos no territorio do Parque (mapa 3 do anexo III) é o resultado, por unha banda, de dinámicas naturais e, por outra, da cambiante actividade humana ao longo dos séculos. Os distintos hábitats do Parque experimentaron diferentes tipos de aproveitamento no pasado, o que inflúe no seu estado actual. Hoxe en día están en fase de evolución natural debido, nuns casos, ás limitacións de usos impostas polo Parque e, noutro, á dinámica de abandono dos manexos vencellados aos cultivos tradicionais, común á maior parte dos espazos rurais galegos.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

A maior parte da superficie do Parque (59,6%) está ocupada por hábitats mariños e costeiros. A superficie restante distribúese principalmente entre a paisaxe rural tradicional, formada por mosaico agrario de cultivos e sebes, e unha paisaxe rural transformada, dominada polos cultivos forestais. Neste mosaico agrario pódense observar elementos característicos de usos pasados, como pozos de rega e restos de *corcovas*/*cólcavas* ou canles de drenaxe, hoxe en diferentes graos de entullamento e en desuso.

Descríbense estes usos e aproveitamentos no Parque en seis grandes grupos:

a. Usos pesqueiros e de marisqueo.

A maior parte da superficie do Parque (59,6 %) está ocupada por hábitats mariños e costeiros. Nestes hábitats desenvólvense especialmente actividades de lecer (concentradas na praia) e permítese, baixo certas condicións, o aproveitamento de recursos mariños. Neste sentido, destaca a zona de libre marisqueo da praia de Ladeira. A pesar do aumento de vixilancia e control nos últimos anos, aínda existen aproveitamentos irregulares por parte de furtivos, como a extracción de berberecho ou a captura de polbo. A explotación de recursos pesqueiros é unha actividade que se vén desenvolvendo desde antigo no Concello de Ribeira, e constitúe a súa base económica. A súa lonxa é a terceira de Galicia en volume de descargas, ben que está en quinto lugar en canto a ingresos xerados. Segundo información do Instituto Galego de Estatística (IGE), no ano 2019 existían no Concello de Ribeira 9 permisos de marisqueo a pé distribuídos entre dúas confrarías, a de Aguiño e a de Palmeira. Este número experimentou unha lixeira redución no último lustro. Non se teñen estimacións actuais de descargas de berberecho procedente de Corrubedo nas lonxas de Aguiño e de Palmeira, pero en todo caso suporía poucos centos de quilogramos ao longo do ano.

b. Usos agrogandeiros.

A actividade agrogandeira no concello de Ribeira é secundaria na maior parte dos casos e complementa outras actividades económicas. As explotacións son pequenas, cun alto grao de parcelación e escasa mecanización, orientadas principalmente ao autoconsumo. A superficie agraria dentro do Parque está composta principalmente por pradarías seminaturais e cultivos de herbáceas, entre as cales destaca o millo, aínda que na súa maior parte están en estado de abandono. En moita menor medida pódense atopar cultivos de viñas e froiteiras. No tocante ao gando, o porcino para ceba é maioritario, seguido do vacún e, en menor medida, de aves. Non existen datos actualizados sobre as cabezas de gando que

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

pastan regularmente dentro dos terreos do Parque, pero os números son moi reducidos no caso do gando ovino e cabalar, e tamén moi escaso no vacún.

c. Usos forestais.

Dentro dos cultivos forestais, a maior parte son plantacións de piñeiro bravo (*Pinus pinaster*), piñeiro insigne (*Pinus radiata*) e eucalipto (*Eucalyptus globulus*) situadas nos solos máis evolucionados que rodean o complexo litoral, así como sobre dunas fixadas. Os piñeirais abranguen arredor de 132 hectáreas dentro do Parque, segundo a cartografía de unidades ambientais dispoñible. Estas plantacións aproveítanse escasamente para madeira, así como para recolleita de piñas e cogomelos.

d. Usos industriais.

Dentro das actividades industriais no ámbito do Parque, cómpre destacar a existencia dunha autorización de aproveitamento de granito que data do ano 1973 e ocupa unhas 12 ha. Esta explotación comprende unha planta de trituración e de elaboración de formigón localizada dentro do Parque e unha canteira a ceo aberto situada na súa periferia inmediata. Tamén fóra do Parque pero adxacente a el existe unha instalación industrial de acuicultura, dedicada á cría de varias especies de peixes, unha fábrica de conservas, unha instalación de frío industrial e unha Estación Depuradora de Augas Residuais.

A instalación de acuicultura (piscifactoría) pode ter un impacto negativo no Parque aínda que se atope fóra deste (cheiros, emisión de gases, lixiviados), igual que acontece coa instalación de frío industrial e a fábrica de conservas. O tránsito de vehículos cara a el desde estas instalacións supón tamén un potencial impacto para esta zona, unha vez que o estacionamento destes vehículos afecta terreos xa dentro do Parque.

e. Usos construtivos e habitacionais.

Unha pequena parte do Parque, menos do 3 %, atópase ocupado por construcións e outros elementos artificiais, fundamentalmente dirixidos ao uso residencial, característicos das áreas urbanas e industriais. Estas superficies concéntranse na periferia, agás algunhas relacionadas con equipamentos do propio Parque ou veciñais.

Representan unha das principais presións sobre a periferia do Parque, debido tanto ao incremento da superficie construida desde a súa declaración, como para os efectos que derivan ou poden derivar das actividades que se desenvolven neles. A súa disposición

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

periférica fai, ademais, que contribúan a dificultar a conectividade ecolóxica do Parque coa súa contorna se non se aplican medidas de permeabilidade e mitigación.

Por outra banda, algúns tipos de construcións, como muíños, casas e construcións auxiliares que manteñen estruturas e formas construtivas tradicionais, forman parte do patrimonio cultural do Parque e chegan a constituír un recurso interesante para as especies máis antropófilas presentes no Parque, algunhas delas ameazadas.

f. Uso público.

O termo uso público fai referencia a todas aquelas actividades que se desenvolven por e para o público visitante do Parque. Aínda que non se ten unha cifra precisa do número de visitantes, estímanse en máis de 300.000 o número de visitantes anuais na última década, dos cales a grande maioría corresponden a usuarios da praia.

Unha parte das actividades de uso público son propostas que o Parque fai ás persoas visitantes e son as que están máis especificamente vencelladas aos obxectivos de información, educación ambiental e goce da natureza propias do Parque. Englóbanse aquí as actividades que son desenvolvidas nas instalacións do Parque ou polo seu persoal (información a visitantes, exposicións interpretativas, actividades para escolares ou voluntariados) ou por entidades de educación ambiental. Estas actividades contan con algunhas instalacións específicas como a Casa da Costa e o Cielga.

Outra actividade de uso público vinculada aos obxectivos de conservación do Parque, aínda que minoritaria no conxunto dos usos públicos, é a observación de fauna, principalmente de aves acuáticas. Desenvólvese principalmente no contorno das zonas húmidas e conta co observatorio de Vixán como instalación específica.

Outras actividades están menos vencelladas aos obxectivos do Parque e son estas, precisamente, as que máis precisan dunha axeitada regulación e dun esforzo para encadralas no marco dos seus obxectivos. Parte destas actividades de uso público son realizadas por persoas que viven no mesmo Parque ou no seu contorno inmediato e que desenvolven habitualmente actividades de lecer ao aire libre como camiñar (ás veces con animais de compaña, principalmente cans), correr ou andar en bicicleta. Estas actividades, que se desenvolven ao longo de todo o ano, céntranse na rede de camiños e na praia. Tamén se pode incluír aquí o lecer relacionado coa actividade hostaleira, tanto no bochinche do campo de fútbol de Olveira, como no bar situado no aparcadoiro. Moita desta actividade non ten impacto negativo sobre o Parque e contribúe á saúde mental e física das persoas

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

e á súa valorización do Parque. Entre as actividades que si teñen ou son susceptibles de ter impacto negativo sobre o Parque están algúns problemas puntuais derivados do lecer ligado aos establecementos hostaleiros, como ruído e lixo e, sobre todo, a circulación con cans sen cadea, que ten un especial impacto negativo sobre a poboación reprodutora de píllara das dunas.

Pero a maior parte das persoas usuarias do parque son visitantes foráneos e estacionais, principalmente estivais e vencellados ao uso recreativo da praia e a observación da gran duna móbil. A duna móbil é o elemento natural do parque máis importante en canto ao número de persoas que atrae para a súa observación. Na actualidade a observación da duna pode facerse libremente por barlovento desde a praia ou ben achegándose por sotavento grazas a unha pasarela que discorre pola duna gris. A existencia desta pasarela nunha das zonas sensibles do parque é motivo de discusión. O acceso á propia duna está prohibido na actualidade.

O uso recreativo da praia é o uso máis intenso que se produce no Parque. Trátase dun uso non ligado directamente aos obxectivos de conservación do Parque, pois é un uso inespecífico, idéntico ao que teñen as praias veciñas situadas fóra do parque. Aínda que se trata dun uso principalmente estival, está presente todo o ano. Na primavera, este uso é ás veces regulado mediante a delimitación de zonas de exclusión para protección dos niños de píllara das dunas. No verán, cando a afluencia de xente é masiva, as problemáticas derivadas del (circulación fóra das zonas habilitadas, accidentes de bañistas e outros) chegan a entrar en conflito con outras necesidades de xestión do Parque.

Ademais, a grande afluencia de xente en época estival agudiza os efectos negativos derivados dalgúns usos xa mencionados, como problemas puntuais ligados aos establecementos hostaleiros, ou xera novos problemas polo uso masivo e non axeitado de instalacións como os aparcadoiros ou as duchas.

Reconducir os usos públicos non vencellados directamente aos obxectivos do parque, especialmente a afluencia masiva á praia e as visitas á duna móbil, para dotalos dunha compoñente de observación da natureza acompañado da reflexión e persuasión sobre a necesidade de desenvolver actitudes e xeitos de desenvolvemento respectuosos coa súa conservación é o gran reto con respecto ao uso público no Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

1.12.2. Usos e aproveitamentos previstos.

Descríbense estes usos e aproveitamentos previstos no Parque tamén en seis grandes grupos:

a. Usos pesqueiros e de marisqueo.

Seguirase permitindo, baixo as condicións actuais, o aproveitamento de recursos mariños. Continuarase exercendo un intenso control e vixilancia sobre os furtivos.

b. Usos agrogandeiros.

Seguirase permitindo a actividade agrogandeira no Parque prevendo que a curto-medio prazo as explotacións continúen a ser pequenas, cun alto grao de parcelación e escasa mecanización e orientadas principalmente ao autoconsumo. Porén, a elevada idade media dos agricultores e gandeiros e a ausencia de remuda xeracional fai previsible un aumento no abandono destas parcelas. En relación con isto agárdase tamén un incremento da superficie ocupada por hábitats naturais e substitución de hábitats seminaturais de orixe agropecuaria con alta biodiversidade, debido ao devandito abandono maioritario das tarefas agrícolas e gandeiras. Porén, existe certa demanda para a recuperación de terras agrarias que podería frear ou reverter esta dinámica de abandono. No presente plan propóñense directrices que teñen por obxectivo favorecer o mantemento e recuperación de usos agrogandeiros tradicionais que tamén se espera que poidan frear ou reverter a dinámica de abandono. Tentarase que se continúe co cultivo de variedades tradicionais de hortalizas, recuperando tamén o cultivo de cereais, para así favorecer a fauna vencellada a estes ambientes, e que, en casos como a rula común (*Streptopelia turtur*), se atopan nun estado de conservación desfavorable. É necesario dispor dun inventario de cabezas de gando no Parque e unha relación das persoas da veciñanza actualmente vinculadas ou potencialmente interesadas no desenvolvemento nas actividades agro-pecuarias tradicionais. O Parque apoiará a convocatoria polas distintas administracións públicas de liñas de apoio ou subvención para o fomento das actividades agropecuarias compatibles coa conservación da biodiversidade, destacando a gandaría en extensivo, con preferencia pola gandaría de filosofía rexenerativa e ecolóxica.

c. Usos forestais.

Dentro do presente Plan inclúense directrices co obxectivo de favorecer a diversificación dos aproveitamentos das masas forestais e a progresiva substitución de masas de piñeiro

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

insigne por masas multiespecíficas de especies autóctonas, polo que se espera un aumento da superficie dedicada a estas especies nativas en detrimento do piñeiral. Ademais, en relación co apartado anterior, aquelas terras agrarias sen uso evolucionan rapidamente cara a formacións arborizadas naturais, polo que é probable un aumento de superficie dos diferentes tipos de formacións boscosas.

d. Usos industriais.

Non se permitirán novas actividades industriais no ámbito do Parque e elabóranse directrices para que se minimicen ou eliminen os impactos ambientais das existentes e se restauren ambientalmente zonas afectadas por estes usos industriais.

e. Outros usos (privado).

Agárdase un pequeno aumento das superficies artificiais na periferia do Parque, en especial as dedicadas a usos residenciais, dada a demanda de superficie para construción e a artificialización cada vez maior arredor dos asentamentos humanos. O aumento desta superficie queda, en calquera caso, limitado pola propia normativa incluída neste plan e pola normativa urbanística.

f. Uso público.

Con todas as precaucións motivadas por eventuais cambios na situación económico-social, prevese que se manteña ou incluso aumente o volume de visitantes ao Parque.

1.13. Recursos de uso público.

1.13.1, Servizos básicos de acceso.

1.13.1.1, Aparcadoiros.

Existen dous aparcadoiros principais, situados no Vilar, moi preto da Casa da Costa, e en Olveira, preto da gran duna. Ademais dispón dun aparcadoiro ao carón da Casa da Costa destinado ás visitas autorizadas e ao uso do persoal do Parque. Está prohibido o seu uso por vehículos non autorizados.

1.13.1.2. Pasarelas.

Existen pasarelas en diferentes zonas do Parque que permiten dirixir o fluxo de persoas e diminuír o seu impacto no medio.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

1.13.1.3. Establecementos de hostalería do Parque.

Existe un establecemento hostaleiro situado xunto ao aparcadoiro do Vilar.

1.13.2. Servizos para o gozo e coñecemento do Parque.

1.13.2.1. Centro de visitantes Casa da Costa.

A Casa da Costa está situada na parroquia do Vilar e actúa como centro operacional do Parque para efectos de:

– Centro de recepción de visitantes.

– Centro de interpretación do Parque.

– Centro de traballo para o persoal empregado do Parque.

– Centro de recepción de alarmas (CRA).

Por tanto, a Casa da Costa e a súa contorna inmediata será o punto de referencia para:

– Ofrecer información ás persoas visitantes.

– Acoller actividades de divulgación e educación ambiental.

– Ofrecer recursos para o persoal do Parque.

– Ofrecer recursos para as persoas investigadoras e outro persoal que desenvolva tarefas ocasionais no Parque.

– Recibir avisos no teléfono do Parque ou en persoa.

A Casa da Costa conta coas seguintes instalacións:

– Un mostrador para recepción de visitantes, no cal se ofrece información sobre o Parque.

– Un auditorio para charlas e proxeccións, que conta con equipamento de proxección e son.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Unha sala de reunións.

– Oficinas para persoal do Parque.

– Aloxamento para persoas investigadoras.

– Servizos públicos.

– Aparcadoiro exterior.

– Almacén.

As instalacións da Casa da Costa, do Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral de Galicia (Cielga) e aparcadoiro anexo contarán cunha envolvente de 30 metros que actuará de zona de amortecemento das actividades que alí se realicen. A totalidade do perímetro e instalacións quedarán integrados na zona de uso xeral.

No mapa 12 do anexo III pódese ver a localización da Casa da Costa e a súa contorna.

1.13.2.2. Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral de Galicia (Cielga).

O Cielga concíbese como un espazo de museo en que ás persoas visitantes poderán descobrir os valores naturais do Parque e outros ecosistemas costeiros, así como a súa riqueza cultural. No mapa 12 do anexo III pódese ver a localización do Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral de Galicia (Cielga) e a súa contorna.

1.13.2.3. Caseta de información do aparcadoiro de Olveira.

Está atendida en período de máxima afluencia de visitantes (Semana Santa, xullo e agosto) para dar servizo de información ás persoas visitantes que se achegan, especialmente, ao pé da gran duna móbil e á praia.

1.13.2.4. Rede de sendeiros.

Existen dúas rutas ornitolóxicas que discorren parcialmente polo Parque: a Ruta do Castro de Baroña ao Cabo de Corrubedo e a Ruta do Porto de Ribeira ao Centro de Interpretación de Corrubedo, ambas incorporadas á sección de Onde ver aves en Galicia do portal web de Turismo de Galicia.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

1.13.2.5. Miradoiros panorámicos.

Ademais de varios puntos con vistas situados nas pasarelas de madeira do parque, destaca o miradoiro panorámico a carón da antiga mina de volframio de Pipín.

1.13.2.6. Observatorios ornitolóxicos.

Na ribeira sur da lagoa de Vixán sitúase elevado un observatorio ornitolóxico, que permite a contemplación das aves con axuda da óptica axeitada.

1.13.2.7. Musealización da mina de volframio de Pipín.

Musealización ao aire libre da antiga mina de volframio situada a carón do túmulo de Pipín, así como da fonte próxima que servía de lavadoiro do metal extraído.

2. Obxectivos operativos e de xestión.

2.1. Obxectivo xeral do Parque.

Conservar a diversidade xeolóxica e biolóxica nos seus diferentes compoñentes (hábitats e especies) e as paisaxes e aquelas das súas compoñentes que contribúan á conservación da diversidade biolóxica, asegurando o mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais da dinámica deste espazo.

Este obxectivo xeral pode desenvolverse nos seguintes puntos:

– Garantir a conservación dos compoñentes da xeodiversidade e da biodiversidade sobre os cales se sustenta a declaración do Parque, e das distintas figuras de protección que este engloba.

– Garantir a dinámica dos ecosistemas e dos hábitats naturais, eliminando ou minimizando as perturbacións de carácter antrópico que poidan afectar negativamente a súa composición biolóxica, estrutura ou funcionamento ecolóxico.

– Manter nun estado de conservación favorable os tipos de paisaxes e de hábitats naturais e seminaturais.

– Manter nun estado de conservación favorable as especies endémicas, raras, ameazadas e catalogadas de flora e fauna, favorecendo a súa diversidade taxonómica e xenética.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Mellorar o coñecemento da xea e biodiversidade existente no Parque.

– Fomentar o desenvolvemento sustentable da poboación local, xerando un marco normativo e de apoio institucional que propicie aproveitamentos que contribúan á conservación da xea e biodiversidade, da paisaxe e da divulgación dos valores naturais do Parque.

– Propiciar un uso público racional e sustentable no Parque, evitando ou minimizando as interferencias negativas sobre os compoñentes da xea e biodiversidade, así como promover o coñecemento e goce do ambiente, tendo en conta os colectivos con necesidades específicas.

2.2. Obxectivos específicos do PRUX.

– Establecer os obxectivos e o regulamento de usos de cada unidade de zonificación.

– Xerar e reforzar canles para o fomento do coñecemento científico e a divulgación da biodiversidade e dos procesos ecolóxicos do Parque.

– Regular as actividades de uso público, os aproveitamentos e outros usos que poidan darse no interior do Parque.

– Establecer un marco normativo e de apoio institucional para o desenvolvemento sustentable da poboación local.

– Realizar unha proposta orzamentada de accións para desenvolver.

– Establecer as bases para o seu seguimento e avaliación.

3. Zonificación.

Os límites da zonificación teñen como obxectivo facer compatible no Parque a conservación dos recursos naturais coas distintas actividades que se desenvolvan nel. Clasifícase o territorio en tres categorías, aproveitando os novos medios e ferramentas dos Sistemas de información xeográfica e o novo coñecemento de campo, delimitando así con maior precisión as seguintes zonas:

a. Zona I de uso limitado (565,43 ha): a zona de uso limitado está constituída por aquelas áreas que requiren dunha maior protección por presentaran unha ou varias das seguintes características: 1. albergan valores naturais de excepcional rareza; 2. albergan valores

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

naturais de especial interese pola súa escaseza e/ou diversidade; 3. albergan valores naturais de especial fraxilidade. A zona de uso limitado está formada por:

– Unha área litoral: inclúe a gran duna móbil e os outros hábitats dunares e costeiros, agás a praia.

– Unha área de lagoas e marismas: inclúe as lagoas de Carregal e Vixán, os hábitats higrófilos que as envolven e as prolongacións deles na transición a áreas de cultivos.

b. Zona II de uso compatible (374,00 ha): a zona de uso compatible inclúe, por unha banda, as praias comprendidas entre o núcleo urbano de Corrubedo e punta Corbeiro, e por outra, as áreas de paisaxe agraria tradicional e cultivos forestais, nas cales se localizan hábitats prioritarios ou de interese comunitario, ou hábitats de especies de interese para a conservación (especies dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, especies de aves migratorias e aves do anexo I da DC 2009/147/CE, especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas).

c. Zona III de uso xeral (56,82 ha): a zona de uso xeral inclúe terreos desnaturalizados pola actividade humana ou nos cales se xera unha actividade antrópica elevada, como parcelas de uso residencial, explotacións mineiras, equipamentos e infraestruturas de uso público, que se sitúan no límite interior do Parque.

4. Medidas de xestión.

4.1. Normativa sobre a cal se estrutura o PRUX.

4.1.1. Normativa europea e internacional.

– Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.

– Regulamento (CE) 338/97 do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio.

– Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (directiva marco de augas). DOCE, 327, do 22 de decembro de 2000.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (AAE).

– Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental. DOCE 189, 18 de xullo de 2002.

– Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de acceso público á información ambiental.

– Directiva 2004/35/CE do Parlamento e do Consello, do 21 de abril de 2004, sobre responsabilidade ambiental en relación coa prevención e reparación de danos ambientais.

– Protocolo de Cartaxena sobre seguridade da biotecnoloxía (29 de xaneiro de 2000; ratificado por España o 16 de xaneiro de 2002).

– Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.

– Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño.

– Directiva 2008/99/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, relativa á protección do medio ambiente mediante o Dereito penal.

– Directiva 2008/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, relativa ás normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas, pola que se modifican e derrogan anteriormente as directivas 82/176/CEE, 83/513/CEE, 84/156/CEE, 84/491/CEE e 86/280/CEE do Consello, e pola que se modifica a Directiva 2000/60/CE.

– Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.

– Regulamento (UE) nº 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os Regulamentos (CE) nº 1184/2006 e (CE) nº 1224/2009 do Consello e se derogan o Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

– Regulamento de execución (UE) nº 1418/2013 da Comisión, do 17 de decembro de 2013 relativo aos plans de produción e comercialización en virtude do Regulamento

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

(UE) nº 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

– Directiva 2014/38/UE da Comisión, do 10 de marzo de 2014, pola que se modifica o anexo III da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo á contaminación acústica.

– Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente.

– Directiva 2014/80/UE da Comisión, do 20 de xuño de 2014, que modifica o anexo II da Directiva 2006/118/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.

– Regulamento (UE) nº 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, sobre a prevención e a xestión da introdución e propagación de especies exóticas invasoras.

– Directiva (UE) 2015/1127 da Comisión, do 10 de xullo de 2015, pola que se modifica o anexo II da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas.

– Directiva (UE) 2015/996 da Comisión do 19 de maio de 2015 pola que se establecen métodos comúns de avaliación do ruído en virtude da Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

– Acordo de París (22 de abril de 2016; vixente desde o 4 de novembro de 2016)

– Regulamento de execución (UE) 2016/1141 da Comisión, do 13 de xullo de 2016, polo que se adopta unha lista de especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión de conformidade co Regulamento (UE) nº 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello.

– Regulamento de execución (UE) 2017/1263 da Comisión, do 12 de xullo de 2017, polo que se actualiza a lista de especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión establecida polo Regulamento de Execución (UE) 2016/1141 de conformidade co Regulamento (UE) nº 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Directiva (UE) 2018/850 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 1999/31 / CE sobre vertedura de residuos.

– Directiva (UE) 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre residuos.

– Regulamento delegado (UE) 2018/968 da Comisión, do 30 de abril de 2018, que complementa o Regulamento (UE) nº 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ás análises de riscos relativos a especies exóticas invasoras.

– Directiva (UE) 2019/904 sobre a redución do impacto ambiental de determinados produtos plásticos.

– Regulamento de execución (UE) 2019/1262 da Comisión, do 25 de xullo de 2019, polo que se modifica o Regulamento de Execución (UE) 2016/1141 co fin de actualizar a lista de especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión.

4.1.2. Normativa estatal.

Ordenación do territorio e urbanismo

– Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento (RPU/1978).

– Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística (RXU/1978) en todo o que non se opoña ao disposto pola Lei 8/2007 e o RDL 1/1992, na parte non derrogada.

– Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da edificación (modificada pola Lei 8/2013).

– Lei 45/2007, de desenvolvemento sustentable do medio rural.

– Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

– Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Lei 12/2014, do 9 de xullo, pola que se regula o procedemento para a determinación da representatividade das organizacións profesionais agrarias e se crea o Consello Agrario.

Avaliación ambiental.

– Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Paisaxe.

– Ratificación do Convenio Europeo da Paisaxe por parte do Estado español, do 26 de novembro de 2007.

Conservación da natureza.

– Resolución do 15 de marzo de 1993, da Subsecretaría, pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Ministros do 21 de febreiro de 1992, polo que se autoriza a inclusión de nove zonas húmidas na lista do Convenio sobre zonas húmidas de importancia internacional, especialmente como hábitat para as aves acuáticas (Ramsar, 2 de febreiro de 1971). BOE 73/26.3.1993.

– Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais da flora e fauna silvestre (traspón a Directiva 79/409/CEE, 92/43/CEE e 97/62/CE sobre Rede Natura 2000).

– Resolución do 15 de marzo de 1993. Aiguamolls de l'Empordá (Girona), Delta de l' Ebre (Tarragona), Laguna de Manjavacas (Cuenca), Laguna de Alcázar de San Juan (Yeguas e Camino de Villafranca) (Ciudad Real), Laguna del Prado (Ciudad Real), Encoro de Orellana (Badaxoz), Complexo das Praias, Duna e Lagoa de Corrubedo (A Coruña), lagoa e areal de Valdoviño (A Coruña), Ría de Mundaka-Gernika (Biscaia).

– Real decreto 1739/1997, do 20 de novembro, sobre medidas de aplicación do Convenio sobre comercio internacional de especies ameazadas de flora e fauna silvestres (CITES), feito en Washington o 3 de marzo de 1973 e o Regulamento (CE) 338/97, do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies de fauna e flora salvaxes controlando o seu comercio.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Orde MAM/2784/2004, do 28 de maio, pola que se exclúe e cambian de categoría determinadas especies no Catálogo nacional de especies ameazadas.

– Real decreto 435/2004, do 12 de marzo, polo que se regula o Inventario nacional de zonas húmidas.

– Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

– Lei 41/2010, de protección do medio mariño.

– Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas; e as súas modificacións: Orde AAA/75/2012, do 12 de xaneiro; Orde AAA/1771/2015, do 31 de agosto, Orde AAA/1351/2016, do 29 de xullo e Orde TEC/596/2019, do 8 de abril.

– Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.

– Real decreto 416/2014, do 6 de xuño, polo que se aproba o Plan sectorial de turismo de natureza e biodiversidade 2014-2020.

– Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes

– Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e da biodiversidade.

– Orde AAA/1771/2015, do 31 de agosto, pola que se modifica o anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.

– Resolución do 6 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 24 de febreiro de 2017, polo que se aproban os criterios orientadores para a inclusión de taxons e poboacións no Catálogo español de especies ameazadas.

– Lei 7/2018, do 20 de xullo, modificación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Real decreto 1365/2018, do 2 de novembro, polo que se aproban as estratexias mariñas.

– Real decreto 570/2020, do 16 de xuño, polo que se regula o procedemento administrativo para a autorización previa de importación no territorio nacional de especies alóctonas co fin de preservar a biodiversidade autóctona española.

Patrimonio cultural.

–Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico.

– Decreto 798/1971, de 3 de abril, polo que se dispón que nas obras e nos monumentos e conxuntos histórico-artísticos se empreguen no posible materiais e técnicas tradicionais.

– Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os «hórreos» ou «cabazos» antigos existentes en Galicia e Asturias.

– Real decreto lei 2/2018, do 13 de abril, de modificación da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

– Real decreto 162/2002, do 8 de febreiro, de modificación do Real decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei 16/1985.

Accesibilidade.

– Real decreto 505/2007, de condicións básicas de accesibilidade en espazos públicos urbanizados e edificacións.

– Real decreto lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Augas, costas e medio mariño.

– Lei 59/1969, do 30 de xuño, de xestión do marisqueo.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminares I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

– Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

– Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas.

– Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrícolas.

– Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, polo que se desenvolve o Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas.

– Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba ou texto refundido da Lei de augas.

– Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional.

– Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de planificación hidrolóxica.

– Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre xestión da calidade das augas de baño.

– Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.

– Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, sobre avaliación e xestión dos riscos de inundación.

– Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

– Real decreto 363/2017, do 8 de abril, polo que se establece un marco para a xestión do espazo marítimo.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

– Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral e a modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

– Lei 33/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

– Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas.

– Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproban os plans hidrolóxicos das bacías hidrográficas de Galicia-Costa, bacías mediterráneas andaluzas, Guadalete e Barbate e Tinto, Odiel e Piedras.

– Real decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de xestión do risco de inundación para a demarcación hidrográfica Galicia-Costa.

– Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

– Real decreto 638/2016, do 9 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

– Lei 1/2018, do 6 de marzo, pola que se modifica o Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.

Mobilidade.

– Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas.

– Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas.

– Real decreto lei 3/2018, do 20 de abril, pola que se modifica a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Ruído.

– Real decreto 1513/2005 do 16 de decembro polo que se desenvolve a lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental.

– Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, de ruído, en relación coa zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

– Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, polo que se modifica a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.

Atmosfera e cambio climático.

– Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

– Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, e a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

– Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

– Real decreto 39/2017, do 27 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.

– Real decreto 773/2017, do 28 de xullo, polo que se modifica a Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, e a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

– Real decreto 1042/2017, de 22 de decembro, sobre a limitación das emisións á atmósfera de determinados axentes contaminantes procedentes das instalacións de combustión medianas e polo que se actualiza o anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera e o Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que que se regula la comercialización y manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os utilizan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolven actividades que emitan gases fluorados.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Residuos.

– Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas.

– Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.

– Real decreto 9/2005, do 14 xaneiro, que establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.

– Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

– Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

– Real decreto 1290/2012, do 7 de setembro, polo que se modifica o Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, e o Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, de desenvolvemento do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas

– Real decreto 180/2015, de 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.

– Orde PRA/1080/2017, do 2 de novembro, pola que se modifica o Real decreto 9/2005, do 14 xaneiro, que establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.

– Real decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre os vehículos ao final da súa vida útil.

– Real decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que regula o traslado dos residuos no interior do territorio do Estado.

– Real decreto 646/2020, do 7 de xullo, polo que se regula a eliminación dos residuos depositándoos nun vertedoiro.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Minaría.

– Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.

– Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

Outras.

– Orde PRE/1841/2005, do 10 de xuño, pola que se modifica parcialmente a Orde do 18 de xaneiro de 1993, do Ministerio de Relacións coas Cortes e a Secretaria do Goberno, sobre zonas prohibidas e restrinxidas ao voo.

– Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, que modifica a Lei 54/1997, do 27 de novembro de 1997, do sector eléctrico.

4.1.3. Normativa autonómica.

Ordenación do territorio e urbanismo.

– Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

– Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para Galicia.

– Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do 20 de febreiro de 2006 sobre o Plan de inspección urbanística autonómica.

– Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (DOT).

– Decreto 20/2011, do 10 febreiro, que aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL).

– Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria.

– Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

– Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo Galicia.

– Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas relativas a proxectos públicos de emerxencia ou de interese excepcional.

– Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia (modifica aspectos referidos a diferentes leis e decretos, como a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia).

– Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

Avaliación ambiental.

– Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.

– Lei 2/1995, do 31 de marzo, pola que se dá nova redacción á disposición derrogatoria única da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

– Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

– Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

– Lei 5/2017, do 19 de outubro, para promover a implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

– Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Paisaxe.

– Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

– Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.

– Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

– Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as directrices de paisaxe de Galicia.

Montes.

–Lei 13/1989, 10 de outubro, sobre os montes veciñais en man común.

– Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

– Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

– Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

– Decreto 76/2018, do 19 de xullo, polo que se modifica o Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.

– Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia.

Conservación da natureza.

– Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Decreto 167/2011, do 4 de agosto, polo que se modifica o Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas e se actualiza o dito catálogo.

– Decreto 70/2013, do 25 de abril, polo que se aproba o Plan de recuperación do sapo-concho común (*Emys orbicularis* L.) en Galicia.

– Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia.

– Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de conservación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia.

– Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

– Lei 4/2015 de 17 de xuño de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

– Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

Patrimonio cultural.

– Decreto 430/1991, do 30 decembro, polo que se regula a tramitación para a declaración de ben de interese cultural e se crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

– Decreto 199/1997, do 10 xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica de Galicia.

– Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

– Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Accesibilidade.

– Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

Augas, medio mariño e costas.

– Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, polo que se modifica o artigo 18 do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público Portos de Galicia.

– Lei 5/2006, do 30 de xuño, de protección, conservación e mellora dos ríos galegos.

– Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico das zonas húmidas protexidas e se crea o inventario de humidais de Galicia.

– Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.

– Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

– Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

– Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura aos sistemas públicos para a depuración de augas residuais.

– Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula o uso de lodos de depuradoras fóra do sector agrario na Comunidade Autónoma de Galicia.

– Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

– Resolución do 28 de xaneiro de 2013 pola que se revisa a declaración de zonas sensibles no ámbito territorial das bacías hidrográficas de Galicia-Costa.

– Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas.

– Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se dispón a publicación da normativa do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.

– Orde do 8 de abril de 2019, pola cal se modifica a Orde do 8 de setembro de 2006 pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Mobilidade.

– Decreto 308/2003, do 26 de xuño, de relación de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

– Lei 8/2013, de estradas de Galicia.

– Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para actualizar o sistema de transporte público galego.

– Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Ruído.

– Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Atmosfera e cambio climático.

– Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.

Residuos.

– Decreto 174/2005, do 9 de xuño, que regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtoras e xestores de residuos de Galicia.

– Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

– Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados.

– Orde do 20 xullo 2009 de construción e xestión dos vertedoiros en Galicia.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Resolución do 7 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se fai público o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 13 de xaneiro de 2011 e se dá a difusión e a publicidade exixidas pola Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

Minaría.

– Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

– Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Outros.

– Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

– Resolución do 5 de maio de 2014 pola que se fai pública a aprobación definitiva e as disposicións normativas do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia.

– Decreto 85/2012, do 16 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galicia e se aproba o Manual de sinalización turística de Galicia.

– Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.

– Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Planeamento de carácter territorial.

– Plan sectorial de ordenación territorial de parques de tecnoloxía alimentaria na costa galega (30.6.2005).

– Plan xeral de ordenación municipal de Ribeira (17.12.2002).

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

4.1.4. Normativa específica do Parque.

– Decreto 139/1992, do 5 de xuño, polo que se declara parque natural o complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (Concello de Ribeira, A Coruña).

– Corrección de erros: Decreto 139/1992, do 5 de xuño, polo que se declara parque natural o complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (Concello de Ribeira, A Coruña).

– Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

– Corrección de erros do Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

– Decreto 30/2004, do 22 de xaneiro, polo que se crea a Xunta Consultiva do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

– Decreto 265/2007, do 28 de decembro, polo que se modifica a composición das xuntas consultivas dos parques naturais de Galicia.

4.2. Medidas e normativa xeral.

4.2.1. Directrices xerais.

a. Como principio básico, o presente PRUX emana do PORN do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

b. Tómase como referencia tamén a normativa europea (Directiva 92/43/CEE, Directiva 2009/147/CE), estatal (Lei 42/2007, do 13 de decembro, Lei 33/2015, do 21 de setembro, RD 630/2013; RD 139/2011, etc.) e autonómica (leis 9/2001, do 21 de agosto e 5/2019, do 2 de agosto; Decreto 139/1992; Decreto 148/1992; Decreto 37/2014, do 27 de marzo; Decreto 127/2008, do 5 de xuño, etc.) que inciden sobre o ámbito territorial do Parque.

c. Tamén, ao estar o Parque incluído na Lista de zonas húmidas de importancia internacional do Convenio de Ramsar e, por tanto, de acordo coa Lei 42/2007, do 13 de decembro, posúe o status xurídico de área protexida por instrumento internacional, adecúase

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

ao réxime de protección, ordenación e xestión previsto para esta figura no Convenio de Ramsar e nos acordos e normativa que o desenvolven.

d. Os obxectivos de conservación primarán sobre calquera outra actividade que se planifique ou se desenvolva no Parque. En toda actuación primará o principio de cautela, de planificación das intervencións e menor agresividade para os compoñentes da biodiversidade do Parque.

e. Fomentar unha utilización respectuosa e sustentable dos compoñentes naturais do Parque, asegurando as posibilidades de satisfacer as necesidades e as aspiracións das xeracións actuais e futuras.

f. Velar polo mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos ecosistemas.

g. Asegurar a preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais e da paisaxe, evitando ou, se for o caso, minimizando a degradación destes por elementos ou construcións que supoñan un elevado impacto visual, derivado da súa localización, materiais empregados ou das relacións e cores utilizadas.

h. Dar preferencia ás medidas de conservación, preservación e restauración dos hábitats naturais e seminaturais, facendo especial fincapé naqueles considerados como prioritarios ou de interese comunitario, e aqueles con reducida representatividade, ou elevada fraxilidade, no ámbito do Parque.

i. Dar preferencia ás medidas de conservación das poboacións das especies silvestres de flora e fauna, facendo especial fincapé naquelas consideradas como protexidas por normativas internacionais, comunitarias, nacionais ou galegas.

l. Conceder prioridade ás especies de interese para a conservación, ás especies endémicas ou que posúan unha área de distribución limitada, así como ás especies de fauna migratoria.

m. Dar preferencia á conservación da diversidade xenética das poboacións silvestres de flora e fauna, así como ao mantemento ou, se for o caso, á recuperación de razas, variedades e cultivares propios da zona que formen parte dos agrosistemas tradicionais.

n. Evitar a introdución, e controlar e mitigar a difusión e expansión de especies, subespecies ou razas xeográficas distintas ás autóctonas, na medida en que poidan competir con estas, alterar a súa pureza xenética ou provocar desequilibrios ecolóxicos sobre os

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

hábitats naturais e seminaturais, así como sobre as poboacións das especies de flora e fauna.

o. Asegurar o mantemento dos reservatorios naturais de carbono existentes no Parque, e tender a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e lograr unha maior eficiencia no gasto dos recursos renovables e no control integral dos residuos e produtos contaminantes.

p. Mellorar a calidade de vida dos habitantes do Parque mediante a adopción de medidas de dinamización e desenvolvemento económico dirixidas especialmente ás actividades relacionadas co uso público, o turismo e o aproveitamento sustentable dos recursos naturais.

q. Facer seguimento da realidade económica, sociolóxica e natural do Parque a fin de poder avaliar axeitadamente a repercusión dos programas e proxectos sobre estas características do espazo.

r. Evitar a realización de calquera tipo de actividade que poida supoñer un risco de contaminación das augas continentais, tanto superficiais como subterráneas, así como das augas mariñas.

s. Manter as actividades e usos que sexan compatibles coa conservación da biodiversidade e o uso sustentable dos recursos naturais.

t. Facer promoción do coñecemento dos valores naturais e culturais do Parque a través da coordinación con outras administracións, a comunidade científica e a poboación local.

u. Fomentar a implicación de entidades de custodia do territorio na xestión de parcelas agrarias e forestais coa finalidade de reverter o seu abandono. O Parque apoiará explicitamente estas iniciativas en caso de que sexan propostas ante as administracións públicas competentes ou existan liñas de subvención ou apoio para axudar a implementalas no territorio.

v. Avaliar a evolución ao longo do tempo dos distintos elementos do patrimonio natural do Parque, tendo en conta os impactos causados polas persoas visitantes e de xeito que permita extraer información sobre a capacidade de carga e as presións que existen sobre os elementos máis sensibles.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

4.2.2. Normativa xeral.

a. Calquera plan, programa ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para esta, poida afectar de forma apreciable as especies ou os hábitats do Parque, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha axeitada avaliación das súas repercusións no Parque, que se realizará de acordo co establecido no Artigo 84 da Lei 5/2019, do 2 de agosto.

b. Calquera proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do Parque ou sen ser necesario para esta, pretenda desenvolverse no Parque, requirirá un informe preceptivo e vinculante que debe emitir a consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural, nos termos establecidos no artigo 85 da Lei 5/2019, do 2 de agosto.

c. A Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de patrimonio natural é o órgano encargado da planificación, xestión e conservación do Parque. De acordo coas leis 9/2001, do 21 de agosto, e 5/2019, do 2 de agosto, corresponde ao Director a xestión do Parque e, en particular, a elaboración e proposta dos orzamentos e programas de xestión e a execución e desenvolvemento do PRUX. E segundo o Decreto 30/2004, do 22 de xaneiro, polo que se crea a Xunta Consultiva do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (actualmente denominada xunta reitora, de acordo co establecido na Lei 5/2019, do 2 de agosto), é función da dita xunta reitora colaborar na xestión do Parque e canalizar a participación dos propietarios e os intereses sociais e económicos afectados.

4.2.2.1. Usos permitidos.

a. Con carácter xeral considéranse usos ou actividades permitidas aquelas de carácter tradicional que sexan compatibles coa conservación dos valores naturais do Parque e todos aqueles non incluídos nos grupos de actividades prohibidas ou suxeitas a autorización, nin considerados na normativa específica contida neste plan.

4.2.2.2. Usos autorizables.

a. Considéranse usos autorizables aqueles usos que, baixo determinadas condicións e tras a obtención das correspondentes autorizacións dos organismos ou administracións competentes, así como a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural, poden ser executados ao ser considerados compatibles cos

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

obxectivos de conservación do Parque e dos compoñentes clave da biodiversidade, ao non levar consigo unha deterioración significativa, a curto ou medio prazo, dos seus valores.

b. O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural avaliará o grao de significación da actividade e poderá autorizala tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión, propoñendo, se for o caso, medidas preventivas e compensatorias.

c. Son autorizables aquelas actividades directamente relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, así como aquelas accións que concorran baixo razóns imperiosas de interese público de primeira orde.

d. Serán autorizables as actividades de investigación científica, incluíndo recolección de mostras ou experimentación *in situ* sobre os hábitats, principalmente as que contribúan á caracterización e mellor coñecemento do medio natural do Parque. As actividades de investigación deberán contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural, que avaliará a súa adecuación ás necesidades de conservación e xestión do Parque, e autorizará soamente aquelas actividades que non sexan susceptibles de provocar unha afección significativa sobre os compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade.

e. Será autorizable o uso de biocidas de maneira controlada e sobre pequenas superficies, para a loita contra pragas agrícolas, especies exóticas invasoras ou outros fins debidamente xustificados, sempre que non supoñan unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats prioritarios e das especies de flora e fauna silvestres de interese para a conservación.

4.2.2.3. Usos prohibidos.

a. Considérase uso prohibido aquel contrario aos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000 e do Parque e que, polo mesmo, leva consigo unha afección significativa sobre a integridade do Parque ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats e especies protexidas).

b. Toda actuación considerada como prohibida na normativa referente á conservación do patrimonio natural e a Biodiversidade (Lei 42/2007, do 13 de decembro; Lei 5/2019, do 2 de agosto), así como na referente á declaración do Parque (Decreto 139/1992, do 5 de xuño), os seus instrumentos de ordenación e os referentes aos espazos naturais (De-

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

creto 37/2014, do 27 de marzo) ou dos compoñentes da biodiversidade recoñecidos dentro do ámbito do Parque.

c. Con carácter xeral, e por resultaren incompatibles cos fins do espazo protexido, son usos prohibidos en todo o Parque as novas obras, instalacións ou actividades coincidentes coas relacionadas na lexislación vixente en materia de avaliación de impacto ambiental (Lei 21/2013, de avaliación ambiental), considerando do mesmo modo as ampliacións das preexistentes.

d. Quedan prohibidas todas aquelas actuacións que poidan producir unha alteración física ou unha perda dos valores naturais, culturais, científicos ou educativos da área de aplicación do presente plan.

e. Quedan expresamente prohibidas a pesca continental (entendendo como tal a que se realiza nas lagoas e nos cursos de auga, ríos e regatos) e a caza, así como a captura ou recolección de materiais xeolóxicos, biolóxicos ou culturais, salvo aquelas expresamente permitidas ou autorizables na normativa sectorial e relacionadas con aproveitamentos, actividades de investigación ou que teñan relación coa xestión do Parque.

f. Teñen a consideración de usos prohibidos:

i. Novas actividades e aproveitamentos mineiros. Non se permitirán novas actividades extractivas. Estas explotacións producen un impacto paisaxístico crítico, incompatible cos obxectivos de protección do Parque, dos seus hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación e, por outra parte, contan con mínimas posibilidades de restauración a curto ou medio prazo. As actividades mineiras existentes deberán contar cun plan de restauración, tal e como se recolle no Real decreto 975/2009.

ii. Instalacións industriais de enerxía eólica. Quedan excluídas desta consideración as instalacións para uso doméstico ou as necesarias para a xestión das instalacións do Parque.

iii. Instalacións de enerxía hidroeléctrica.

iv. Aproveitamentos industriais de enerxía fotovoltaica.

v. Aproveitamentos industriais de enerxía mareomotriz.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

vi. Sondaxes, perforacións e exploracións de recursos submarinos para o seu aproveitamento industrial, incluíndo a fracturación hidráulica, así como a extracción, captura, inxección e almacenamento xeolóxico de fluídos.

vii. Actividades industriais incompatibles cos obxectivos de conservación do Parque (Decreto 139/1992, do 5 de xuño) e o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014, do 27 de marzo).

g. As limitacións ao sobrevoo serán as establecidas conforme á normativa de aplicación.

4.3. Normativa zonal.

A normativa zonal establece as directrices de uso en cada unha das unidades de zonificación en función das necesidades de xestión para a conservación dos valores naturais e os diferentes aproveitamentos dos recursos naturais. A normativa zonal establecida no presente plan prevalece sobre calquera outra planificación. As tres zonas delimitadas no PORN son:

a. Zona I de uso limitado: a zona de uso limitado está constituída por aquelas áreas que requiren dunha maior protección por presentaren unha ou varias das seguintes características: 1. albergan valores naturais de excepcional rareza; 2. albergan valores naturais de especial interese pola súa escaseza e/ou diversidade; 3. albergan valores naturais de especial fraxilidade. A zona de uso limitado está formada por:

– Unha área litoral: inclúe a gran duna móbil e os outros hábitats dunares e costeiros, agás a praia.

– Unha área de lagoas e marismas: inclúe as lagoas de Carregal e Vixán e os hábitats higrófilos que as envolven e as prolongacións destes na transición a áreas de cultivos.

b. Zona II de uso compatible: a zona de uso compatible inclúe, por unha banda, as praias comprendidas entre o núcleo urbano de Corrubedo e punta Corbeiro, e por outra, as áreas de paisaxe agraria tradicional e cultivos forestais, nas cales se localizan hábitats prioritarios ou de interese comunitario ou hábitats de especies de interese para a conservación (especies dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, especies de aves migratorias e aves do anexo I da DC 2009/147/CE, especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas).

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

c. Zona III de uso xeral: a zona de uso xeral inclúe terreos desnaturalizados pola actividade humana ou nos que se xera unha actividade antrópica elevada, como parcelas urbanas, explotacións mineiras, equipamentos e infraestruturas de uso público. Sitúanse principalmente na periferia do Parque.

4.3.1. Zona I de uso limitado (mapa 1, anexo I).

4.3.1.1. Definición.

A área de uso limitado está constituída por aquelas áreas que requiren dunha maior protección por presentaren unha ou varias das seguintes características: 1. albergan valores naturais de excepcional rareza; 2. albergan valores naturais de especial interese pola súa escaseza e/ou diversidade; 3. albergan valores naturais de especial fraxilidade.

Estas áreas inclúen na súa maior parte hábitats prioritarios ou de interese comunitario (anexo I da Directiva 92/43/CEE, Directiva 2009/147/CE), pero tamén áreas prioritarias para a conservación de especies de interese comunitario (anexo II do Directiva 92/43/CEE, Directiva 2009/147/CE) ou especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas.

Na área de uso limitado do Parque só se admiten usos tradicionais compatibles coa conservación dos valores naturais e actividades ligadas á xestión, investigación seguimento e recuperación dos valores naturais, mentres que o acceso de visitantes estará limitado ás áreas especialmente deseñadas para tal fin.

A área de uso limitado está formada por:

– Una área litoral: inclúe a gran duna móbil, os outros hábitats dunares e costeiros, agás a praia.

– Unha área de lagoas e marismas: inclúe as lagoas de Carregal e Vixán e os hábitats higrófilos relacionados con elas.

4.3.1.2. Obxectivos.

a. Manter ou, se for o caso, restaurar as paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, nun estado de conservación favorable.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

b. Regular e favorecer os usos tradicionais compatibles coa conservación dos valores naturais por parte da poboación local, evitando aqueles outros usos que supoñan un risco para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais ou seminaturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

4.3.1.3. Directrices.

a. O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa a integridade da área ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

b. Fomentarase a conservación e restauración dos compoñentes das paisaxes culturais vinculadas con valores históricos e cos sistemas de manexo tradicional e compatible coa conservación dos valores naturais.

c. As actividades de aproveitamento tradicional que se realicen nalgún dos tipos de hábitats expostos no punto 2 deberán garantir a conservación da súa biodiversidade e, se é o caso, axudar á súa recuperación.

d. Velar para que os aproveitamentos e labores de carácter tradicional que se realicen sobre os recursos naturais empreguen técnicas que minimicen os impactos e sexan de carácter sustentable.

e. Fomentaranse as accións dirixidas á conservación dos valores naturais, mediante a elaboración dun programa específico cuxas actuacións serán implementadas durante o período de aplicación do PRUX e que atenderán a:

i. Conservación e recuperación dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación, priorizando aquelas combinacións de hábitats que redunden nunha mellor conservación da biodiversidade.

ii. Redución das superficies cubertas por formacións vexetais formadas por especies alóctonas. As superficies ocupadas por estas formacións deberán ser progresivamente substituídas por hábitats acordes coas características bioxeográficas das distintas localizacións.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

iii. Conservación das pequenas masas arborizadas autóctonas existentes, asegurando a súa naturalidade estrutural, específica e xenética.

iv. Control e mitigación da presenza das especies alóctonas e, especialmente, daquelas consideradas como exóticas invasoras, evitando a chegada ou introdución accidental de novos propágulos desde a contorna.

v. Mellora do coñecemento científico dos hábitats e as especies presentes e realizar seguimento e avaliación do seu estado de conservación.

4.3.1.4. Normativa.

a. O uso público estará limitado a aquelas áreas designadas especialmente para tal fin, por seren áreas de paso ou para permitir a realización de actividades de carácter recreativo naturalista, como a observación e fotografía da natureza ou a realización de actividades de educación ambiental. Deste xeito, poderase circular a pé libremente por aquelas sendas e camiños habilitados para tal efecto e indicados nos mapas 14, 15 e 16 do anexo III, quedando prohibida a circulación fóra destas vías ou por outros medios, así como a realización de actividades de lecer non vencelladas á observación da natureza ou a educación ambiental. Serán sinalizadas, de ser o caso, as condicións para este acceso. No caso dos propietarios de terreos, permítese a circulación con vehículos de motor, tracción animal ou con cabalgaduras polos camiños habilitados para tal fin, coa finalidade de acceder a eles.

b. Quedan expresamente prohibidos todo tipo de aproveitamentos de recursos naturais, incluída a actividade forestal, excepto os cultivos tradicionais e aproveitamentos tradicionais de recursos mariños, que serán autorizables cando se leven a cabo de acordo co establecido pola Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia e cando non supoñan un impacto negativo sobre o estado de conservación dos ecosistemas, sobre os hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación nin as propias especies de interese para a conservación.

c. Será autorizable a realización de labores tradicionais cando sexan avaliados como positivos para a conservación da biodiversidade e non ocasionen impacto negativo no medio natural e/ou contribúan ao mantemento de hábitats seminaturais. Neste punto inclúense actuacións como a corta de carrizo e xunco ou o mantemento de *corcovas*/*cólcavas*.

d. Serán autorizables as tarefas de xestión da biomasa nas faixas primarias e secundarias, e garantindo que estes labores poden realizarse sen afectación aos hábitats de inte-

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

rese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación nin as propias especies de interese para a conservación.

e. Queda expresamente prohibido todo tipo de construción e calquera outra obra ou actuación que modifique o medio natural, salvo aquelas que sexan indispensables para a xestión do Parque.

f. Queda expresamente prohibido o tránsito con cans ou calquera outro animal de compañía, excepto os cans-guía e os vencellados a tarefas de rescate.

g. Prohíbese a navegación recreativa por calquera medio, incluídas canoas, piraguas, kayaks ou calquera artefacto flotante, nas augas comprendidas na área de Uso limitado. Poderá autorizarse a navegación co fin de realizar traballos de investigación ou de xestión do Parque.

h. Prohíbense os deportes tipo surf, paddle surf, windsurf, land windsurf, kitesurf e similares.

4.3.2. Zona II de uso compatible (mapa 1, anexo I).

4.3.2.1. Definición.

A área de uso compatible está formada por áreas que albergan hábitats prioritarios ou de interese comunitario, ou hábitats de especies de interese para a conservación (especies dos anexos II e IV da Directiva 92/43/CEE, especies de aves migratorias e aves do anexo I da Directiva 2009/147/CE, especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas) e: 1. forman parte dunha matriz que inclúe elementos da paisaxe agraria tradicional e masas forestais; 2. sitúanse en espazos moi demandados polo uso público, como a praia.

Nos espazos incluídos na área de uso compatible poderanse establecer limitacións espaciais e/ou temporais coa fin de protexer hábitats ou especies de especial interese. Tamén se favorecerá o mantemento dos usos tradicionais que forman parte da dinámica da paisaxe agraria que contribúen ao mantemento da biodiversidade, mentres que os usos recreativos deben ser regulados para evitar que deterioren os valores naturais do Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

4.3.2.2. Obxectivos.

a. Manter ou, se for o caso, restaurar a paisaxe agraria tradicional e os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, nun estado de conservación favorable.

b. Favorecer os usos tradicionais compatibles coa conservación dos valores naturais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco para a conservación dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

c. Ordenar e regular o uso público para que non produzan deterioración dos hábitats e das especies, especialmente as actividades de lecer de praia, sendeirismo, excursionismo e actividades afíns.

4.3.2.3. Directrices.

a. O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa a integridade da área ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

b. Fomentarase a conservación e restauración dos compoñentes das paisaxes culturais vinculadas con valores históricos e cos sistemas de manexo tradicional e compatible coa conservación dos valores naturais.

c. Os labores de conservación incluídos nesta área, así como as actividades de aproveitamento tradicional que se realizan nalgún destes tipos de hábitats sobre os recursos biolóxicos, deberán garantir a conservación da biodiversidade e a recuperación dos medios que se atopen degradados ou nun estado de conservación desfavorable.

d. Fomentaranse as accións de xestión e conservación orientadas a:

i. Conservación e recuperación dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

ii. Mantemento ou, se for o caso, recuperación de biotopos e microhábitats (fontes, pozas estacionais, pedregais, sebes) vinculados cos antigos sistemas de produción.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

iii. Mantemento de pastos e cultivos tradicionais.

iv. Fomentarase a substitución das superficies cubertas por formacións vexetais de carácter alóctono ou artificial. As superficies ocupadas por estas formacións deberán ser progresivamente substituídos por hábitats acordes coas características bioxeográficas das distintas localizacións.

v. Conservación das pequenas masas arborizadas autóctonas existentes, asegurando a súa naturalidade estrutural, específica e xenética.

vi. Eliminación das especies alóctonas e especialmente aquelas consideradas como exóticas invasoras, evitando a chegada ou introdución accidental de novos propágulos desde a contorna.

vii. Mellora do coñecemento científico dos hábitats e as especies presentes e realizar seguimento e avaliación do seu estado de conservación.

e. Velarase para que os aproveitamentos e labores de carácter tradicional que se realicen sobre os recursos naturais empreguen técnicas que minimicen os impactos e sexan de carácter sustentable.

f. Os aproveitamentos dos recursos naturais poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de suententabilidade.

g. Fomentarase o emprego de variedades e razas autóctonas nas prácticas agrícolas e gandeiras, así como a gandaría de filosofía ambientalmente sustentable.

h. Propiciarase un uso público racional e sustentable, evitando ou minimizando as interferencias negativas sobre as compoñentes da xea e biodiversidade, así como promovendo o coñecemento e goce do ambiente, tendo en conta os colectivos con necesidades específicas.

4.3.2.4. Normativa.

a. Nas zonas coa cualificación de núcleo rural e núcleo urbano, as actuacións de mantemento e conservación das construcións e edificacións existentes estarán sometidas ás ordenanzas municipais e á normativa urbanística de aplicación. A dotación de servizos será autorizable (ver mapas 17 a 20 do anexo III).

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

b. En zonas coa cualificación de solo rústico, as actividades de mantemento e conservación das construcións e edificación, incluídas as actuacións que o artigo 90 da Lei 2/2016, do 10 febreiro, do solo de Galicia, permite para edificacións fóra de ordenación e as obras de acondicionamento e ampliación que non teñan a consideración de aumento de volume segundo as definicións do punto 7 do anexo I do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. A dotación de servizos será, así mesmo, autorizable (ver mapas 17 a 20 do anexo III).

c. A nova construción de edificios ou a ampliación dos seus volumes está prohibida.

d. Con carácter xeral, no referido ao mosaico agrario, permitiranse aqueles usos de carácter tradicional que non supoñan unha afectación significativa á conservación dos valores naturais e que cumpran coa normativa sectorial vixente e coas disposicións do presente plan, tendo en conta que:

i. A superficie agraria non poderá aumentarse, salvo expresa autorización do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural, e sempre que non supoña ningún tipo de afección sobre a superficie dos hábitats de interese comunitario, a superficie dos hábitats das especies de interese para a conservación e as propias especies de interese para a conservación.

ii. As actividades agrícolas deberán desenvolverse con técnicas que non afecten negativamente os hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación nin as propias especies de interese para a conservación.

iii. Permítense as actuacións de xestión en pequenos hortos ou en xardíns e áreas de uso público existentes dentro do Parque.

iv. Será autorizable a realización de actuacions de mantemento en sebes así como entresacas ou rareos en bosquetes autóctonos nas áreas de aproveitamento agrogandeiro cando sexan necesarias para a xestión agrogandeira e garantir a seguridade das persoas, infraestruturas ou propiedades, co compromiso de manter a funcionalidade destas formacións e logo de informe determinante do organismo competente en materia de patrimonio natural.

v. Permítese a circulación dos propietarios dos terreos con vehículos de motor, tracción animal ou con cabalgaduras polos camiños habilitados para tal fin, coa finalidade de acceder a eles.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

e. No referido á actividade forestal:

i. Permítense as actividades recollidas nos instrumentos de ordenación ou xestión forestal aprobados conforme a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e que obtivesen informe favorable do organismo competente en materia de patrimonio natural. As actuacións de reforestación e aproveitamentos de madeira precisarán unha comunicación ao organismo competente en materia de patrimonio natural.

ii. Serán autorizables as actividades forestais que se vaian realizar naquelas superficies que non conten con instrumentos de ordenación ou xestión forestal aprobados conforme á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e que conten co informe favorable do organismo competente en materia de patrimonio natural, cumprindo sempre coa normativa vixente en materia forestal e garantindo que estes labores poden realizarse sen afectación aos hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación nin as propias especies de interese para a conservación.

iii. Prohíbese a plantación de especies forestais alóctonas.

iv. Prohíbense as cortas a feito de formacións arborizadas de frondosas autóctonas, excepto cando estean estritamente vencelladas ás necesidades de xestión, restauración e sanidade vexetal, conformes os obxectivos do presente plan ou cando sexan estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas, infraestruturas ou propiedades, caso en que serán autorizables.

v. Están permitidas as tarefas de xestión da biomasa nas faixas primarias e secundarias, segundo o disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e tendo en conta a modificación introducida pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

f. No referido á praia:

i. Permítese o acceso á praia exclusivamente a pé e polas vías ou áreas autorizadas, quedando prohibido o tránsito de persoas fóra destas vías. Puntualmente, poderase autorizar o acceso de vehículos á praia para retirada de lixo ou animais varados, e outras tarefas de xestión, investigación ou emerxencias debidamente xustificadas.

ii. Permítese a realización de actividades de lecer que non sexan susceptibles de provocar unha afectación sobre os compoñentes da xea e biodiversidade. Neste sentido,

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

prohíbese dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente os animais silvestres, sexa cal for o método empregado ou a fase do seu ciclo biolóxico, así como a destrución ou deterioración das formacións vexetais e outros elementos da xea e biodiversidade.

iii. Prohíbese a realización de land windsurf, kitesurf e deportes similares.

iv. Permítese a realización de surf e paddle surf de xeito individual. As actividades organizadas de surf e paddle surf deberán ser autorizadas polo organismo competente en materia de patrimonio natural. En canto á práctica do windsurf, permítese o acceso a pé dos windsurfistas na zona da Ladeira, no límite norte do Parque Natural, coas velas previamente aparelladas no exterior do parque.

v. Quedan expresamente prohibidos todo tipo de aproveitamentos de recursos naturais, excepto os aproveitamentos de recursos mariños, que serán autorizables cando se leven a cabo de acordo co establecido pola Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, e cando non supoñan un impacto negativo sobre o estado de conservación dos ecosistemas, sobre os hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación, nin as propias especies de interese para a conservación.

vi. Queda expresamente prohibido todo tipo de nova construción e calquera outra obra ou actuación que modifique o medio natural, salvo aquelas indispensables para a xestión do Parque.

vii. Prohíbese a utilización de maquinaria para a limpeza da praia, excepto no caso de necesidades sobrevidas excepcionais nas cales sexa necesario o seu emprego para a xestión do Parque. De efectuarse tarefas de limpeza de lixo na praia, terase en conta o establecido nos planos de conservación de especies ameazadas e garantindo que non se afecten hábitats de interese comunitario.

viii. O organismo competente en materia de patrimonio natural poderá establecer limitacións temporais ou espaciais no uso da praia a fin de garantir a conservación ou a recuperación de hábitats ou especies de interese.

ix. O Parque poderá establecer limitacións temporais no número de visitantes se así se fixer preciso, para garantir a conservación dos hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación e as propias especies de interese para a conservación.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

x. Queda expresamente prohibido o acceso de cans e outras mascotas á praia, agás os cans-guía e os cans en tarefas de rescate. Esta prohibición non é aplicable ao resto da zona II de uso compatible, na cal se permite o tránsito con correa polos camiños habilitados.

xi. Tendo en conta a limitada superficie do Parque e, por tanto, a súa limitada capacidade de asumir impactos e actividades non tradicionais, as probas e competicións deportivas considéranse, con carácter xeral, incompatibles cos obxectivos da zona II. Excepcionalmente, poderanse ser autorizado polo organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural o paso de andainas e carreiras pedestres que podan garantir que non causan afeccións aos hábitats de interese comunitario nin á flora ou fauna silvestre, accedan exclusivamente polas vías establecidas para o uso público, non establezan instalacións auxiliares ou de apoio, non empreguen megafonía e eviten e se responsabilicen da retirada de calquera tipo de residuo. Non poderán establecerse áreas de saída e chegada, que deberán situarse na área de uso xeral.

4.3.3. Zona III de uso xeral (mapa 1, anexo I).

4.3.3.1. Definición.

A área de uso xeral inclúe terreos desnaturalizados pola actividade humana ou nos que se xera unha actividade antrópica elevada, como núcleos de poboación, residencias illadas, actividades mineiras, equipamentos e infraestruturas de uso público.

As actividades que se xeran na área de uso xeral poden chegar a ter un elevado impacto no medio, polo que é preciso establecer medidas e fomentar hábitos que minimicen o impacto sobre o Parque.

A área de uso xeral ten que ter a capacidade de acoller e absorber aquelas actividades que se desenvolvan no Parque e que, por resultaren máis impactantes sobre o contorno, van ser excluídas das restantes áreas.

4.3.3.2. Obxectivos.

a. Manter e asegurar o funcionamento das infraestruturas necesarias para as actividades de xestión, conservación e acollida das actividades de uso público no Parque.

b. Acoller os servizos e instalacións necesarias para as vivendas e poboacións do Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

c. Propiciar a integración paisaxística e ambiental das contornas habitadas ou que acollen actividades de alto impacto, minimizando os impactos e fomentando a restauración dos espazos degradados.

d. Fomentar o mantemento dos usos tradicionais sustentables por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

e. Ordenar e regular as actividades deportivas e recreativas para que non produzan deterioración dos hábitats e das especies, especialmente as actividades que se desenvolven nas instalacións deportivas existentes dentro do Parque, o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns.

4.3.3.3. Directrices.

a. Propiciarase un uso público racional e sustentable do Parque, evitando ou minimizando as interferencias negativas sobre os compoñentes da xea e biodiversidade.

b. Promoverase o coñecemento e goce do medio natural en xeral e do Parque en particular, tendo en conta os colectivos con necesidades específicas.

c. Promoverase a adopción de boas prácticas destinadas a minimizar o impacto (acústico, luminoso, visual, etc.) das actividades que se desenvolven na zona III sobre a contorna.

d. Fomentarase a aplicación de prácticas que favorezan a biodiversidade na xestión/mantemento de construcións e o seu contorno, como a minimización de superficies artificiais, o emprego de especies autóctonas en xardíns, a corrección de situacións-trampa para fauna ou a convivencia con especies silvestres (refuxios de fauna, niños de aves, etc.).

4.3.3.4. Normativa.

a. Nas zonas coa cualificación de núcleo rural e núcleo urbano, as actuacións de conservación e mantemento das construcións e edificacións, as actuacións urbanísticas e de dotación de servizos estarán sometidas ás ordenanzas municipais e á normativa urbanística de aplicación. (ver mapas 17 a 20 do anexo III).

b. Nas zonas coa calificación de solo rústico serán autorizables as actuacións de mantemento e conservación das construcións e edificacións existentes, incluídas as actuacións que o artigo 90 da Lei 2/2016, do 10 febreiro, do solo de Galicia permite para edificacións

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

fóra de ordenación e as obras de acondicionamento e ampliación que non teñan a consideración de aumento de volume segundo as definicións do punto 7 do anexo I do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. A dotación de servizos será, así mesmo, autorizable (ver mapas 17 a 20 do anexo III).

c. No referido ás zonas de cultivo incluídas na área de uso xeral, será de aplicación a normativa referida para o mosaico agrario da área de uso compatible.

d. Son usos permitidos, as tarefas de xestión da biomasa nas faixas primarias e secundarias, segundo o disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e tendo en conta a modificación introducida pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

e. Permítese o tránsito con correa de cans ou calquera outro animal de compañía polos camiños habilitados.

4.4. Medidas e normativa por compoñentes e actividades.

4.4.1. Atmosfera.

4.4.1.1. Obxectivos.

a. Manter a calidade do aire, limitando no Parque a emisión de substancias contaminantes en concentracións tales que modifiquen a calidade do aire por enriba dos niveis autorizados.

b. Vixiar o cumprimento da normativa de carácter comunitario, estatal e autonómica relativa ás emisións atmosféricas de po, cheiros e ruído, producidos polas distintas actividades que se desenvolven no ámbito do Parque.

c. Controlar os niveis de elementos contaminantes presentes no Parque.

4.4.1.2. Directrices.

a. Promover as medidas correctoras necesarias para minimizar ou, se for o caso, eliminar posibles fontes de emisión de cheiros desagradables ou ruídos molestos, en especial os derivados das industrias e EDAR que lindan co Parque no seu extremo sur.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

b. Promover as medidas necesarias para minimizar a contaminación luminosa. Nas novas instalacións ou infraestruturas evitarase a emisión de luz directa cara ao ceo, as luces brancas e excesos nos niveis de iluminación.

c. Minimizar os problemas ambientais (po, ruídos, lixiviados, polución luminosa) vinculados á planta de elaboración de formigón situada dentro do Parque, esixindo e monitoreando de xeito regular o cumprimento da lexislación vixente (ver parte de normativa) por parte do persoal adscrito ao Parque.

d. De igual xeito, emprender as mesmas accións de monitoraxe que as indicadas na alínea c para a canteira a ceo aberto e para a planta de trituración de pedra que se atopan na súa periferia.

e. Mitigar os problemas de cheiros, ruídos, emisión de lixiviados e polución lumínica das industrias do sector acuícola do extremo sur, vixiando o cumprimento da lexislación vixente (ver parte de normativa), así como a súa posible afección ao bordo sur do Parque con carácter regular por parte do persoal adscrito ao Parque. Instarase que o tránsito de vehículos nas inmediacións destas industrias se realice a velocidade reducida para evitar atropelos de fauna e emisión de ruídos. Limitarase o aparcamento de vehículos nestas vías de comunicación sempre que se realice en terreos dentro do Parque.

4.4.1.3. Normativa xeral.

a. Con carácter xeral, e en materia de contaminación atmosférica, seguirase o disposto na lexislación vixente respecto á protección do ambiente atmosférico, así como ás diferentes disposicións sectoriais.

b. Prohíbese a emisión de niveis de ruído por riba dos niveis legais que marca a normativa vixente e contrarios ás disposicións e aos obxectivos do presente plan que poidan perturbar significativamente a tranquilidade das poboacións e das especies animais de interese para a conservación no ámbito do Parque.

c. Prohíbese o uso de megafonía, salvo situacións de emerxencia.

d. Os proxectos de novas instalacións ou infraestruturas deberán minimizar a contaminación luminosa.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

4.4.2. Xea.

4.4.2.1. Obxectivos.

a. Conservar os recursos da xea e a xeodiversidade.

b. Promover, segundo a normativa ambiental vixente, o seu aproveitamento sustentable.

c. Establecer medidas preventivas para impedir a progresiva perda de solo.

d. Manter ou aumentar a capacidade de secuestro de carbono, dada a súa importancia na mitigación dos efectos derivados do cambio climático global.

4.4.2.2. Directrices.

a. Velar por manter as características químicas, estruturais e de textura dos solos, das cales depende en boa medida a súa vexetación, e para evitar a aparición de fenómenos erosivos por causas antrópicas.

b. Velar por manter as características biolóxicas dos solos –imprescindibles para manter o seu funcionamento natural e calidade. Os solos acubillan a maior parte da biodiversidade nos ecosistemas terrestres.

c. A utilización do solo con fins agrícolas, forestais e gandeiros deberase realizar de forma sustentable, para asegurar o mantemento do seu potencial biolóxico e da súa capacidade produtiva.

d. Velar polo cumprimento dos plans de restauración pertinentes das actividades mineiras existentes, que terán como obxectivos preferentes a recuperación paisaxística, así como a recuperación dos hábitats de interese comunitario e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

e. Nas autorizacións e nos procedementos de avaliación ambiental teranse en consideración as singularidades xeolóxicas e xeomorfolóxicas do territorio, tanto debido ao seu valor intrínseco (xeodiversidade), como ao constituíren unha parte esencial de diversos tipos de hábitats de interese comunitario e prioritario (biodiversidade), así como promover a súa conservación ou, se for o caso, establecer medidas compensatorias coa fin de reducir o impacto sobre eles.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

4.4.2.3. Normativa xeral.

a. Con carácter xeral, permítese a modificación da configuración, estrutura e propiedades do solo relacionada con actividades tradicionais de carácter agrícola ou vinculada con actividades construtivas cando se realicen de acordo coas regulacións contidas no presente plan, no artigo 34 do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, e nas normativas sectoriais.

b. As actividades mineiras con autorización de aproveitamento existentes con anterioridade á aprobación do presente plan deberán realizar a súa actividade conforme as normativas sectoriais e de acordo cos criterios establecidos no presente plan.

c. Prohíbense novas explotacións extractivas e complementarias (machuqueo, depósito de areas e parques de maquinaria, balsa de decantación, etc.). Será obrigada a restauración das áreas afectadas por anteriores actividades mineiras.

d. Poderase autorizar a extracción de pedra solta realizada polos propietarios dos predios unicamente para a restauración de valos e outros elementos da paisaxe agraria tradicional que contribúen á conservación da biodiversidade, sempre e cando a súa extracción non supoña unha afección sobre os valores e compoñentes do Parque e conten coa autorización do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural.

e. A recolección de pequenas cantidades de rochas, minerais ou fósiles para fins científicos ou educativos deberá contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural.

f. A realización de actuacións que poidan supor a modificación do estado actual do solo ou o inicio de estados erosivos, tales como movementos de terra por medios mecánicos ou manuais, apertura de catas, prospeccións, sondaxes, etc., deberán contar coa autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural.

g. Prohíbese a vertedura, almacenamento, depósito, enterramento, transformación ou incineración de lixo, entullo ou calquera tipo de residuos, así como de substancias tóxicas e perigosas, excluíndo o tratamento dos materiais xerados no desenvolvemento das actividades de xestión e procesamento de residuos nas instalacións actualmente en funcionamento e que teñan a correspondente autorización.

h. Prohíbese o depósito temporal previo á eliminación ou degradación dos restos agrícolas o gandeiros sobre o solo, nas condicións de seguridade que determine a normativa

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

sectorial ou as respectivas autorizacións de aproveitamento e sempre que non afecten hábitats de interese comunitario, hábitats das especies de interese para a conservación, nin as propias especies de interese para a conservación.

i. Os restos dos aproveitamentos forestais terán un prazo máximo de tres meses para a súa eliminación.

j. Prohibir con carácter xeral a acumulación, depósito ou almacenamento de residuos radioactivos, tóxicos, perigosos ou calquera outro tipo de substancias altamente contaminantes.

4.4.3. Augas continentais.

4.4.3.1. Obxectivos.

a. Previr toda deterioración adicional e protexer e mellorar o estado dos ecosistemas acuáticos, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e zonas húmidas directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos.

b. Promover un uso sustentable da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles.

c. Procurar unha maior protección e mellora do medio acuático para acadar os obxectivos ambientais establecidos no Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa 2015-2021, entre outras formas mediante medidas específicas de redución progresiva das verteduras, as emisións e as perdas de substancias prioritarias.

d. Garantir a redución progresiva da contaminación da auga subterránea e evitar novas contaminacións, e contribuír a paliar os efectos das inundacións e secas.

e. Contribuír a reducir de forma significativa a contaminación das augas subterráneas.

f. Contribuír ao mantemento dos elementos tradicionais ligados ao aproveitamento da auga que representan un recurso de interese para a biodiversidade do Parque.

g. Evitar a alteración dos cursos, leitos e ribeiras, así como a modificación significativa do réxime das augas.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

4.4.3.2. Directrices.

a. Preservar a calidade da auga, tanto superficial como subterránea, e asegurar os caudais mínimos ecolóxicos.

b. Minimizar os impactos que poida producir a realización de obras que supoñan a modificación da estrutura ou vexetación característica das zonas húmidas. Prestarase especial atención á protección das zonas húmidas.

c. Establecer mecanismos de coordinación cos organismos de bacía para asegurar a eficacia das medidas de protección e actuación.

d. Para os efectos de conservación e planificación dos corredores fluviais e das zonas húmidas, consideraranse como límites territoriais os establecidos pola normativa vixente en relación coa zona de policía estipulada nas marxes ou, se for o caso, a porción das marxes que alberga representacións de hábitats do anexo I característicos de medios hidrófilos, higrófilos ou turfófilos.

e. Asegurar que as autorizacións de captacións e aproveitamentos de augas nas zonas húmidas ou na súa área de captación non supoñan unha afección significativa sobre os recursos hídricos da zona húmida e sobre o mantemento dos ecosistemas e comunidades de flora e fauna que estes albergan.

f. Velar polo axeitado mantemento dos pozos tradicionais, como hábitats de interese para algúns grupos de organismos acuáticos, ao tempo que se garante a súa seguridade.

g. As autorizacións de captacións e aproveitamentos de augas evitarán a progresión da cuña salina e, por conseguinte, a salinización artificial das zonas húmidas.

4.4.3.3. Normativa xeral.

a. Toda actuación susceptible de provocar contaminación das augas do Parque deberá posuír os sistemas de depuración conforme a normativa sectorial vixente, que deberán ser autorizados polo organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural.

b. Será autorizable a recollida da canaveira sempre e cando se axuste ao plan de recuperación da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L*. subsp. *lusitanica Steinbacher*) en Galicia (Decreto 75/2013, do 10 de maio).

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

c. Prohíbese a alteración de cursos, leitos e ribeiras, así como a modificación significativa do réxime das augas, excepto cando se poida xustificar debidamente por necesidades de conservación e xestión do Parque, caso en que será autorizable.

d. Prohíbese o desecamento ou sangrado de brañas, pozas, lagoas, ou calquera outro hábitat de interese comunitario ou hábitat crítico para o mantemento de especies de interese para a conservación.

e. Prohíbense as novas captacións de augas no ámbito do Parque.

f. Prohíbese a realización de calquera tipo de vertedura, así como a utilización de calquera tipo de substancia química que poida afectar significativamente a calidade das augas nacentes ou circulantes ou ao ciclo hidrolóxico do Parque, cando se realicen fóra dos lugares habilitados para tal efecto ou sexan contrarias ás condicións establecidas na lexislación vixente ou no presente plan.

g. Prohíbense as acumulacións de materiais en noiros ou leitos que poidan supoñer un obstáculo ao libre paso das augas ou ben poidan ser orixe de procesos erosivos intensos ou que entrañen unha modificación das condicións hidráulicas e hidrolóxicas naturais. Poderanse retirar acumulacións de vexetación que poidan causar retencións e asolagamentos así como as actuacións necesarias para previlas.

h. Prohíbese a vertedura de entullos ou calquera outro material nos pozos tradicionais, así como o seu recheo.

i. Prohíbese o lavado de vehículos e calquera tipo de obxecto en ríos, regatos ou zonas húmidas, botar obxectos nas ditas zonas, así como a incorporación directa ás augas de deterxentes, xabóns, lixivias ou outros tipos de substancias que poidan afectar de forma significativa o estado ecolóxico dos ecosistemas acuáticos.

j. Co fin de garantir a calidade das augas, o organismo competente en materia de patrimonio natural solicitará anualmente a Augas de Galicia informes acerca da calidade das augas dentro do Parque.

4.4.4. Augas e recursos mariños.

4.4.4.1. Obxectivos.

a. Manter ou, se for o caso, restaurar o estado ecolóxico dos ecosistemas mariños.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

b. Tomar medidas preventivas para impedir a progresiva contaminación do mar.

c. Promover a conservación e o uso sustentable dos recursos mariños.

4.4.4.2. Directrices.

a. Os aproveitamentos dos recursos mariños deberán realizarse no Parque de modo que non supoñan unha deterioración no estado de conservación dos hábitats tipificados no anexo I da Directiva 92/43/CEE, así como das áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.

b. Velar en todo momento por manter a calidade das augas mariñas.

c. Establecer mecanismos de coordinación cos organismos de bacía para asegurar a eficacia das medidas de protección e actuación.

d. Os argazos depositados nas praias de area e coídos configuran o hábitat de interese comunitario Nat-2000 1210. Por iso, evitarase a súa retirada como parte dos labores de limpeza nas praias, coa fin de evitar a súa deterioración ou desaparición dentro do Parque.

4.4.4.3. Normativa xeral.

a. Serán autorizables os aproveitamentos de recursos mariños que se leven a cabo de acordo co establecido pola Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, e cando non supoñan un impacto negativo sobre o estado de conservación dos ecosistemas, sobre os hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación, nin as propias especies de interese para a conservación.

b. Coa fin de garantir a conservación dos hábitats naturais de interese comunitario e das especies de interese para a conservación, o organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá establecer, nas súas autorizacións, condicións específicas para os aproveitamentos dos recursos mariños dentro do Parque. Neste sentido, os aproveitamentos poderán limitarse no tempo ou no espazo por motivos de conservación de hábitats ou especies prioritarias.

c. No caso de arribazón masiva de algas que poña en perigo a conservación dos hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies ou as especies de interese para a conservación, o organismo competente en patrimonio natural poderá autorizar a súa retirada.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

d. Toda actuación susceptible de provocar contaminación das augas mariñas do Parque deberá posuír os sistemas de depuración conforme a normativa sectorial vixente, autorizados polo organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural.

e. Prohíbese a realización de calquera tipo de vertedura, así como a utilización de calquera tipo de substancia química, cando se realicen fóra dos lugares habilitados para tal efecto ou sexan contrarias ás condicións establecidas na lexislación vixente ou no presente plan.

f. Prohíbese calquera actuación que poida afectar negativamente os niveis hídricos das zonas húmidas costeiras (pozas, lagoas costeiras, depresións intradunares, marismas, etc.).

4.4.5. Paisaxe.

4.4.5.1. Obxectivos.

a. O recoñecemento, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe a fin de preservar todos os elementos que a configuran nun marco do desenvolvemento sustentable, entendendo que a paisaxe exerce unha función principal de interese xeral nos campos ambientais, culturais, sociais e económicos.

b. Manter nun estado de conservación favorable os tipos de paisaxes existentes no Parque, así como os manexos tradicionais que contribúen ao mantemento destas paisaxes e a biodiversidade asociada.

c. Promover a eliminación dos elementos artificiais que a nivel estrutural e funcional actúan como barreiras ou mitigar os seus efectos, así como fortalecer a conservación daqueles de carácter natural ou seminatural que constitúen corredores ecolóxicos que resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

d. Nas actuacións susceptibles de alterar ou modificar a paisaxe natural do Parque teranse especialmente en conta as súas repercusións sobre a calidade paisaxística e adoptaranse cantas medidas sexan necesarias con obxecto de minimizar o seu impacto, tendo en conta o recollido no artigo 30 do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

e. Evitar a modificación drástica na paisaxe rural, fomentando o mantemento dos usos agropecuarios tradicionais favorables para a conservación da biodiversidade.

4.4.5.2. Directrices.

a. Como norma xeral, seguirase o disposto no Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

b. Promover a recuperación daquelas áreas que conteñan elementos da paisaxe degradados, priorizando as áreas de maior accesibilidade visual.

c. Restaurar a calidade paisaxística alí onde fose deteriorada por accións humanas, como movementos de terra, actividades extractivas, apertura de pistas e camiños ou de calquera outro tipo.

d. Evitar a introdución no medio natural de calquera elemento artificial que limite o campo visual ou rompa a harmonía da paisaxe. Non obstante, poderán establecerse as infraestruturas que sexan imprescindibles, de acordo coas prescricións do presente plan, procurando minimizar o seu impacto sobre o medio.

e. Para a elección de materiais, disposición, tipoloxía, etc., dos elementos de mobiliario que poida incidir na calidade paisaxística do espazo, procurarase acadar a máxima homoxeneidade entre elementos e a integración co carácter do lugar, empregaranse para iso as guías da colección Paisaxe Galega, en particular a *Guía de boas prácticas de intervención en sistemas praia-duna* e a *Guía de boas prácticas de intervención en espazos públicos.*

f. Velar polo mantemento do territorio do Parque libre de lixos, residuos e verteduras, aplicando a normativa vixente na materia.

g. Ter en conta criterios paisaxísticos na planificación dos repoboacións forestais e a ordenación das masas arborizadas preexistentes.

h. O impacto paisaxístico deberá ser especialmente tido en conta nos proxectos de infraestruturas lineais e nas actuacións realizadas en áreas de alta visibilidade.

i. O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá determinar aquelas singularidades da paisaxe, tanto elementos naturais como culturais, que de-

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

ban ser preservados e delimitará o seu ámbito de protección, tendo en conta o seu campo visual.

k. O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural promoverá que as repoboacións forestais e os tratamentos silvícolas non supoñan unha deterioración paisaxística do Parque e propoñerá, se for o caso, as medidas correctoras necesarias.

l. O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural velará para que a introdución de calquera elemento estrutural de carácter artificial non altere de maneira significativa a paisaxe natural ou desfigure as súas formas e perspectiva nin modifique o seu valor estético.

4.4.5.3. Normativa xeral.

a. Prohíbese a instalación de carteis, inscricións ou elementos de calquera natureza con fin publicitario fóra dos núcleos de poboación ou fóra das áreas autorizadas para tal fin.

b. Prohíbese a realización de inscricións, sinais, signos ou debuxos na pedra, árbores ou en calquera outro elemento do medio natural, así como sobre paneis informativos, elementos de valor histórico-cultural ou en calquera tipo de ben moble ou inmoble, en xeral, e a deterioración ou destrución da infraestrutura propia do Parque. Unicamente se poderán realizar sinalizacións debidamente autorizadas polo organismo competente en materia de patrimonio natural respectando os condicionamentos que se impoñan na autorización e cando sexan necesarios para mellorar e completar as redes de camiños e corredoiras.

c. Prohíbese tirar lixo fóra dos contedores establecidos para tal fin así como o depósito de ferrallas ou o abandono ao aire libre de maquinaria, vehículos ou calquera tipo de material alleo ao medio natural.

4.4.6. Hábitats.

4.4.6.1. Obxectivos.

a. Manter nun estado de conservación favorable os hábitats de interese comunitario presentes no Parque.

b. Planificar as actuacións para que se manteña ou mellore o estado de conservación e extensión dos hábitats prioritarios e de interese comunitario establecidos no anexo I da Directiva 92/43/CEE.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

c. Reducir a interferencia humana nos hábitats prioritarios e de interese comunitario establecidos no anexo I da Directiva 92/43/CEE.

d. Regular e fomentar o uso sustentable dos outros hábitats naturais e seminaturais, de xeito especial, daqueles que posúen unha área de distribución reducida no Parque, así como no conxunto da Rede Natura 2000.

e. Manter a integridade e conservar a funcionalidade de charcas e pozas que proporcionan o medio acuático vital para a reprodución dos anfibios.

f. Reducir a presenza de especies exóticas, en especial das especies exóticas invasoras.

g. Evitar a perda dos hábitats agrarios seminaturais vencellados a usos agropecuarios tradicionais favorables para a conservación da biodiversidade e, se for o caso, promover a súa recuperación.

4.4.6.2. Directrices.

a. Velar pola conservación dos hábitats do Parque. Os criterios de xestión de hábitats rexeranse, en ausencia de especificacións concretas, polo considerado no artigo 6 da Directiva 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade.

b. Establecer medidas específicas de xestión para os hábitats de maior fraxilidade ecolóxica ou para aqueles que posúen unha escasa representación territorial no ámbito do Parque ou do conxunto da Rede Natura 2000 en Galicia.

c. Definir cartograficamente áreas prioritarias para a conservación de hábitats, pola presenza de hábitats prioritarios de maior fraxilidade e/ou rareza ou por seren hábitats que albergan especies de maior fraxilidade e/ou rareza no Parque. Nestas áreas e alí onde se presenten hábitats incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE, darase prioridade á conservación e rexeneración natural destes fronte a calquera outro tipo de actuación, independentemente da unidade de zonificación en que se sitúen.

d. Para aqueles hábitats cuxa existencia depende do mantemento de actividades humanas, como a sega, fomentarase o mantemento destas actividades.

e. Dar prioridade á conservación dos hábitats que forman parte das áreas prioritarias de especies de flora ou fauna silvestre de interese para a conservación.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

f. Revisar e mellorar os indicadores que permiten analizar e avaliar o estado de conservación dos hábitats para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.

g. Promover a creación, a través da mellora do hábitat, dun corredor verde para fauna e flora na zona da veiga do río de Artes e, dentro do posible, na zona entre A Cerca, Castiñeiras, Laxe, Carreira, Vixán e A Graña (ver mapa 13 do anexo III).

h. Establecer un plan de xestión e investigación que determine os usos e manexos, así como a intensidade destes, que resultan favorables para a conservación dos hábitats naturais e seminaturais importantes para a conservación da biodiversidade.

i. As actuacións encamiñadas á conservación de especies de interese prevalecerán sobre outras actuacións e serán consideradas prioritarias, ben que será necesario compatibilizalas coas actuacións que veñan definidas nos plans de conservacións de especies catalogadas, cando estes existan. Así, poderán ser alterados hábitats naturais para favorecer hábitats seminaturais cando isto redunde nun beneficio para a conservación de especies de interese e da biodiversidade do Parque.

j. Analizar as necesidades de xestión que poida precisar o mantemento axeitado dos hábitats naturais e a súa execución.

4.4.6.3. Normativa xeral.

a. Serán autorizables e, por tanto, o organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural someteraos a unha axeitada avaliación, os proxectos que inclúan:

i. Actuacións de recuperación de hábitats agrarios, como prados seminaturais e cultivos compatibles coa conservación e a mellora da biodiversidade cando non supoñan un impacto negativo significativo sobre os hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación nin as propias especies de interese para a conservación.

ii. Os proxectos que inclúan a construción de viais, sendas ou outros elementos de carácter construtivo que afecten o estado de conservación dos hábitats do anexo I ou hábitats críticos para o mantemento de especies de interese para a conservación serán sometidos a avaliación de impacto ambiental.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

b. Prohíbese o depósito ou vertedura de residuos urbanos, industriais ou calquera substancia química no territorio do Parque fóra dos espazos que poidan habilitarse especificamente para tal efecto.

c. Prohíbese o depósito ou vertedura de materiais vexetais derivados do mantemento de xardíns, parques ou vías no interior do parque natural e, principalmente, sobre os hábitats naturais ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

4.4.7. Flora e fauna silvestre.

4.4.7.1. Obxectivos.

a. Manter ou incrementar a biodiversidade do Parque.

b. Manter ou, se for o caso, restaurar o estado de conservación das especies de flora e fauna e, en especial, das especies de interese para a conservación, en paralelo cos seus hábitats.

c. Establecer un programa de xestión e investigación arredor dos manexos necesarios para favorecer a conservación da biodiversidade, con especificidades para as distintas áreas de interese para a conservación dos hábitats.

d. Regular e fomentar o uso sustentable das especies de flora e fauna silvestre e garantir que os aproveitamentos que se realicen sobre especies de interese para a conservación non leven consigo unha afección significativa sobre o seu estado de conservación ou sexan relevantes para o mantemento da biodiversidade vexetal.

e. Controlar e reducir a presenza de especies exóticas ou alóctonas no Parque e, explicitamente, daquelas de carácter invasor, nos seguintes termos:

i. Reducir nun 75 % a superficie con presenza de especies exóticas dentro da zona I, nas condicións que se sinalan no número 1.8.3 deste anexo.

ii. Reducir nun 25 % a superficie con presenza no Parque das especies exóticas invasoras, nas condicións que se sinalan no número 1.8.3 deste anexo.

f. Mitigar os conflitos derivados da convivencia da poboación local coa fauna silvestre.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

4.4.7.2. Directrices.

a. Velar pola conservación das especies de fauna e flora silvestre do Parque. Os criterios de xestión de especies rexeranse, en ausencia de especificacións concretas, polas seguintes directrices:

i. A conservación das especies de flora e fauna silvestre presentes no Parque orientarase cara a aqueles elementos considerados como «protexidos» ou «catalogados» pola normativa comunitaria, estatal ou autonómica, xunto cos elementos endémicos ou raros a nivel bioxeográfico presentes no territorio.

ii. Evitar a desaparición de calquera especie autóctona e asegurara a persistencia do seus hábitats.

iii. Para as especies catalogadas que conten cun plan de conservación ou recuperación aprobados, desenvolveranse as medidas propostas en ditos plans.

b. Velar pola pureza das poboacións e evitara introducir subespecies ou razas xeográficas distintas ás propias do Parque, se as houber.

c. Tender ao control e eliminación das especies alóctonas existentes no Parque. Evitarase a introdución e propagación de especies alóctonas, á vez que se suxire realizar un catálogo máis completo das especies exóticas invasoras e un estudo sobre as necesidades específicas para a súa erradicación no espazo natural. En todo caso, para as especies de animais exóticas empregaranse métodos de control poboacional que non supoñan ningunha clase de sufrimento para eles e valorando primeiro actuar sobre as causas subxacentes da súa proliferación.

d. Manter operativa a Rede de alerta temperá de especies invasoras.

e. Desenvolver un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións de flora e fauna para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.

f. Fomentar o desenvolvemento de estudos científicos que melloren o coñecemento da biodiversidade do Parque.

g. Fomentar a divulgación e valoración da biodiversidade do Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

h. Priorizar a eliminación de especies de eucaliptos e acacias de todos os hábitats de interese comunitario e prioritarios do Parque.

i. Fomentar a investigación arredor dos manexos necesarios, incluídos os usos agropecuarios tradicionais, para favorecer a conservación da biodiversidade.

j. No caso dos danos causados polo xabaril, durante a duración do presente plan implementaranse as medidas preventivas que se consideren máis axeitadas para diminuír estes danos, tomando como referencia medidas semellantes que teñan funcionado noutros espazos e nos propios exemplos existentes no Parque; ao mesmo tempo, poderase seguir cos métodos de control poboacional que se viñan desenvolvendo. Ao remate do presente PRUX avaliarase a efectividade destes métodos e proporase a súa continuidade ou substitución por métodos máis efectivos, segundo sexa o caso.

k. Avaliaranse as actuacións de control de poboacións predadoras (xabaril, gato doméstico asilvestrado, visóns, ratas,...) de ovos, crías e adultos de especies de aves acuáticas, anfibios e réptiles.

l. As actuacións encamiñadas á conservación de especies de interese prevalecerán sobre outras actuacións e serán consideradas prioritarias, ben que será necesario compatibilizalas coas actuacións que veñan definidas nos plans de conservación de especies catalogadas, cando estes existan. Así, poderán ser alterados hábitats naturais para favorecer hábitats seminaturais cando isto redunde nun beneficio para a conservación de especies de interese e da biodiversidade do Parque.

4.4.7.3. Normativa xeral.

a. Con carácter xeral, queda prohibido dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente os animais silvestres, sexa cal for o método empregado ou a fase do seu ciclo biolóxico.

i. Esta prohibición inclúe a retención e captura en vivo, a destrución, dano, recolección e retención dos niños, das crías ou dos ovos, estes últimos aínda estando baleiros, así como a posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos ou dos seus restos, incluíndo o comercio exterior.

ii. Para os animais non incluídos na Lista de especies silvestres en réxime de protección especial nin comprendidos nalgunha das categorías definidas no Catálogo nacional de es-

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

pecies ameazadas ou no Catálogo galego de especies ameazadas, estas prohibicións non se aplicarán nos supostos con regulación específica.

b. Con carácter xeral, queda prohibida a destrución ou deterioración das formacións vexetais conformadas por especies silvestres que caracterizan os tipos de hábitats de interese comunitario.

c. Para as especies silvestres de flora e fauna consideradas como de interese para a conservación, especies que figuran como protexidas nos anexos das directivas de hábitats (Directiva 92/43/CEE) e de aves (Directiva 79/409/CEE) e nos convenios internacionais ratificados por España, así como as especies consideradas como en perigo de extinción ou vulnerables no Catálogo nacional de especies ameazadas (CNEA) ou no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), establécense as seguintes prohibicións xenéricas:

i. Tratándose de plantas, fungos ou algas, a de recollelas, cortalas, mutilalas, arrincalas ou destruílas intencionadamente na natureza.

ii. Tratándose de animais, incluídas as larvas, crías ou ovos, a de calquera actuación feita co propósito de darlles morte, capturalos, perseguilos ou molestalos, así como a destrución ou deterioración dos niños, criadores e áreas de reprodución, invernada ou repouso.

iii. En ambos os casos anteriores, posuír, naturalizar, transportar, vender, comerciar ou intercambiar, ofertar con fins de venda ou intercambio, importar ou exportar exemplares vivos ou mortos, así como os seus propágulos ou restos, salvo nos casos que regulamentariamente se determinen.

iv. Estas prohibicións aplicaranse a todas as fases do ciclo biolóxico destas especies, subespecies ou poboacións.

v. As prohibicións establecidas neste punto poderán quedar sen efecto, logo da autorización do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural, se non houber outra solución satisfactoria e sen que iso supoña prexudicar o mantemento nun estado de conservación favorable das poboacións de que se trate, na súa área de distribución natural, cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

– Se da súa aplicación derivaren efectos prexudiciais para a saúde e seguridade das persoas.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Para previr prexuízos importantes aos cultivos, ao gando, aos bosques, á pesca e á calidade das augas.

– Cando sexa necesario por razóns de investigación, educación, repoboación ou reintroducción ou cando se precise para a cría en catividade orientada aos devanditos fins.

– Para protexer a flora e a fauna silvestres e os hábitats naturais.

d. Prohíbese a introdución de especies, subespecies ou razas xeográficas alóctonas de carácter invasor.

e. Prohíbese o cultivo das especies *Acacia dealbata, Acacia melanoxylon, Agave americana, Arundo donax, Canna indica, Carpobrotus edulis, Cortaderia spp., Eucalyptus sp.*

f. Prohíbese a liberación no medio natural de organismos modificados xeneticamente.

g. Será autorizable a cría para reintrodución ou repoboación no medio natural de especies silvestres, nos lugares e coas condicións establecidas na dita autorización.

h. Será autorizable o emprego de biocidas, nos lugares e coas condicións establecidas na dita autorización.

i. O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá desenvolver ou autorizar actuacións de control sobre aquelas poboacións de especies que poidan afectar negativamente o estado de conservación dos hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE e das especies de interese para a conservación.

j. A reintrodución de especies actualmente non presentes no Parque deberá contar co correspondente proxecto de reintrodución que constará como mínimo dunha exposición de obxectivos, unha avaliación ambiental da incidencia da reintrodución e un plan de seguimento e control desa especie e deberá ser aprobado polo organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural. Non se aprobará ningunha reintrodución cando se considere que poida afectar negativamente o estado de conservación dos hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE e das especies de interese para a conservación.

k. Prohíbese a caza no ámbito do Parque.

l. Prohíbese a pesca continental (entendendo como tal a que se realiza nas lagoas e nos cursos de auga, ríos e regatos) no ámbito do Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

m. No referido ao aproveitamento de fungos, permitiranse os aproveitamentos para consumo propio por parte dos propietarios dos terreos, na zona II-uso compatible e zona III-uso xeral, e conforme o disposto no Decreto 73/2020, do 24 de abril.

4.4.7.4. directrices e propostas específicas para distintos grupos.

a. Flora vascular.

i. Fomentar o estudo da flora do Parque, en especial no referido ao seguimento das especies de flora ameazada presentes.

b. Invertebrados.

i. Delimitar e protexer as zonas máis sensibles ou con maior biodiversidade.

ii. Conservar a diversidade e calidade das formacións vexetais.

iii. Preservar os puntos de auga.

– Evitar a súa seca por extracción excesiva de auga.

– Realizaranse controis de contaminación nas zonas de maior diversidade: poza de Olveira, lagoa de Vixán e río Artes.

i. Conservar os prados seminaturais, evitando a súa desaparición por abandono, intensificación ou plantación de especies forestais, que poden modificar a dinámica das especies vexetais dos prados.

ii. Fomentar o pastoreo extensivo nos hábitats agrarios e cultivos forestais, alternando zonas para facilitar a rápida rexeneración da vexetación.

iii. Recuperar as leiras agrarias abandonadas para aumentar o seu valor ecolóxico.

iv. Conservar e protexer as estruturas tradicionais de peches de leiras (valos de pedra seca e sebes).

v. Controlar o uso de biocidas e o trampeo indiscriminado ou pouco especifico para o control de pragas ou especies exóticas.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

vi. Aumentar o coñecemento da fauna invertebrada facendo fincapé en grupos de grande importancia funcional, como os polinizadores sírfidos, himenópteros e lepidópteros, e outros sobre os cales non existe apenas información como os arácnidos, cun papel fundamental no mantemento dos ecosistemas.

vii. Fomentar o estudo do uso do hábitat por parte da fauna invertebrada.

viii. Fomentar estudos sobre as relacións entre as especies dentro do Parque.

ix. Fomentar o estudo da ecoloxía dos odonatos incluídos no anexo II da Directiva 92/43/CEE (*Coenagrion mercuriale* e *Oxygastra curtisii*).

x. Para o lepidóptero *Euphydryas aurinia* (=*E. beckeri*) fomentarase: a) o manexo tradicional dos prados e as segas que permitan a maior cantidade de especies de flora; b) o pastoreo extensivo que favoreza o mantemento dos prados e a presencia deste lepidóptero e outros invertebrados; c) o mantemento do sotobosque presente dentro do Parque, xa que constitúe o hábitat da fase larval; d) o control de especies de fauna e flora exóticas que poidan influír na conservación da especie.

c. Vertebrados.

i. Afondar no coñecemento da fauna vertebrada do Parque, con especial atención aos peixes, micromamíferos, morcegos e mustélidos.

ii. Conservar muros de pedra seca, sebes, formacións de ribeira e outros elementos que ofrezan refuxio e sirvan de elementos de conectividade na paisaxe para os distintos vertebrados terrestres ligados a estes medios.

iii. Conservar o mosaico agrario e fomento de métodos de cultivo respectuosos co medio natural.

iv. Para especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e para as cales existe un plan de recuperación (*Emys orbicularis*, *Emberiza schoeniclus lusitanica*) ou de conservación (*Charadrius alexandrinus*) en Galicia continuar cos devanditos plans.

v. Prestar especial atención ás demais especies nos catálogos galego e español de especies ameazadas.

vi. Para as aves ligadas a medios agrícolas, como *Coturnix coturnix*, *Alectoris rufa*, *Upupa epops*, *Streptopelia turtur* e *Athene noctua* é preciso tomar medidas que contribúan ao mantemento de poboacións de insectos presa, como son: a) conservar o mosaico

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

agrario e a súa diversidade biolóxica e estrutural; b) fomentar a gandaría extensiva e a agricultura ecolóxica, cuxas prácticas contribúen ao mantemento de poboacións de insectos presa; c) fomentar a recuperación de cultivos tradicionais de cereal; d) promover lugares de nidificación.

vii. No relativo á orde Chiroptera, deseñar estratexias para a conservación dos refuxios de especies deste grupo, tendo en conta a) a existencia de construcións como os muíños da Ruta dos Muíños que poden ser adaptados como refuxios para *Rhinolophus hipposideros*, especie presente no Parque e incluída no Catálogo galego de especies ameazadas na categoría vulnerable; c) conservar árbores vellas ou mortas e aquelas con ocos que poidan favorecer a existencia de boas poboacións de especies presa (insectos) e refuxio aos morcegos. No caso de ter que retirar árbores destas características, débese facer una revisión previa dos exemplares para descartar a presenza de morcegos; d) fomento da conservación do mosaico agrario e o mantemento de gandaría extensiva nos hábitats agrarios e zonas forestais.

viii. Xestionar adecuadamente as poboacións do xabaril (*Sus scrofa*). Este mamífero ocasiona danos nos hábitats, especies de flora e fauna e cultivos e é preciso fomentar a aplicación de medidas preventivas e continuar co control das súa poboación mediante retirada de exemplares segundo a metodoloxía utilizada nos últimos anos. A eficacia destes métodos deberá ser revisada ao finalizar o presente PRUX. No informe elaborado por Lamosa *et al*. (2017) recóllense diferentes estudos que sinalan danos ocasionados polo xabaril sobre especies ameazadas, como o publicado por Galán (2015) sobre *Pelobates cultripes* en Corrubedo. É preciso facer unha avaliación da incidencia real do xabaril sobre especies ameazadas e hábitats de interese que fundamente, se for o caso, a pertinencia de controis poboacionais para limitar o número ou o uso do espazo dos xabarís no Parque, a fin de evitar danos en hábitats ou especies sensibles. No caso de seren producidos danos polo xabaril, durante a duración do presente plan o organismo competente, cos datos que vaia recollendo, implementará as medidas preventivas que se consideren máis axeitadas para diminuír estes danos con base no estudo dos danos reais.

4.4.8. Compoñentes culturais.

4.4.8.1. Obxectivos.

a. Preservar o patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico existente no Parque e favorecer a súa investigación e posta en valor.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

b. Difundir e divulgar os valores educativos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico do Parque en prol do enriquecemento cultural da sociedade no seu conxunto.

c. Promover o estudo, recuperación e emprego dos coñecementos tradicionais que sexan de interese para a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

4.4.8.2. Directrices.

a. De acordo coas normas, resolucións e principios do Convenio sobre a diversidade biolóxica e da Organización Mundial da Propiedade Intelectual:

i. Preservaranse, manteranse e fomentaranse os coñecementos e as prácticas de utilización consuetudinaria que sexan de interese para a conservación e o uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade.

ii. Promoverase que os beneficios derivados da utilización destes coñecementos e prácticas se compartan equitativamente.

iii. Promoverase a realización de inventarios dos coñecementos tradicionais relevantes para a conservación e o uso sustentable da biodiversidade e xeodiversidade, con especial atención aos etnobotánicos e etnozoolóxicos.

b. Velarase polo correcto estado de conservación dos bens integrantes do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico.

c. Regularase e controlarase o acceso do persoal investigador aos elementos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico, a fin de proceder ao seu estudo.

d. Posibilitarase o acceso do público, na medida en que iso non afecte negativamente a súa conservación, os elementos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico e integraranse, cando sexa posible, na rede de áreas recreativas.

e. Elaborarase a infraestrutura informativa e educativa precisa (sinalizacións, paneis explicativos, folletos, etc.) para a necesaria posta en coñecemento do público dos valores do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico do Parque.

f. Realizaranse estudos descritivos das tipoloxías arquitectónicas tradicionais co obxecto de facilitar a súa rehabilitación e coñecemento e promoverase a protección e conservación das edificacións máis valiosas.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

g. Promoverase o fomento das accións de revalorización, conservación e rehabilitación do patrimonio cultural do Parque.

4.4.8.3. Normativa xeral.

a. Serán autorizables os labores de prospección e escavación, que se efectuarán evitando ou minimizando as afeccións sobre os compoñentes da biodiversidade e, de forma especial, sobre os hábitats de interese comunitario e as especies de interese para a conservación.

b. Prohíbese o emprego de plantas alóctonas de carácter invasor nas actuacións de restauración, consolidación, musealización ou, se for o caso, mantemento das áreas de interese patrimonial ou cultural do Parque, a fin de evitar calquera tipo de afección significativa sobre os procesos ecolóxicos, os hábitats de interese comunitario e as especies de interese para a conservación.

c. Serán autorizables obras de restauración do patrimonio cultural, logo de realización dun estudo que avalíe a afectación a aquelas especies de fauna ou flora que estean a utilizar dalgún xeito o elemento patrimonial obxecto de obra e, cando sexa pertinente, propoñendo medidas para seguir posibilitando o seu uso polas ditas especies.

d. Será autorizable a instalación de indicadores de acceso que conduzan aos compoñentes do patrimonio cultural e etnográfico e ao mobiliario informativo, que deberán ser coherentes co patrón formal e compositivo da sinalización do espazo protexido.

4.4.9. Usos agropecuarios.

4.4.9.1. Obxectivos.

a. Primar os aproveitamentos e usos sustentables, de modo que se favoreza o mantemento dos tipos de paisaxes, medios naturais con valor ecolóxico, hábitats protexidos, e núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

b. Favorecer o acceso dos propietarios ás leiras polos accesos habilitados para o efecto e cumprindo co estipulado no presente plan.

c. Manter e recuperar hábitats agrarios de interese, de xeito que optimicen os seus beneficios sobre os hábitats seminaturais, a presenza de elementos da paisaxe e os beneficios sobre especies de interese.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

4.4.9.2. Directrices.

a. Promover as políticas agrarias que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación priorizando aqueles compoñentes cuxa persistencia se atopa ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter agrícola ou gandeiro (aproveitamentos tradicionais e extensivos de brañas, prados de sega e dente, cultivos de cereal, mantemento de sebes, etc.).

b. Facilitar o acceso á superficie agraria por parte daqueles propietarios que a demanden priorizando aquelas parcelas de maior interese para a conservación de hábitats agrarios e/ou especies ligadas a hábitats agrarios.

c. Os criterios e medidas ambientais contidos nos contratos globais de explotación e as medidas agroambientais que promova o organismo autonómico competente en materia agraria e do medio rural definiranse en colaboración co organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural.

d. Velar e promover a aplicación de códigos de boas prácticas, así como os criterios establecidos de ecocondicionalidade.

e. Fomentar o uso de medidas preventivas na loita contra os danos causados por fauna silvestre, especialmente polo xabaril. A efectividade destas medidas e a súa xestión adaptativa ao longo do tempo de vixencia do presente plan, deben ser avaliadas, e poden probarse diferentes métodos e proporse alternativas para diminuír os danos se non foren efectivas as aplicadas durante o presente plan.

f. Nos terreos agrícolas e gandeiros procurarase respectar a vexetación autóctona de carácter natural ou seminatural establecida nas estremas de bosques e regueiros, así como as sebes arbustivas e arbóreas, as liñas de arboredo, os pequenos bosquetes e cantos elementos naturais poidan ser significativos para a conservación da biodiversidade e, en especial, da flora e fauna silvestre. Velarase, especialmente, polo mantemento daqueles elementos que:

i. Sirvan de hábitat secundario, refuxio, cría ou alimentación de especies protexidas.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

ii. Constitúan os últimos lugares de refuxio, cría ou alimentación para os elementos silvestres de flora e fauna, por perduraren en paisaxes agrarias ou gandeiras fortemente degradadas.

iii. Establezan corredores biolóxicos con ou entre áreas de maior naturalidade que eviten o illamento xenético das poboacións.

iv. Os cercados e valados en terreos rurais deberán construírse de tal forma que non impidan a circulación da fauna silvestre de pequeno tamaño. Os cerramentos serán preferentemente vexetais, conformados por especies autóctonas, ou ben por muros de pedra mantendo os tipos construtivos tradicionais de cada zona. No caso de cerramentos cuxo obxectivo é a prevención de danos a cultivos por parte do xabaril, poderase autorizar o uso doutros tipos de peche que, axudando a diminuír os danos causados polo xabaril, non causen danos directos a outras especies de fauna e, en especial, a especies de interese.

4.4.9.3. Normativa xeral.

a. Con carácter xeral, considéranse usos permitidos aqueles de carácter tradicional vinculados coas explotacións agrícolas e gandeiras existentes no Parque que non leven consigo afeccións significativas sobre os hábitats de interese comunitario e as especies de interese para a conservación e que cumpran coa normativa sectorial vixente e coas disposicións do presente plan, incluíndo entre elas:

i. O cultivo ou a cría dentro das explotacións agropecuarias de especies, subespecies, variedades ou razas representativas dos sistemas tradicionais de explotación agrícola ou gandeira existentes en Galicia.

ii. O uso de fertilizantes orgánicos (excepto xurros) nos terreos de labor e nos pasteiros de carácter artificial sempre que a aplicación non afecte negativamente os hábitats de interese comunitario existentes no seu ámbito, así como as poboacións de especies de interese para a conservación e sempre que se apliquen de maneira racional, de acordo coas vixentes normativas e co código de boas prácticas.

iii. As actuacións de xestión en pequenos hortos ou en xardíns e áreas de uso público existentes dentro do Parque.

b. Coa finalidade de asegurar un uso sustentable dos recursos naturais, considéranse actuacións suxeitas a autorización por parte do organismo autonómico competente en ma-

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

teria de patrimonio natural e que, por tanto, precisan dunha avaliación das súas repercusións, as seguintes:

i. A recuperación de hábitats agrarios sobre terras agrarias abandonadas, como prados seminaturais e cultivos compatibles coa conservación e a mellora da biodiversidade, cando non supoñan un impacto negativo significativo sobre os hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación nin as propias especies de interese para a conservación.

ii. A redución de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.

iii. O uso de biocidas, xurros e fertilizantes ou emendas inorgánicos.

c. Considéranse prohibidos:

i. A fumigación con equipamentos aéreos.

ii. Introducións de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar unha alteración sobre o estado de conservación dos hábitats ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. Non se aprobará ningunha introdución que poida afectar negativamente o estado de conservación dos hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE e as especies de interese para a conservación.

iii. O depósito de tecnosolos e lodos de depuradoras industriais ou urbanas, así como seu o emprego como fertilizantes ou emendas dos solos agrícolas.

iv. A construción de peches en terreos rurais con materiais prefabricados, como formigón ou mallas que poidan supoñer unha barreira ou un perigo para a fauna silvestre, excepto nas tipoloxías autorizadas para a prevención de danos polo xabaril.

4.4.10. Usos forestais.

4.4.10.1. Obxectivos.

a. A xestión forestal do Parque primará os aproveitamentos e usos sustentables, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: tipos de paisaxes, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

4.4.10.2. Directrices.

a. Promoveranse as políticas forestais que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e priorizaranse aqueles compoñentes cuxa persistencia se atopa ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter forestal (carballeiras, corredores fluviais, brañas, etc.).

b. Fomentarase a sinatura de acordos ou convenios contractuais coas comunidades de montes e cos titulares de terreos que se comprometan á aplicación de medidas ambientais compatibles coa conservación dos hábitats de interese comunitario e/ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. O uso en man común dos montes e os eventuais instrumentos de ordenación regúlanse en Galicia polo Decreto 52/2014, do 16 de abril, e coa Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

c. Os criterios e medidas ambientais contidas nos contratos globais de explotación e as medidas ambientais que promova o organismo autonómico competente en materia forestal e do medio rural definiranse en colaboración co organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural e contarán co seu informe favorable.

d. A xestión forestal deberá desenvolverse mediante instrumentos de ordenación ou xestión forestal aprobados conforme a Lei 7/2012, do 28 de xuño. Neste sentido, fomentarase a redacción conxunta dun plan de ordenación para os terreos dos distintos montes veciñais en man común incluídos dentro do Parque que facilite a compatibilidade dos aproveitamentos forestais dos ditos terreos coa conservación dos valores naturais que albergan, así como xestión administrativa da explotación. Os usos e aproveitamentos que nestes documentos se consideren non poderán supoñer, en ningún caso, unha redución significativa do estado de conservación dos hábitats naturais e seminaturais prioritarios, de interese comunitario, así como dos hábitats das especies de interese para a conservación, nin daqueles hábitats que presenten unha reducida cobertura ou elevada fraxilidade no Parque ou no conxunto da Rede Natura 2000 de Galicia.

e. As autorizacións de aproveitamentos forestais deberán establecer as medidas precisas que aseguren a sustentabilidade na xestión do arboredo e a vexetación autóctona desenvolvida baixo el, así como o mantemento da diversidade de biótopos (afloramentos rochosos, regueiros, zonas húmidas).

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

f. Evitarase que as autorizacións de cortas leven consigo a desaparición de bosquetes ou a supresión de sebes arbóreas ou arbustivas nas áreas de uso agrícola ou gandeiro. O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá establecer limitacións a fin de garantir o mantemento deste tipo de hábitats. Os restos de corta deberán ser eliminados antes de tres meses.

g. Os aproveitamentos deberán realizarse con técnicas respectuosas en todo momento coa integridade do ambiente, a fin de garantir o mantemento da masa, os solos e os biótopos e ecotonos que esta albergue, así como o restablecemento das condicións preexistentes ou, se for o caso, a súa substitución por formacións de carácter natural.

h. A construción de vías de saca deberá evitar, no trazado da pista, pendentes superiores ao 10 %, límite que se poderá superar excepcionalmente a fin de evitar impactos paisaxísticos negativos. Estas vías deberán contar con pasos de auga nos desaugadoiros naturais do terreo, tanto permanentes como estacionais, e os seus entroncamentos con camiños ou vías deberán ser realizados logo de consulta co organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural, coa fin de determinar a forma idónea da súa construción. O depósito dos materiais sobrantes na construción e reparación de pistas será controlado con rigor.

i. Os traballos de control de pragas deberán ter en conta as seguintes consideracións:

i. A loita biolóxica ou natural asegurará a mínima afección dos hábitats e as especies autóctonas e evitará a introdución de especies exóticas

ii. Con carácter preferente, en labores de prevención e loita potenciarase o emprego de plantas cebo, loita biolóxica con uso de trampas de feromonas e, principalmente, a estabilización de poboacións de insectívoros mediante o uso de caixasniño, así como a protección dos refuxios de quirópteros.

j. Na extinción de incendios empregaranse, preferentemente, as accións que xeren menor impacto no medio e a restauración de áreas afectadas terá carácter prioritario.

k. Procurarase a axeitada restauración de zonas queimadas.

l. Como método de prevención de incendios forestais incrementarase a presenza de frondosas caducifolias, así como a creación de descontinuidades nos combustibles.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

m. A xestión da biomasa deberá seguir as directrices da Lei 7/2012, do 28 de xuño. Calquera xestión da biomasa na zona I debe ser autorizada polo organismo competente en materia de patrimonio natural.

n. O concello de Ribeira atópase clasificado como zona de alto risco de incendio pola Orde do 18 de abril de 2007, pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, polo que se abordarán as medidas precisas para a prevención destes incendios.

4.4.10.3. Normativa xeral.

a. Como norma xeral, considéranse usos permitidos:

i. Aqueles recollidos nos instrumentos de ordenación ou xestión forestal aprobados conforme a Lei 7/2012, do 28 de xuño, e que conten co informe favorable do organismo competente en materia de patrimonio natural. Estas actuacións precisarán unha comunicación ao órgano de xestión do Parque.

ii. A recollida de follaxe, froitos ou cogomelos por parte dos propietarios dos montes para consumo propio, na zona de uso xeral e na zona de uso compatible. No referido á recollida de cogomelos, entenderase como aproveitamento para consumo propio o especificado no artigo 54 do Decreto 73/2020, do 24 de abril.

iii. A recollida de piñas e leña por parte dos propietarios dos montes para o seu propio aproveitamento.

iv. As tarefas de xestión da biomasa nas faixas primarias e secundarias na zona II e na zona III, segundo o disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e tendo en conta a modificación introducida pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

b. Como norma xeral, considéranse autorizables aqueles usos vinculados coas explotacións forestais existentes no Parque, sempre e cando non leven consigo afeccións significativas sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación, cumpran coas disposicións do presente plan e coa normativa sectorial vixente.

c. Serán autorizables as obras destinadas á prevención de incendios forestais que teñan que ser realizadas nos montes incluídos dentro do territorio comprendido polo Parque

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

e que non estean incluídas en instrumentos de ordenación ou xestión forestal aprobados conforme á Lei 7/2012, do 28 de xuño, nin respondan á xestión da biomasa en faixas en zona III.

d. O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural, independentemente das regulacións que poida establecer o órgano forestal competente, poderá regular dentro do Parque ou denegar novas explotacións ou aproveitamentos, cando leven consigo unha afección significativa sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats de bosques tipificados no anexo I da Directiva 92/43/CEE, así como sobre os hábitats das poboacións de especies de interese para a conservación, ou ben cando os aproveitamentos afecten a integridade do propio Parque, o mantemento dos valores paisaxísticos ou a conectividade entre os diferentes tipos de medios ecolóxicos.

e. En cumprimento do artigo 6 da Directiva 92/43/CEE e coa finalidade de asegurar o uso sustentable dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións forestais, o organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural considerará actividades suxeitas a autorización as seguintes:

i. A corta e extracción de especies forestais, cumprindo coa normativa vixente en materia forestal, naquelas superficies que non conten con instrumentos de ordenación ou xestión forestal aprobados conforme a Lei 7/2012, do 28 de xuño, e obtivesen o informe favorable do organismo competente en materia de patrimonio natural, e sempre que se garanta que estes labores poden realizarse sen afectación apreciable dos hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación nin das propias especies de interese para a conservación.

ii. A recolección de vexetais e fungos con fins comerciais. No caso da recolección de fungos, entenderase que a recolección se fai con fins comerciais sempre que se superen os 2 kg por persoa e día (Decreto 50/2014 do 10 de abril) e so se autorizará nos montes veciñais en man común que conten cun plan de xestión aprobado que inclúa o dito aproveitamento e estableza as condicións para a súa sustentabilidade.

f. Considéranse usos prohibidos no ámbito do Parque:

i. A plantación de especies forestais alóctonas. Isto inclúe a prohibición da plantación das especies consideradas como invasoras no Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

ii. As cortas a feito sobre formacións arborizadas de frondosas autóctonas e, especialmente, sobre aquelas incluídas dentro do anexo I da Directiva 92/43/CEE.

iii. A realización de solcalcamentos nos proxectos de plantacións forestais.

iv. A vertedura de xurros e residuos agrícolas ou industriais.

v. O uso de equipamentos aéreos para tratamentos continuos das masas na loita contra pragas.

g. As actuacións obrigadas na Lei 3/2007, do 9 de abril, respecto ás liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica enténdense circunscritas ás especies arbóreas nela citadas, estando prohibido eliminar a vexetación arbustiva baixo estas liñas cando non exista obriga de facelo en aplicación estrita dos criterios que fixa a regulamentación electrotécnica vixente.

4.4.11. Urbanismo e ordenación territorial.

4.4.11.1. Obxectivos.

a. Contribuír á ordenación e protección do medio rural, dos núcleos rurais de poboación que se sitúen no Parque e do patrimonio rural.

b. Garantir que os proxectos de actividades e obras, tanto de promoción pública como privada, conteñan desde o inicio a consideración dos posibles impactos ambientais, o desenvolvemento de alternativas e as medidas e partidas orzamentarias necesarias para a corrección, se for o caso, dos efectos negativos producidos, así como a súa adecuación ecolóxica e paisaxística. Todos estes elementos serán valorados de forma prioritaria á hora de estudar a concesión das pertinentes autorizacións.

4.4.11.2. Directrices.

a. O presente plan prevalece sobre o ordenamento urbanístico e a ordenación do territorio. En concreto, o presente Plan prevalece sobre o PXOM de Ribeira.

b. A clasificación do solo dentro do Parque adaptarase, a excepción do especificado no presente plan, á normativa estatal e autonómica vixente, que rexerá a actividade construtiva e regulará o seu desenvolvemento, a fin de asegurar a protección e conservación da paisaxe e dos compoñentes clave do Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

c. O plan urbanístico deberá definir as condicións que garantan a integración paisaxística das edificacións e manteñan o estilo tradicional no Parque, prestando especial atención á tipoloxía e volumes e aos materiais de cubertas e fachadas.

d. Promoverase a elaboración de estudos ou catálogos sobre a arquitectura tradicional do Parque.

e. Fomentarase a rehabilitación de edificios.

f. Nas edificacións promoverase especialmente a substitución dos elementos construtivos distorsionadores por outros máis acordes cos tipos tradicionais do Parque.

g. Os instrumentos de desenvolvemento urbanístico procurarán fixar, con carácter de mínimos, as condicións necesarias para evitar a formación de pantallas arquitectónicas e garantir a integración paisaxística das vivendas e a súa harmonía co contorno.

h. Toda actuación que se realice en edificacións xa existentes adaptarase ás normas urbanísticas correspondentes.

i. Procurarase non construír nova infraestrutura de servizo ou edificación para a xestión do Parque, salvo falta de alternativa. Estas infraestruturas deberán valorar obrigatoriamente facerse mediante a compra e restauración de edificacións xa existentes nos núcleos rurais do Parque. Someterase a procedemento de avaliación de impacto ambiental a modificación doutras preexistentes coa capacidade de provocar un efecto significativo sobre o medio natural e a paisaxe.

j. Como norma xeral, seguiranse as guías da Estratexia da paisaxe de Galicia.

4.4.11.3. Normativa xeral.

a. Calquera instrumento de planificación urbanística que afecte o territorio do Parque deberá ser avaliado de acordo co expresado no artigo 84 da Lei 5/2019, do 2 de agosto.

b. Nas zonas de uso xeral coa cualificación de núcleo rural e núcleo urbano no PXOM do Concello de Ribeira, as actuacións de conservación e mantemento das construcións e edificacións, as actuacións urbanísticas e as de dotación de servizos estarán sometidas ás ordenanzas municipais e á normativa urbanística de aplicación. (ver mapas 17 a 20 do anexo III).

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

c. Nas zonas de uso compatible coa cualificación de núcleo rural e núcleo urbano, o mantemento e conservación das construcións e edificacións existentes estarán sometidas ás ordenanzas municipais e á normativa urbanística de aplicación. A dotación de servizos das construcións e edificacións existentes será autorizable (ver mapas 17 a 20 do anexo III).

d. Nas zonas de uso compatible coa calificación de solo rústico serán autorizables as actividades de mantemento e conservación das construcións e edificacións existentes, incluídas as actuacións que o artigo 90 da Lei 2/2016, do 10 febreiro do solo de Galicia, permite para edificacións fóra de ordenación e as obras de acondicionamento e ampliación que non teñan a consideración de aumento de volume segundo as definicións do punto 7 do anexo I do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. A dotación de servizos será, así mesmo, autorizable (ver mapas 17 a 20 do anexo III).

e. Nas zonas de uso compatible está prohibida a nova construción de edificios ou a ampliación dos seus volumes.

f. Só estarán permitidas as parcelacións urbanísticas nas zonas de uso xeral do Parque con cualificación de núcleo rural e núcleo urbano no PXOM do concello de Ribeira.

e. A utilización de terreos con valores ambientais, culturais, históricos, arqueolóxicos, científicos e paisaxísticos que sexan obxecto de protección pola lexislación aplicable, quedará sempre sometida á preservación dos devanditos valores e comprenderá unicamente os actos de alteración do estado natural dos terreos que aquela lexislación expresamente autorice.

f. Os peches das leiras en núcleos rurais realizaranse respectando os materiais e tipoloxía tradicionais.

g. Fóra dos núcleos rurais, os peches deberán realizarse con sebes de especies autóctonas, pedra seca ou filas de arames sen pugas, e non se autoriza o uso de materiais prefabricados. Poderá autorizarse o uso de cemento para a fixación da pedra seca nos muros como medida fronte a acción do xabaril, sempre que se respecte o aspecto tradicional dos muros e o uso da masa non supoña a perda total de espazos entre as pedras, e prohíbese a cintaxe dos muros total ou parcialmente.

h. Será autorizable a realización de obras para a mellora da clasificación enerxética nos edificios xa existentes, así como cambios nos peches e carpintaría.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

4.4.12. Infraestruturas e obras.

4.4.12.1. Obxectivos.

a. Minimizar o impacto sobre o medio natural no desenvolvemento de infraestruturas (viarias, transporte de enerxía e datos, estacións radioeléctricas, etc.) cando estas se realicen fóra dos núcleos habitados dentro do Parque.

b. Protexer o medio natural e cultural do Parque e realizar as medidas de restauración necesarias para minimizar o impacto paisaxístico das infraestruturas e obras existentes que así o requiran.

c. Garantir que os proxectos de actividades e obras, tanto de promoción pública como privada, conteñan desde o inicio a consideración dos posibles impactos ambientais, o desenvolvemento de alternativas e as medidas e partidas orzamentarias necesarias para a corrección, se for o caso, dos efectos negativos producidos, así como a súa adecuación ecolóxica e paisaxística. Todos estes elementos serán valorados de forma prioritaria á hora de estudar a concesión das pertinentes autorizacións.

d. Conservar e ordenar os recursos naturais existentes no dominio público de xeito coordinado coa Administración estatal e autonómica.

e. Evitar a afectación dos corredores ecolóxicos existentes entre os límites do Parque e as zonas adxacentes, e habilitar novos corredores seguros nas zonas de paso natural ou frecuente nas infraestruturas existentes que circunvalan o Parque.

4.4.12.2. Directrices.

a. Os proxectos definirán e incorporarán de forma precisa as medidas de control da erosión e a restauración e a integración paisaxística da obra. Estas medidas referiranse non só aos elementos principais da obra senón tamén aos accesos provisionais e definitivos, conducións, plataformas de traballo, vertedoiros, préstamos e a cantas superficies vexan alterada a súa cobertoira vexetal ou modificadas as súas condicións de equilibrio.

b. No deseño e execución das obras deberanse minimizar os efectos erosivos e a alteración hidrolóxica sobre os hábitats naturais e seminaturais e, especialmente, sobre as zonas húmidas.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

c. Evitarase a localización de instalacións ou infraestruturas naqueles lugares que posúan unha grande singularidade cultural, paisaxística ou ambiental.

d. Como criterio para a apertura de novos desmontes, gabias ou vías tomarase aquel que supoña, en primeiro lugar, un menor impacto ambiental sobre os elementos da paisaxe, os hábitats e as especies protexidas.

e. Os materiais sobrantes das obras de mantemento, restauración, modificación ou desmantelamento deberán ser retirados e xestionados segundo a lexislación vixente.

f. No deseño e mantemento de infraestruturas, teranse en conta as necesidades de paso da fauna silvestre. Habilitaranse as medidas necesarias que permitan e favorezan este fluxo.

g. En caso de ser necesaria a introdución de material vexetal (plantas, fillos, sementes) para a restauración de noiros e áreas alteradas empregaranse unicamente especies autóctonas, elixindo aquelas propias dos hábitats circundantes da zona de obra.

h. Controlaranse e eliminaranse as especies exóticas e invasoras das vías e das áreas afectadas polas obras.

i. A fin de evitar as afeccións sobre hábitats de interese comunitario ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación da fauna e flora silvestre na planificación das novas vías, así como nos labores de mantemento das existentes, establécense as seguintes directrices:

– Na execución de obras procuraranse aplicar técnicas de enxeñaría branda ou bioenxeñaría.

– Empregaranse especies vexetais autóctonas na configuración das sebes das medianas, beiravías, rotondas e áreas de descanso.

– Evitarase a vertedura directa ou con certa intensidade sobre materiais disgregables ou en áreas de importantes pendentes, así como nos medios acuáticos naturais ou seminaturais e, especialmente, sobre regueiros, lagoas, turbeiras, queirogais húmidos e sobre os sistemas dunares.

– Nos puntos de evacuación da auga instalaranse dispositivos a fin de reducir a súa capacidade erosiva.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– A saburra empregada na construción debe ser do mesmo material xeolóxico que o existente na traza. Non se empregarán en ningún caso como saburra, residuos industriais ou con presenza de plásticos.

j. Nas obras de restauración ou de rexeneración ambiental seguiranse, ademais, os seguintes criterios:

– Evitarase levantar muros de formigón armado, diques formigonados, diques secos ou noiros de pedra. Empregaranse unicamente naqueles tramos onde, debido á existencia de construcións previas ou polas características erosivas, non é factible empregar outro tipo de medidas.

– Evitarase o uso de materiais alleos ao medio (formigón, aceiro inoxidable, materiais plásticos, etc.) no acabamento e exteriores.

– Na construción, mantemento ou modificación de paseos queda prohibida a modificación dos hábitats de interese comunitario e dos hábitats de especies de interese para a conservación e, especialmente, daqueles considerados como prioritarios.

– O mantemento ou modificación das construcións existentes deberá formularse cara á restauración das condicións ecolóxicas. Substituíranse no posible os muros verticais, diques ou noiros de pedra.

– Na vexetación de noiros e áreas alteradas utilizaranse unicamente especies autóctonas propias da zona do Parque onde se realiza a obra.

– Empregaranse igualmente especies vexetais autóctonas nas plantacións ou sementeiras que se realicen en medianas, beiravías, rotondas e áreas de descanso.

– Nas obras de reparación, restauración, mantemento e conservación que poidan desenvolverse nas edificacións situadas no Parque deberase ter en conta a posible presenza de fauna que poida verse afectada, como morcegos ou aves. No caso de constatarse a presenza destas especies, deberán tomarse as oportunas medidas para mitigar os danos que as obras lles poidan ocasionar ou aplicar medidas alternativas.

– As medidas contra a colisión de aves e as medidas disuasorias preveranse para todas as liñas eléctricas do Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Habilitaranse zonas de paso de fauna que comuniquen o Parque coas zonas veciñas nas estradas existentes que circunvalan todo o Parque, principalmente en zonas de paso natural ou frecuente.

– Os peches de leiras deberán facerse permeables á fauna de pequeno tamaño (anfibios, pequenos mamíferos).

k. Promoverase a retirada do ámbito do Parque ou o soterramento das liñas eléctricas e de comunicación existentes sempre que sexa técnica e economicamente viable e non prexudique a prestación dos servizos asociados as ditas liñas.

4.4.12.3. Normativa xeral.

a. É obrigatorio dispoñer da correspondente autorización emitida polo organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural para a instalación de calquera tipo de infraestrutura ou para a execución de calquera tipo de obra no ámbito do Parque.

b. Prohíbese o emprego de madeira tratada con creosota ou outros derivados de hexacloroetano (Directiva 90/2001/CE, Orde PRE/2666/2002, do 25 de outubro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro), na construción de áreas de uso público (pasarelas, instalacións recreativas e de lecer ao aire libre), así como en calquera tipo de construción en que exista risco de contacto frecuente coa pel, para así limitar os efectos prexudiciais para a saúde humana derivados da exposición a curto e longo prazo a substancias e preparados perigosos.

c. É obrigatorio empregar técnicas e métodos nos labores de mantemento das infraestruturas lineais existentes no Parque que aseguren una mínima afección sobre os recursos naturais e, de forma especial, sobre as augas, os solos, os tipos de hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE, ou sobre os núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación a través dos cales discorre a traza.

d. Estableceranse medidas de control a fin de evitar o establecemento ou expansión de especies invasoras nas medianas e áreas de servidume das infraestruturas lineais que discorren polo Parque.

e. Prohíbese a instalación e ampliación de novas liñas eléctricas aéreas en todo o Parque. Ás liñas eléctricas aéreas xa existentes seranlles aplicadas as medidas de protección

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

contra a electrocución se teñen os condutores nus, e as medidas de protección contra a colisión a todas recollidas no Real decreto 263/2008.

f. Someterase a procedemento de avaliación de impacto ambiental a construción de calquera nova infraestrutura de servizo ou edificación capaz de provocar un efecto significativo sobre a paisaxe ou a modificación doutras preexistentes coa mesma capacidade.

g. O cumprimento dos labores de conservación, seguimento e xestión no Parque necesita o establecemento dun conxunto básico de dotacións e infraestruturas cuxa execución e xestión cumprirá os seguintes criterios.

– Permítense as obras de mantemento e conservación promovidas ou executadas polo Parque nas infraestruturas do Parque.

– As novas infraestruturas e instalacións vinculadas á xestión do uso público do Parque proxectaranse e executaranse minimizando calquera tipo de alteración sobre os compoñentes do patrimonio natural e cultural.

– As novas infraestruturas e instalacións vinculadas directamente coas necesidades de xestión de hábitats e núcleos poboacionais de especies protexidas proxectaranse e executaranse minimizando calquera tipo de alteración sobre os compoñentes do patrimonio natural e cultural.

– O organismo competente en materia de patrimonio natural poderá regular e, se for o caso, prohibir o tránsito de persoas ou vehículos polas vías temporais ou permanentes existentes no Parque atendendo a razóns de seguridade, ou para asegurar a conservación dos compoñentes do patrimonio natural ou cultural.

4.4.13. Uso público.

4.4.13.1. Obxectivos.

a. Compatibilizar o uso público e as actividades deportivas cos obxectivos de conservación do Parque e o desenvolvemento do seu medio rural.

b. Ordenar e facilitar o gozo do visitante baseado nos valores naturais e culturais do Parque, de modo compatible coa súa conservación, evitando no posible dirixir estas actividades a hábitats sensibles (dunas, proximidades das zonas húmidas, poboacións de flora ameazada, etc.).

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

c. Achegar a poboación a este Parque a fin de aumentar o seu coñecemento sobre este medio e lograr unha maior sensibilización da necesidade da súa conservación.

d. Facer un seguimento exhaustivo dos efectos que as persoas visitantes provocan sobre o medio ambiente e comparala coa dinámica rexistrada nos últimos anos.

4.4.13.2. Directrices.

a. Darase prioridade e fomentaranse as actividades de observación pausada e interpretación do medio natural. Neste sentido prestarase especial atención aos valores culturais, estéticos, educativos e científicos e daráselles prioridade sobre os de carácter apenas turístico, deportivo ou recreativo.

b. Adecuarase a intensidade de uso do espazo á súa capacidade de acollida.

c. Promoverase coa Administración estatal, autonómica e provincial, así como cos municipios da contorna, o uso público, turístico e recreativo de carácter sustentable no Parque.

d. Impulsarase o uso público como elemento dinamizador do desenvolvemento socioeconómico da poboación residente na área de influencia do Parque.

e. O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá establecer regulacións específicas para o exercicio da actividade deportiva que se desenvolva no Parque cando desta deriven ou previsiblemente poidan derivarse prexuízos económicos sobre outras actividades, sobre o uso público do espazo e, por conseguinte, sobre a seguridade das persoas ou sobre os compoñentes clave do Parque.

f. Realizarase un axeitado seguimento e avaliación das actividades de uso público e recreativo dentro do Parque que atenderá, especialmente, aos efectos sobre o medio natural e á calidade da visita, aplicando, cando sexa adecuado, as oportunas medidas correctoras (por exemplo mellorar a sinalización para desconxestionar as zonas con maior afluencia e ordenar o tránsito de visitantes).

g. Promoveranse as accións de voluntariado directamente relacionadas cos obxectivos operativos e de xestión.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

4.4.13.3. Normativa xeral.

a. Considérase actividade permitida o tránsito polas vías existentes no Parque sempre e cando se realice de forma racional, se respecte a propiedade privada e as actividades e aproveitamentos existentes, así como a normativa sectorial e do presente plan, e as regulacións espaciais e temporais que poida establecer o organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural.

b. As vías existentes no Parque clasifícanse en relación co uso público do seguinte modo e mapas 14, 15 e 16 do anexo III:

i. Libre tránsito: vías en que se permite o uso de vehículos, cabalarías ou o tránsito peonil, de acordo coa normativa e disposicións sectoriais en materia de circulación e seguridade viaria. Inclúense dentro desta categoría:

– As estradas e as súas vías de servizo, xunto coas rúas e camiños existentes nos núcleos habitados incluídos no Parque.

– As pistas agrícolas ou forestais, así como as vinculadas co mantemento de infraestruturas, que non estean suxeitas a limitacións especificas ou particulares por parte dos titulares ou dos organismos competentes.

ii. Tránsito restrinxido: as vías que o organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural establece, temporal ou permanentemente, por necesidades de conservación dos recursos naturais ou ben para garantir os aproveitamentos tradicionais existentes ou para racionalizar as propias actividades de uso público. Inclúense polo menos dentro desta categoría:

– As vías de uso estritamente peonil (carreiros e sendas peonís), nos cales se prohibe o uso de vehículos, incluídos bicicletas, quads e motocicletas, e de cabalarías.

– Os carreiros e camiños de ferradura nos cales se prohibe o uso de vehículos de motor e outros vehículos como os ciclomotores, as bicicletas de pedais con pedaleo asistido (bicicletas eléctricas) e os vehículos de mobilidade persoal (tales como patinetes eléctricos e similares).

– Aquelas vías destinadas ao tránsito dos vehículos vinculados coas actividades agrícolas, gandeiras ou forestais existentes no Parque, nos cales se prohibe o tránsito de vehículos relacionados con actividades de uso público.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Aquelas vías ou áreas restrinxidas ao uso público e delimitadas para garantir a conservación dos hábitats e das especies silvestres.

– Das limitacións establecidas neste punto, quedan exceptuados os vehículos de vixilancia, emerxencias e todos aqueles que conten coa autorización do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural.

c. No que se refire ao tránsito de cabalarías, estará permitido o tránsito a cabalo polas vías de libre tránsito e de tránsito restrinxido que así o recolla o organismo competente en materia de patrimonio natural, e para uso exclusivamente persoal. No caso de actividades organizadas, lucrativas ou non, actividades económicas ou grupos de cabalos, será precisa unha autorización do organismo competente en materia de patrimonio natural na cal os solicitantes aseguren o mantemento e limpeza das rutas polas que transiten. Estas rutas a cabalo deben cumprir co estipulado no plan de conservación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*) en Galicia (Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro), o plan de recuperación da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica Steinbacher*) en Galicia (Decreto 75/2013, do 10 de maio) e o resto das recomendacións xerais para as zonas I e II recollidas no Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán. Ademais, débense circunscribir aos carreiros existentes e as actividades deberán contar coa aprobación por escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

d. Queda expresamente prohibida tanto a pesca continental e a caza, como a captura ou recolección de materiais xeolóxicos, biolóxicos ou culturais, salvo en actividades de investigación, que teñan relación coa xestión do Parque ou aquelas de aproveitamento sustentable que estean expresamente permitidas neste PRUX.

e. A circulación e aparcamento de vehículos no desenvolvemento de actividades de uso público realizarase exclusivamente nas vías e áreas habilitadas para tal efecto. Prohíbese a circulación e aparcamento sobre hábitats de interese comunitario ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación, salvo naqueles casos en que exista autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural.

f. O aparcadoiro da Casa da Costa está destinado ás visitas autorizadas e ao uso do persoal do Parque. Prohíbese a súa utilización por parte de vehículos non autorizados.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

g. De maneira xeral, prohíbese pernoctar, en caravana ou calquera outro medio, en calquera dos aparcadoiros habilitados para uso público polo organismo competente en materia de patrimonio natural.

h. Tendo en conta a limitada superficie do Parque e, por tanto, a súa limitada capacidade de asumir impactos e actividades non tradicionais, prohíbense con carácter xeral as probas e competicións deportivas dentro do Parque, agás naquelas instalacións deseñadas especificamente para esta actividade: campo de fútbol de Olveira e instalacións deportivas do colexio de Olveira. Excepcionalmente, poderá ser autorizado polo organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural o paso de andainas e carreiras nas condicións recollidas na normativa xeral para a zona II deste PRUX.

i. Deberán respectarse estritamente aquelas limitacións temporais ou espaciais que poida establecer a Dirección do Parque a fin de garantir a conservación ou a recuperación de hábitats ou especies de interese.

j. A dirección do Parque poderá establecer limitacións temporais no número de visitantes ou no de participantes nas actividades que autorice, se así se fixer preciso, para garantir a conservación dos hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación e as propias especies de interese para a conservación.

k. O uso da imaxe, marca ou sinais de identidade gráfica do Parque deberá contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural.

l. O deseño, realización e/ou sinalización de roteiros por parte de persoas ou entidades que non sexan o Parque precisará dunha autorización do organismo competente en materia de patrimonio natural.

m. Os locais de hostalaría situados no Parque deberán cumprir estritamente a normativa do Parque no relativo ao mantemento da tranquilidade e quietude en toda a súa superficie. Os horarios de apertura e peche dos establecementos, así como o ruído e contaminación luminosa xerados neles, axustaranse en todo momento ás regulacións por que se rexe a súa autorización. O órgano autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá establecer modificacións temporais destas condicións por concorrencia de razóns imperioso interese público ou cando se poida producir unha afección significativa sobre os compoñentes do ambiente, obrigando, por exemplo a controlar o ruído e a mitigar a contaminación luminosa.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

o. Serán autorizables as actividades de voluntariado directamente relacionadas cos obxectivos operativos e de xestión do Parque.

p. Prohíbese expresamente a práctica do «botellón».

q. Prohíbese calquera tipo de actividade deportiva ou recreativa con embarcación ou calquera outro artefacto flotante nas lagoas e marismas. Esta prohibición esténdese a área do Río do Mar comprendida ao oeste da liña imaxinaria que une o punto final do Camiño do Mar co extremo do cordón dunar da praia do Vilar. O uso de embarcacións só será autorizable para labores de emerxencia, xestión ou investigación.

r. Prohíbese a práctica do vivaqueo e a acampada libre.

s. Prohíbese a práctica do tiro ao prato, tiro con arco e o uso, en xeral, de calquera tipo de arma con fins recreativos.

t. Aquelas actividades non contempladas nos puntos anteriores poderanse autorizar baixo a consideración de actividades extraordinarias sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

i. Que sexan realizadas unha avaliación da súa compatibilidade e a súa repercusión ambiental polo organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural que conclúa que non son susceptibles de provocar unha afección aos valores da xea, da biodiversidade ou do patrimonio natural nin son susceptibles de xerar danos ás persoas ou ás propiedades nin teñen unha incidencia negativa sobre as actividades que se realizan habitualmente no Parque.

ii. Non se poderá autorizar ningunha actividade extraordinaria se contradí as normas, obxectivos ou funcionamento do Parque, ou é incongruente cos establecidos no Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

iii. Para a autorización de actividades extraordinarias, como rodaxe de películas, producións de televisión e reportaxes en xeral, exixirase a ausencia de espectadores.

iv. Para a autorización de toda actividade extraordinaria exixirase o depósito dunha fianza ou a contratación dun seguro por parte do promotor. A Administración poderá establecer tarifas que, polo menos, terán por obxectivo o reembolso dos gastos xerados pola concesión da autorización e polo seguimento das actividades autorizadas.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

4.4.14. Actividades científicas e de seguimento.

4.4.14.1. Obxectivos.

a. Fomentar o coñecemento sobre a dinámica ou evolución dos compoñentes e dos procesos naturais no Parque (por exemplo a morfodinámica costeira).

b. Regular as actividades científicas e de seguimento do patrimonio natural e da biodiversidade no Parque a fin de evitar a afección aos seus compoñentes.

c. Deseñar medidas para fomentar, coordinar e desenvolver actividades de investigación e vixilancia no Parque, orientando estas medidas aos obxectivos e criterios expostos tanto nas normativas e os correspondentes instrumentos de planificación como nas que se establecen nas redes científicas e de vixilancia de especies, hábitats (especialmente de interese comunitario) e ecosistemas.

4.4.14.2. Directrices.

a. Favorecerase a realización de traballos de investigación relacionados coa biodiversidade e o patrimonio natural do Parque e as súas peculiaridades e fomentarase a investigación naqueles temas de interese para a xestión e conservación destes.

b. Todos os traballos científicos ou de investigación que se realizacen no ámbito do Parque utilizarán as técnicas e métodos menos impactantes posibles para o medio natural.

c. Limitarase a recolección de espécimes e mostras biolóxicas ou de rochas, minerais e fósiles aos casos estritamente necesarios e estableceranse as condicións de captura ou recollida, nas cales se indicarán as cantidades, lugares, épocas e modo de realizalas.

d. Crearase un depósito bibliográfico con copias dos estudos e traballos realizados no Parque.

4.4.14.3. Normativa xeral.

a. As investigacións científicas serán efectuadas por persoal cualificado logo da avaliación dunha proposta técnica que conterá a información necesaria para avaliar a incidencia de actividade sobre o medio natural. O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá propoñer que a realización das actividades científicas se realice

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

nunha zona ou nunha área concreta do Parque ou, se for o caso, denegar a autorización para a súa execución.

b. Toda actividade científica ou de investigación deberá ser autorizada previamente polo organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural e adaptarase ás normas e condicionantes establecidos na devandita autorización.

i. As actividades científicas ou de investigación que afecten especies de interese para a conservación ou hábitats de interese comunitario deberán contar coa autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural, o cal poderá pedir, logo da súa solicitude ou durante o transcurso da actividade, información detallada sobre os labores de investigación e establecer medidas preventivas ou limitacións sobre a recollida, captura, extracción ou sobre os métodos de estudo a fin de asegurar o mantemento do estado de conservación dos hábitats ou das especies obxecto da investigación.

ii. Só poderán ser outorgadas autorizacións de investigación que afecten o estado de conservación de hábitats ou especies consideradas como de interese para a conservación cando sexan estritamente necesarias para a xestión destes elementos e cando non existan alternativas para que os traballos de investigación se poidan realizar con outros métodos menos impactantes ou en áreas non integradas no Parque.

iii. Para a realización de actividades científicas ou de investigación poderanse outorgar permisos especiais para o transporte de material e persoas polas vías de tránsito restrinxido. Igualmente, poderase autorizar a instalación dos campamentos e infraestruturas necesarias en áreas non habilitadas para tal fin, con carácter temporal e con impacto visual e ecolóxico mínimo.

iv. O responsable das investigacións realizadas no Parque deberá proceder aos traballos necesarios para a restauración das condicións naturais que houbese con anterioridade.

c. As actividades de investigación ou seguimento non poderán deixar pegadas permanentes que vaian en detrimento dos valores naturais e culturais.

d. As actividades de investigación non poderán, en ningún caso, introducir especies ou subespecies, así como xenotipos diferentes aos existentes no Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

5. Plan de xestión de emerxencias.

5.1. Obxectivo.

O plan de emerxencias pretende optimizar a utilidade dos recursos materiais e humanos dispoñibles polo Parque co obxecto de controlar a evolución de situacións de emerxencia e minimizar as súas consecuencias.

Enténdense as emerxencias como situacións non desexadas que interrompen o normal desenvolvemento das actividades do Parque. As medidas contra emerxencias son a prevención, a protección e a reparación dos danos. A prevención é o conxunto de medidas que tratan de que non se produza unha emerxencia; a protección é o conxunto de medidas que tratan de neutralizar a emerxencia producida; a reparación é o conxunto de medidas deseñadas para reparar o dano provocado pola emerxencia.

O Parque atópase dentro dos ámbitos de aplicación dos seguintes plans de emerxencias de ámbito galego e municipal:

• Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga).

• Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga).

• Plan de defensa contra incendios forestais de Galicia, que desenvolve os protocolos específicos de actuación para os incendios forestais de situación 0 e situación 1.

• Plan de emerxencias municipal de Ribeira (Pemu).

5.2. Identificación de riscos.

Segundo o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) defínense os riscos como os posibles fenómenos ou sucesos de orixe natural, xerados pola actividade humana ou pola interacción de ambos, que poden dar lugar a danos para as persoas, bens e/ou o ambiente.

No que se refire ao Parque, podemos definir os seguintes riscos:

5.2.1. Riscos naturais.

Son aqueles debidos a factores xeográficos e climáticos. En ocasións son riscos predicibles en función da situación atmosférica e xeográfica do Parque. Adoitan manterse nun

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

nivel constante ao longo do tempo e, en xeral, obrigan a facer unha planificación sobre as consecuencias.

Identifícanse os seguintes riscos deste tipo no Parque:

• Inundacións: poden producir perdas materiais, chegando a poñer en risco vidas humanas. Céntranse nas zonas de desaugamento dos cursos fluviais, marisma e áreas asolagables no contorno das zonas húmidas, especialmente da lagoa de Vixán.

• Temporais e treboadas: poden provocar caída de árbores e outros elementos, corte de vías de comunicación, danos en construcións e illamentos de poboacións ou persoas, debido aos danos ocasionados no medio, e impacto de raios.

• Chuvias intensas e persistentes: poden presentar efectos semellantes aos dos puntos anteriores, ao que habería que sumar o risco de corrementos e arrastre de terras, especialmente en áreas sen protección vexetal por incendios, arroteamentos recentes, etc.

• Sismos: de efectos practicamente instantáneos. A planificación realizarase sobre as consecuencias e non sobre a súa prevención.

• Incendios naturais provocados polos raios.

5.2.2. Riscos antrópicos.

Son aqueles provocados ou derivados das accións ou actividades humanas pasadas ou presentes.

Identifícanse os seguintes riscos deste tipo no Parque:

• Asociados ao tráfico e transporte público: accidentes de vehículos, atropelos e saturación dos aparcadoiros existentes.

• Incendios forestais provocados de xeito intencionado, por neglixencias ou accidentes.

• Accidentes, incidentes e danos a persoas sufridos por residentes ou usuarios do Parque durante o desenvolvemento de actividades normalmente permitidas:

– Mentres se percorren camiños do Parque: lesións, picaduras de especies velenosas, caídas en pozos de rega tradicionais, caída de elementos naturais (pólas, rochas), derru-

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

bas de elementos antrópicos (valos de pedra, etc.), problemas cardíacos e outras urxencias médicas, morte natural.

– Nas actividades de lecer na praia: lesións, picaduras de especies velenosas, afogamento, problemas cardíacos e outras urxencias médicas, morte natural.

– Durante a visita ás instalacións de uso público: lesións, problemas cardíacos e outras urxencias médicas, morte natural.

– Durante a observación de flora e fauna: semellantes aos expostos para o percorrido de camiños.

– Durante a realización de tarefas agropecuarias: lesións, accidentes con maquinaria ou ferramenta, picaduras de especies velenosas, problemas cardíacos e outras urxencias médicas, morte natural.

• Accidentes, incidentes e danos a persoas sufridos por residentes ou usuarios do Parque durante o desenvolvemento de actividades deportivas ou outras actividades suxeitas a autorización.

• Accidentes derivados de actividades de carácter tecnolóxico e de estruturas fixas ou móbiles, deseñadas e construídas polas persoas. O factor de prevención é moi importante para reducir o risco de xeito drástico.

No mapa 5 do anexo III represéntase a distribución estimada de riscos no Parque en dúas zonas, segundo a gravidade e frecuencia dos riscos previstos:

a. Zona de risco alto: representada pola zona costeira, incluíndo praias e costa rochosa. Nesta zona afectan con maior gravidade os riscos naturais máis frecuentes, como son os temporais. Concéntrase tamén nesta zona, a maior parte do uso público, especialmente nas praias, que concentran a maior probabilidade de riscos asociados a accidentes por actividades de lecer, durante actividades de observación de fauna e flora costeira e picaduras. Finalmente, considéranse as zonas de acceso restrinxido ou por ser terreos dedicados a usos agrícolas ou urbanos; nesta zona a incidencia de incendios forestais en condicións atmosféricas extremas (vento, temperatura e humidade relativa) pode ocasionar situacións de alto risco. Tamén o tráfico rodado é de maior intensidade e xera riscos importantes.

b. Zona de risco medio: representada polas beiras dos cursos de auga, marismas e zonas asolagables veciñas, lagoa de Vixán e zonas asolagables veciñas, vías de tránsito

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

rodado e sendas sinalizadas. Nestas zonas concéntranse riscos naturais menos frecuentes e, habitualmente, menos graves na zona, como os asolagamentos e desbordamentos. Tamén os riscos asociados ao tránsito rodado (accidentes, atropelos) e á existencia de actividades de lecer nas sendas sinalizadas.

5.3. Medidas de protección.

As medidas de prevención son aquelas accións deseñadas para evitar ou minimizar as situacións de risco identificadas no punto anterior. Máis concretamente, poden ser:

a. Medidas de protección á poboación:

• Avisos á poboación afectada.

• Confinamento en lugares seguros.

• Evacuación e asistencia social.

• Seguridade cidadá.

• Control de accesos, limitando o número de vehículos nos aparcadoiros existentes.

• Delimitación e sinalización das vías necesarias para a evacuación en caso de emerxencias.

b. Medidas de socorro, considerando as situacións que representan unha ameaza para a vida e a saúde das persoas:

• Busca, rescate e salvamento.

• Primeiros auxilios.

• Transporte sanitario.

• Clasificación, control e evacuación de afectados con fins de asistencia sanitaria e social.

• Asistencia sanitaria.

• Albergue de emerxencia.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

• Abastecemento (equipamentos e subministracións para atender a poboación afectada).

c. Medidas de intervención para combater o suceso catastrófico.

d. Medidas de protección dos bens.

• Protección do ben propiamente dita.

• Evitar riscos asociados.

e. Medidas reparadoras referidas á rehabilitación dos servizos públicos esenciais cando a súa carencia constitúa unha situación de emerxencia ou perturbe o desenvolvemento das operacións. Para garantir estas actuacións, pode ser preciso, ademais, realizar outras medidas como:

• Regulación do tráfico.

• Condución dos medios á zona de intervención.

• Apoio loxístico ás persoas intervenientes.

• Establecemento de redes de transmisións.

• Abastecemento.

Outras medidas:

a. Prevención de incendios forestais: de acordo co establecido neste plan, promoveranse as masas forestais multiespecíficas incrementando a presenza de frondosas caducifolias, a creación de descontinuidades horizontais e verticais dos combustibles, e asegураranse as medidas preventivas establecidas pola lei de defensa contra incendios forestais. Tamén a creación dunha rede de puntos de auga para facilitar labores de extinción.

b. Prevención das inundacións ou dos efectos de chuvias persistentes: Restauraranse as canles naturais de desaugamento e as zonas de circulación natural da auga afectados pola construción de infraestruturas ou calquera outra actividade. Adaptaranse as vías a estas zonas. Empregaranse materiais permeables en vías e beirarrúas, e promoverase a eliminación de zonas cubertas con materiais impermeables. Estableceranse medidas de

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

control da enxurrada en zonas que o requiran, como zonas sen vexetación afectadas por incendios ou arroteamento recente, mantendo as condicións de desaugamento dos cursos.

c. Prevención de caída de árbores ou pólas: control anual das árbores e das súas pólas situadas a carón dos camiños e vías do Parque.

d. Prevención de accidentes de tráfico: Establecemento de medidas redutoras da velocidade en todas as vías, incluídas as que circunvalan o Parque. Eliminación dos aparcadoiros situados dentro dos límites do Parque e xestión e control das zonas de aparcamento no exterior. Limitación do número de visitantes.

e. Prevención doutros riscos: Edición dun folleto de información de riscos para poñer á disposición de todas as persoas visitantes do Parque e paneis informativos sobre os riscos en zonas estratéxicas.

5.4. Clasificación das emerxencias.

As emerxencias clasificaranse, no momento e época do ano, segundo o tipo de risco, a gravidade ou consecuencias que poidan ter e a dispoñibilidade de recursos materiais e humanos para facerlles fronte.

5.4.1. Segundo o tipo de risco.

Segundo as situacións de risco enumeradas no punto 2, as emerxencias poden clasificarse en:

• Emerxencia por incendio.

• Emerxencia por inclemencias meteorolóxicas (temporal, treboadas, etc.).

• Emerxencia por enchentes, inundacións, escorremento de terras.

• Emerxencia médica ou perda de persoas.

• Emerxencia por accidente de tráfico interno.

• Emerxencia en caso de contaminación mariña.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

5.4.2. Segundo a gravidade.

a. Fase de alerta.

Aquelas situacións de risco por fenómenos naturais en que se prevé o aumento do risco para a actividade no Parque.

Son situacións en que non se iniciou ningún tipo de emerxencia pero nas cales o persoal do Parque e o corpo de axentes forestais do Parque se ven obrigados a aumentar a vixilancia e aplicar nalgúns casos medidas preventivas.

Son situacións deste tipo:

• Situacións de alto risco de incendio forestal.

• Previsión de fortes temporais ou treboadas que poden tamén dar lugar a inundacións.

b. Nivel 1: incidente ou conato de emerxencia.

Aquelas situacións de risco que, pola súa pequena magnitude, poden chegar a ser controladas polo persoal do Parque directamente ou en colaboración cos servizos de emerxencias.

Son situacións que afectan unha persoa ou grupo de persoas ou que se dan en zonas puntuais en que non se prevé a evolución a situacións máis graves e non é precisa a intervención de servizos de salvamento alleos ao Parque.

Son situacións deste tipo:

• Pequenos accidentes ou enfermidades sufridas por algún visitante ou traballador que non requiren de tratamento médico especializado.

• A picadura de fanecas bravas, himenópteros e outras especies velenosas de baixo risco cando non se observen reaccións que comprometan a saúde das persoas.

• Conatos de incendio en lugares puntuais que poden ser rapidamente controlados.

• Treboadas con previsións de corta duración en que é preciso refuxiar temporalmente ás persoas visitantes.

• Caída de árbores e outros obstáculos, que afecten a actividade normal do Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

c. Nivel 2: emerxencia parcial.

Aquelas situacións de risco en que é precisa a intervención dos servizos de emerxencias. Afectan só un número limitado de persoas ou danse puntualmente nunha determinada zona e non é precisa a protección ou evacuación xeral de todo o persoal do Parque.

Estas situacións poden ser frecuentes nos períodos de máxima afluencia. Para a súa resolución establecerase, no caso de haber persoal de servizo, unha coordinación entre os grupos de emerxencias, o persoal do parque e axentes forestais, estes últimos con funcións de asesoramento e colaboración, baixo a dirección dos servizos especializados. Requirirase a axuda precisa do resto do persoal do Parque. No caso de rescate por vía terrestre, será imprescindible manter as vías libres de calquera obstáculo para facilitar o acceso aos servizos especializados. Para facilitar o dito acceso aos puntos e nos momentos de maior afluencia, como son os accesos á praia, promoveranse vías de acceso e aparcadoiros que deberán estar sempre dispoñibles para servizos especializados en caso de emerxencia.

Son situacións deste tipo:

• Accidentes ou sucesos de orixe natural que pola súa gravidade ou difícil acceso requiren a intervención dos bombeiros ou policía local ou outros corpos especializados.

• Incendios forestais en zonas en que non queda comprometida a seguridade da veciñanza, visitantes e persoal do Parque, pero nas cales se requira axuda externa para o seu control. En todo caso, para as emerxencias por incendios forestais en terreos rústicos, a norma de actuación será o Pladiga. No caso de incendios urbanos rexerá o Plan municipal de emerxencias.

• Accidentes deportivos en zonas de difícil acceso.

• Emerxencias e urxencias médicas.

• Perda de persoas.

• Accidentes derivados do tráfico interior do Parque.

d. Nivel 3: emerxencia xeral.

Aquelas situacións de risco que, pola súa gravidade e dimensión, requiren da intervención coordinada dos distintos operativos de emerxencias, axentes forestais e todo o per-

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

soal do Parque, e é preciso confinar e/ou evacuar veciños e visitantes do Parque dalgunha zona ou da totalidade do Parque.

Afectan extensións grandes do territorio e en épocas de máxima afluencia poden levar a situacións catastróficas. Para a súa resolución será precisa a intervención conxunta e coordinada de servizos especializados, asesorados polos axentes forestais do Parque e a colaboración de todo o persoal do Parque e outros externos locais, se for preciso.

Se a emerxencia afecta de xeito xeral o municipio de Ribeira e/ou municipios limítrofes, actuarase segundo os plans territoriais, plans de actuación municipal (no caso de Ribeira) e/ou plans especiais que sexan de aplicación.

Son situacións deste tipo:

• Grandes incendios forestais.

• Grandes enchentes ou inundacións.

No referido ao risco de incendios forestais, traballarase conxuntamente co Distrito Forestal IV para que no seu plan de actuación se prevexa especificamente a actuación dentro do Parque, tendo en conta as particularidades do seu funcionamento e a protección dos valores naturais que acubilla.

5.4.3. Segundo a dispoñibilidade de medios humanos.

A variabilidade temporal do persoal do Parque ao longo do día e do ano, condiciona secuencias de actuación diferentes segundo a dispoñibilidade de medios humanos. Por tanto, diferenciarase en:

• No verán e xornada diúrna: disponse de máis persoal e a posibilidade de detectar, dar a alarma e resolver incidentes suponse maior. Ademais do persoal do Parque débese procurar implicar nas tarefas de detección e alarma o persoal externo que desenvolve a súa actividade no interior do Parque neste período, como os socorristas das praias.

• No inverno e xornada diúrna, os recursos humanos son menores e a detección e a alarma dependen máis dos axentes forestais e o persoal de mantemento.

• Xornada nocturna: non hai persoal do Parque traballando entre as 21.00 e as 7.00.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

5.5. Inventario de recursos.

É preciso contar cun inventario actualizado dos recursos dispoñibles para actuar en caso de emerxencia, identificando a súa localización e función, así como as necesidades de mantemento e control.

Os medios propios de que dispón o Parque son:

5.5.1. Medios humanos.

a. Persoal laboral adscrito ao Parque:

• 1 capataz de establecemento.

• 1 oficial de establecemento.

• 2 vixilantes de recursos naturais.

• 2 vixilantes de recursos naturais fixos descontinuos.

• 2 peóns fixos.

b. Persoal externo:

• Persoal variable en número e cualificación, en función das necesidades de xestión do Parque.

• Persoal da RPT da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

5.5.2. Medios materiais.

• *Pick-up* con bomba de auga con capacidade de 400 litros.

• Vehículo todoterreo.

• Maquinaria de mantemento: rozadoras, motoserra, cortacéspede e ferramentas variadas.

• Caixas de primeiros socorros na Casa da Costa.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

5.5.3. Infraestruturas.

Na actualidade o Parque conta co seguinte equipamento:

• Centro de Recepción de Visitantes Casa da Costa (O Vilar).

• Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral de Galicia (Cielga) (O Vilar).

• Observatorio ornitolóxico da lagoa de Vixán.

• Torreta de vixilancia da praia do Vilar.

• Caseta informativa de Olveira.

• Áreas de lecer.

• Aparcadoiros.

• Pasarelas de madeira.

O mapa 6 do anexo III representa as principais vías de acceso/liñas de evacuación existentes no Parque e a súa tipoloxía, así como os aparcadoiros.

No mapa 7 do anexo III delimítanse 6 zonas no Parque en función da súa accesibilidade e as vías de acceso/liñas de evacuación dispoñibles en cada zona, así como os aparcadoiros, nos cales haberá un espazo reservado para ambulancias e/ou outros medios auxiliares e que poderán ser utilizados como espazos en que instalar hospitais de campaña ou outras instalacións de emerxencia, se for preciso.

En todo caso, as vías de evacuación non poderán discorrer sobre hábitats prioritarios, salvo situacións sobrevidas de forza maior.

As seis zonas delimitadas son:

1. Praia de Ladeira e arredores.

2. Olveira.

3. Artes.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

4. Carregal-Praia do Vilar.

5. A Graña.

6. Vixán.

5.6. Accións que se realizarán no caso de incidente e emerxencia.

Os diferentes incidentes e emerxencias requirirán da intervención de persoas e medios para garantir en todo momento:

Alerta: ao recibir calquera aviso de risco por fenómenos meteorolóxicos adversos (temporais, risco de incendio) transmitirase a alerta ao persoal do Parque, visitantes e colectivos autorizados para realizaren actividades no interior do Parque, e adoptaranse as medidas preventivas que se consideren precisas.

Aviso-detección: calquera membro do persoal de garda que detecte un incidente transmitirá por teléfono ou persoalmente a alerta a:

• Casa da Costa: 981 87 85 32, en horario de atención ao público.

• Axencia Galega de Emerxencias: 112.

• Urxencias sanitarias: 061.

• Incendios forestais: 085.

• Policía local de Ribeira: 981 87 11 78.

A persoa que recibe o aviso porá en acción o resto do persoal do Parque do xeito máis rápido posible e, se for o caso, comunicaralo aos servizos externos ao Parque cando for preciso.

Alarma: informarase da actuación máis axeitada e sobre a aplicación doutras medidas de protección e paralizarase o tráfico para permitir o acceso aos servizos especializados, se é preciso.

Confinar/evacuar: realizarase o confinamento ante unha situación perigosa que se atenúa rapidamente. A evacuación é unha medida definitiva que se xustifica unicamente se o

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

perigo que se expoñen veciños e visitantes é suficientemente grande. A orde de evacuación virá dada polo mando dos bombeiros.

Etapas:

1. Aviso de evacuación.

2. Preparación: as persoas concéntranse nos puntos de reunión indicados e prepáranse os medios de transporte.

3. Traslado: traslado cos medios previstos.

Intervención: para o control de incidentes e debe ser rápida e precisa para obter a máxima eficacia.

Axudas externas: recepción e información aos servizos de axuda exterior ao Parque, asesoramento e colaboración.

• Axencia Galega de Emerxencias: 112.

• Urxencias sanitarias: 061.

• Incendios forestais: 085.

• Policía local de Ribeira: 981 87 11 78.

5.7. Organización dos medios humanos e creación de equipos do Parque.

Para a organización dos medios humanos e a repartición de funcións que realizará o persoal en caso de incidente ou emerxencia, recoméndase a constitución dos seguintes elementos, de acordo coas dispoñibilidades de persoal:

5.7.1. Responsable de emerxencias (RE).

Será escollido entre o persoal do Parque en función das quendas asignadas e será a persoa de referencia á hora de recibir os avisos e coordinar a resposta aos incidentes e emerxencias.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

O RE debe estar permanentemente localizable por teléfono nas quendas asignadas e ter un bo coñecemento do plan de emerxencias, especialmente dos esquemas operacionais e medios de que dispón o Parque, así como do medio físico e social do Parque.

5.7.2. Centro de Recepción de Alarmas (CRA).

É o centro en que se reciben as alarmas no ámbito do Parque e o punto neurálxico de todo incidente interno, xa que todas as actuacións do persoal do Parque e de colaboración cos servizos de emerxencias se coordinan desde aquí.

Debe cumprir cuns requisitos mínimos que inclúen:

• Seguridade.

• Medios:

◦ Comunicacións normais e as asignadas en caso de incidente.

◦ Inventario de medios e a súa localización.

◦ Planos, en que se representen as vías de acceso, puntos de auga, etc.

◦ Directorios telefónicos cos teléfonos dos diferentes servizos de emerxencias autonómicos e locais.

• Accesibilidade.

O Centro de Recepción de Alarmas considérase o lugar ocupado pola centraliña telefónica, neste caso a Casa da Costa no horario de atención ao público.

A persoa responsable da centraliña da Casa da Costa será quen transmitirá todas as ordes facilitadas polo responsable de emerxencias, con quen sempre permanecerá en contacto.

Cando se reciba aviso de incidente ou emerxencia, fará o seguinte:

1. Avisará sen demora o responsable de emerxencias.

2. Transmitirá ao exterior as demandas de axuda do responsable de emerxencias.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

3. Transmitirá todos os avisos ao persoal do parque que interveñan ou aos que o responsable de emerxencias determine.

4. Atenderá e establecerá as comunicacións co exterior, organismos oficiais, etc.

5. Anotará o desenvolvemento e a cronoloxía das accións tomadas durante o incidente ou emerxencia nun diario de emerxencias.

6. Encargarase da actualización do directorio de teléfonos.

O centro de visitantes Casa da Costa estará operativo no horario de apertura de verán e inverno que se determine.

5.7.3. Persoal do Parque.

O persoal do Parque deberá estar preparado para actuar segundo as instrucións recibidas polo RE en caso de incidencia e emerxencia.

Todo o persoal do Parque :

• Coñecerá a existencia do plan de emerxencia.

• Coñecerá as funcións e alcance das accións que poden realizar.

• Coñecerá as situacións de risco posibles no ámbito do Parque.

• Coñecerán os medios materiais de que dispón o Parque e a súa localicación.

• Serán capaces de identificar unha situación de risco e transmitir a alarma segundo as secuencias de actuación do plan de emerxencia.

• Recibirán do RE as indicacións de actuación nos casos de incidente.

Todo o persoal que participa no desenvolvemento habitual de actividades do Parque debe coñecer a existencia do plan e as funcións que deben desempeñar no caso de emerxencia.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

5.8. Esquemas operacionais en caso de incidente e emerxencia.

a. No caso de alerta por fenómenos meteorolóxicos adversos.

Ao recibir calquera previsión de risco por fenómenos meteorolóxicos adversos (temporais, risco alto de incendio, etc.):

1. O CRA transmitirá a alerta ao RE e ao persoal do Parque.

2. O Parque poderá propoñer medidas preventivas ás administracións con competencias na atención das emerxencias.

b. No caso de incidente (nivel 1).

1. Darase aviso ao CRA, por teléfono ou persoalmente.

2. No caso de non ser posible contactar co CRA avisarase ao 112.

3. CRA avisará o responsable de emerxencias.

4. CRA ou o RE mobilizarán o persoal do Parque.

5. A persoa que descubra o incidente, despois de dar aviso, tentará solucionalo de acordo cos recursos dispoñibles.

6. De non ser capaz de solucionalo, manterase en contacto co RE, seguirá as instrucións e colaborará, se for o caso, cos servizos de emerxencias.

7. No caso de non poder solucionalo cos medios e coñecementos do persoal do parque, o RE analizará a situación e trasladaraa aos servizos de emerxencias.

Fóra do horario de apertura do CRA:

1. A persoa que descubra a emerxencia avisará directamente o 112.

2. 112 da aviso ao control central de bombeiros e á policía local de Ribeira, ou 085 ou 061, se for o caso.

3. Os equipos de emerxencias especializados realizarán a intervención e encargaranse do traslado dos posibles feridos ao centro sanitario.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

c. No caso de emerxencia parcial (nivel 2) e emerxencia xeral (nivel 3).

En caso de emerxencias de nivel 2 ou 3, o RE ao través do CRA trasladará a información dispoñible aos servizos de emerxencias, establecerá canles de comunicación cos responsables dos operativos para facilitar a capacidade máxima de colaboración e apoio do persoal do Parque aos operativos de emerxencias.

Fóra do horario de apertura do CRA:

1. A persoa que descubra a emerxencia avisará directamente o 112.

2. 112 da aviso ao control central de bombeiros e á policía local de Ribeira, ou 085 ou 061, se for o caso.

3. Os equipos de emerxencias especializados realizarán a intervención e encargaranse do traslado dos posibles feridos ao centro sanitario.

5.9. Protocolos de actuación.

A seguir definiranse de xeito máis concreto os protocolos que seguirán os medios e sistemas de actuación con que conta o Parque.

5.9.1. Centro de Recepción de Alarmas (CRA).

Alerta.

Ao recibir unha previsión de alto risco de incendio ou risco meteorolóxico transmitirá a alerta a todo o persoal que traballa no Parque.

Aviso-detección.

En caso de detectar un incidente ou emerxencia avisará a:

• O responsable de emerxencias.

• Os vixiantes nos casos de nivel 1, 2 e 3.

• O 112, 085, 061 e a policía local de Ribeira nos casos de nivel 2 e 3.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

• A policía local de Ribeira, en caso de incidentes de nivel 2 e 3 que afecten estradas e camiños locais.

Alarma.

En todos os casos de nivel 1, 2 e 3 activarán o persoal do parque na zona que indique o RE.

5.9.2. Persoal do Parque.

Alerta.

Ao recibir a alerta do CRA de risco alto de temporal, inundacións ou semellante:

• Percorrerán a zona e transmitirán a orde de peche do Parque a todos as persoas visitantes nos puntos de acceso e aqueles que estean ao seu alcance no interior do Parque.

• Pecharán as instalacións da Casa da Costa e trasladaranse ao exterior do Parque.

Ao recibir a alerta do CRA de risco alto de incendio forestal e treboadas fortes:

• Informarán do risco ás persoas visitantes que estean ao seu alcance no interior do Parque.

Aviso-detección.

Ao detectar un incidente ou emerxencia avisarán:

• O CRA nos casos de nivel 1, 2 e 3.

• O 112, se hai cobertura e está pechada a Casa da Costa.

Alarma.

En calquera caso, informarán aos visitantes da situación e da actuación máis axeitada.

Nos casos de nivel 2 e 3 que indique o RE, paralizarán o tráfico das vías precisas para o acceso dos servizos de rescate.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Intervención.

No caso de incendio de nivel 1, manterán as persoas visitantes lonxe do incendio e esperarán ata a chegada dos operativos de emerxencias.

No caso de incidente médico, atenderán o accidentado segundo os seus coñecementos ata a chegada da asistencia médica externa ao Parque e colaborarán no que sexa preciso.

Confinamiento-evacuación.

No caso de treboadas de curta duración, darán refuxio ás persoas visitantes.

No caso de incendio, treboadas, enchentes ou riscos semellantes de nivel 2 e 3 realizarán o confinamento das persoas visitantes afectadas nos puntos que establezan o mando dos bombeiros e o RE.

5.9.3. Responsable de emerxencias (RE).

Alarma.

Valorará a situación e decidirá o esquema operacional que seguir.

Nos casos de incidente, dará as ordes de intervención ao persoal do parque directamente ou a través do CRA.

Nos casos de emerxencia parcial e xeral, recibirá o mando do operativo de emerxencias e transmitiralle información e asesoramento.

Intervención.

No caso de incendio de nivel 1, 2 ou 3, coordinará ata a chegada dos operativos de emerxencias, momento en que os informará, asesorará e se porá á súa disposición.

Confinamento-evacuación.

Nos casos de emerxencia de nivel 2 e 3 (incendio, enchentes), conxuntamente co mando dos bombeiros, establecerá os puntos de confinamento definitivos ou provisionais para a posterior evacuación.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

5.10. Implantación.

A implantación ten como obxectivo a planificación da información, formación e adestramento, de xeito que todas as persoas teñan claro que facer, como e cando actuar en caso de incidente ou emerxencia.

Para a implantación do Plan é preciso:

• A redacción das consignas de actuación nos incidentes e emerxencias.

• A planificación da información, formación e entrenamento do persoal.

• A planificación e programación de simulacros.

• A análise e investigación de sinistros.

5.11. Información, formación e adestramento.

O Plan de emerxencias deben coñecelo todas as persoas que intervirán no control de incidentes e emerxencias, é dicir, o persoal do Parque, outro persoal, empresas e colectivos que operan nel, veciños e visitantes.

Segundo as funcións que haxa que realizar, nalgúns casos será abondo coa información e noutros será precisa formación ou adestramento.

5.11.1. Información.

En cada unha das instalacións do Parque, establecementos autorizados de hostalaría, paneis informativos e materiais divulgativos exporanse seccións informativas indicando:

• Teléfono e situación do CRA.

• Recomendacións sobre o que facer ao detectar un incidente ou emerxencia.

• Recomendacións sobre o que facer en caso de alarma por emerxencia.

• Consellos sobre o que facer e non facer en caso de evacuación.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

5.11.2. Formación e adestramento.

O RE reunirase co persoal do Parque e outro persoal, empresas e colectivos que operan nel, para explicar o plan de emerxencia.

Posteriormente, reuniranse os mesmose e entregarase a cada un as consignas de actuación en caso de incidente ou emerxencia.

A formación e o adestramento deben ter unha continuidade e mantemento anual dos coñecementos.

Proponse que a formación se basee en:

a. Formación básica.

Todo o persoal do Parque debe formarse en:

• Definición de alerta, incidente e emerxencia.

• Descrición de toda a cadea de actuacións en caso de incidente e emerxencia.

• Formas de dar o aviso.

• Mensaxes tipo.

• Exercicios prácticos.

b. Formación para o RE.

Preténdese que teña formación en:

• Primeiros auxilios.

• Coñecemento dos episodios meteorolóxicos que poden comportar máis perigo na costa e máis risco de incendio.

• Coñecementos do comportamento do lume no ámbito do Parque.

• Coñecementos na utilización de ferramentas e equipamentos de extinción de incendios.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

5.11.3. Simulacros.

A efectividade do plan de emerxencia consíguese mediante a realización de prácticas periódicas que manteñan o adestramento do persoal nas tarefas que se deben realizar. Isto consíguese con simulacros e prácticas.

Os simulacros deben programarse e planificarase o seu desenvolvemento como se se tratase dunha emerxencia real.

A planificación realizarase a partir dun suposto de inicio de incidente ou emerxencia e secuenciando temporalmente as accións que se van realizar, como e quen as efectuará, así como un equipo de control que recolla as incidencias e tempos utilizados en cada acción para efectuar, posteriormente, un informe de resultados e conclusións do simulacro.

6. Programa de actuacións que se van desenvolver.

Durante o presente PRUX desenvolveranse as seguintes actividades:

6.1. Programa 1. Conservación da biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio cultural.

6.1.1. Xustificación.

A conservación da biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio cultural fundamentan a propia existencia do Parque. Algúns dos obxectivos e directrices que se recollen, a este respecto, no presente documento son dificilmente aplicables na práctica sen a existencia de estratexias que propoñan unha secuencia de actuacións e obxectivos intermedios que permitan pautar e avaliar o seu desenvolvemento. Por outro lado, a presenza de especies invasoras, en espacial nalgunhas das zonas máis sensibles do Parque, resulta un dos motivos de maior preocupación.

6.1.2. Obxectivos.

a. Deseñar estratexias que permitan o desenvolvemento das directrices relacionadas coa xestión de hábitats de interese, dos hábitats agrarios seminaturais e usos gandeiros de interese para a conservación da biodiversidade e das estratexias de convivencia con fauna silvestre, así como para garantir a conectividade dos corredores ecolóxicos establecidos no PRUX.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

b. Controlar as especies exóticas invasoras e restaurar os espazos alterados por estas unha vez realizadas actuacións de erradicación ou control.

c. Mitigar os danos causados polo xabaril nos cultivos, hábitats e especies.

6.1.3. Propostas.

a. Elaboración de protocolos internos de actuación para as accións relacionadas coa xestión dos hábitats e especies de interese, en especial para aquelas que contan con plans de conservación. Aplicación inmediata das actuacións definidas nos protocolos sobre hábitats e especies de interese unha vez estean elaborados.

b. Elaboración dunha estratexia e programa de xestión e investigación para a conservación de hábitats seminaturais e usos agrarios e gandeiros respectuosos que contribúan ao mantemento da biodiversidade do Parque. Implementación deste unha vez estea elaborado. Será obxecto dunha análise científico-técnica o mantemento e/ou mellora da dinámica hídrica da lagoa de Vixán e o seu contorno, incluíndo na análise o efecto que poden ter as masas monoespecíficas de carrizo (*Phragmites australis*) e a existencia de gabias e canles de drenaxe no lago sobre a biodiversidade, co obxectivo de evitar procesos de entullamento ou outros que afecten a calidade do medio e establecendo medidas de restauración baseadas na devandita análise que deberán ser aplicadas no período de vixencia do PRUX.

c. Control dos piñeiros que colonizan os sistemas dunares, entre eles os do corredor ecolóxico que conecta Olveira coas zonas da ZEC fóra do Parque no seu extremo noroeste.

d. Redución da cobertura de *Phragmites australis* no contexto do corredor ecolóxico Rego do Vilar-Lagoa de Vixán, principalmente na zona oeste da lagoa e na área da canle de saída desta. Esta actuación será repetida anualmente, levada a cabo fóra da temporada de cría das aves importantes para a biodiversidade do Parque e os seus efectos sobre os hábitats e as especies serán obxecto dun seguimento. A mellora da conectividade ecolóxica asociada aos corredores ecolóxicos deberá ser obxecto dunha análise específica para orientar as actuacións e o seguimento do seu resultado.

e. Establecemento dun sistema de vixilancia e alerta temperá de especies exóticas invasoras.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

f. Realización de campañas de información e concienciación cos habitantes do Parque e o seu contorno para eliminar as especies exóticas invasoras incluídas no CEEEI das parcelas urbanas e o seu contorno e controlar o risco que representan outras especias exóticas.

g. Accións de eliminación de especies exóticas invasoras, entre outras *Spartina patens*, *Acacia melanoxylon* e *Arundo donax*. Esta última será eliminada dos corredores ecolóxicos tal e como se define na correspondente sección deste PRUX. As intervencións de eliminación de invasoras atenderán de forma obrigatoria á restauración do medio onde estas se asentaban, unha vez realizadas as actuacións de control, aspecto especialmente relevante cando os propios procedementos de control carreten intervencións intensas no espazo ocupado pola especie invasora (p.e., no caso de control de *Spartina patens*).

h. Actuacións de fomento da fauna: instalacións de caixas niño para aves e refuxios de morcegos.

i. Deseño de estratexias de convivencia que faciliten a existencia de refuxios ou niños de especies silvestres en vivendas e outras construcións do Parque e que conteñan o protocolo de actuación no caso de ser preciso un desaloxo das especies silvestres.

j. Estudos poboacionais e de estratexias de prevención de danos por xabaril en cultivos, hábitats e especies e, de ser o caso, a retirada de exemplares de xabaril co obxectivo de diminuír os danos a cultivos e as afeccións sobre especies e hábitats de interese.

k. Fomentar a recuperación de cultivos tradicionais, especialmente os de cereais.

6.2. Programa 2. Investigación, seguimento e avaliación.

6.2.1. Xustificación.

Para acadar os obxectivos de conservación do Parque é preciso coñecer a biodiversidade e as dinámicas ecosistémicas que teñen lugar no territorio, a xeodiversidade e os elementos que compoñen o patrimonio cultural, con especial atención a aqueles que máis interaccionan coa diversidade biolóxica e xeolóxica. Nesta tarefa, o Parque pode buscar a colaboración de organismos de investigación e entidades naturalistas, así como da sociedade en xeral a través de programas de ciencia cidadá.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

6.2.2. Obxectivos.

a. Mellorar o coñecemento da diversidade biolóxica e xeolóxica do Parque, así como do seu patrimonio cultural.

b. Implicar organismos de investigación e entidades naturalistas e a sociedade en xeral na mellora do dito coñecemento.

6.2.3. Propostas.

a. Deseño dunha estratexia para o fomento da investigación científica, programas de prácticas conveniadas coas universidades galegas, convenios con entidades naturalistas.

b. Realización dun estudo sobre o impacto do cambio climático e dinámica sedimentaria nos diferentes hábitats e especies de interese.

c. Realización dun estudo que avalíe a afección causada polo xabaril sobre hábitats e especies de interese.

d. Desenvolvemento dun programa de ciencia cidadá con centros educativos e colectivos sociais do Parque e a súa contorna.

e. Realización de estudos sobre flora:

i. Análise do estado da poboación de *Rumex rupestris*, incluíndo a problemática da posible hibridación con especies simpátricas do xénero *Rumex* e relacións filoxeográficas.

ii. Análise da potencialidade do biotopo dunar no Parque para albergar un nicho ecolóxico óptimo da especie *Iberodes littoralis*, co obxectivo de avaliar a oportunidade e, se for o caso, elaborar e posta en práctica dun plan de reintrodución e conservación da especie no Parque.

iii. Análise das relacións de competencia entre as especies de comunidades de mato litoral sobre areas de *Cisto-Lavanduletalia* (Habitat 2260) e a especie catalogada *Chaetopogon fasciculatus* para elaborar unha proposta de manexo.

iv. Análise dos efectos da simulación da retirada tradicional da canaveira (*Phragmites australis*) sobre a biodiversidade en xeral e sobre a poboación da especie catalogada *Schoenoplectus pungens* en particular.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

v. Estudo de localización e avaliación da categoría taxonómica e grao de ameaza das poboacións do Parque atribuídas a *Triglochin palustris*.

vi. Estudo das distintas comunidades vexetais de pozas temporais do Parque para confirmar ou descartar a posible asignación nalgúns casos ao hábitat 3170*.

vii. Avaliación, en parcelas controladas, dos efectos sobre a diversidade de plantas dunha sega anual na época estival (deixando a herba uns días no prado e despois recolléndoa cando seque).

f. Realización de estudos faunísticos con especial atención aos seguintes grupos:

i. Orde Diptera, Familia Syrphidae.

ii. Orde Hymenoptera.

iii. Orde Odonata.

iv. Orde Lepidoptera (especial atención á suborde Heterocera).

v. Clase Aracnida.

vi. Orde Chiroptera.

vii. Orde Eulipotyphla (comprende a antiga Orde Insectivora –familias Talpidae, Soricidae e Erinaceidae–).

viii. Orde Rodentia.

g. Realización dun estudo sobre o reino Fungi e a súa xestión.

h. Realización de estudo sobre a dinámica e a conservación das lagoas.

i. Estudo da diversidade de seres vivos edáficos.

6.3. Programa 3. Xestión do uso público.

6.3.1. Xustificación.

O Parque debe favorecer un uso público responsable e respectuoso co seu territorio, que fomente o coñecemento e o goce da natureza. Para isto, o Parque debe liderar a dinamización do uso público, delimitando claramente as actividades compatibles cos seus

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

obxectivos, fomentando aquelas actividades que axuden á súa consecución e ofrecendo información axeitada e pertinente ás persoas visitantes.

6.3.2. Obxectivos.

a. Establecer e sinalizar axeitadamente, en función dos usos permitidos, a rede de camiños do Parque.

b. Ofrecer información axeitada e pertinente ás persoas visitantes sobre o medio natural e as medidas de conservación do Parque.

c. Implicar as persoas visitantes nas tarefas de xestión do Parque mediante programas de voluntariado.

6.3.3. Propostas.

a. Mellora dos contidos, situación e coherencia da sinalética do Parque.

b. Deseño e desenvolvemento dunha campaña de divulgación dos valores naturais e a normativa do Parque entre a veciñanza e visitantes.

c. Análise da actual rede de camiños e redeseño de roteiros con sinalética específica das actividades permitidas (incluíndo rotas nas zonas II e III que permitan o paso a cabalo), segundo as limitacións establecidas no presente PRUX.

d. Realización de accións de voluntariado en que se realicen traballos de seguimento, control de invasoras e outros traballos precisos no Parque.

e. Elaboración dunha publicación que verse sobre o patrimonio cultural (material e inmaterial) do Parque.

6.4. Programa 4. Mellora das infraestruturas, instalacións e equipamentos.

6.4.1. Xustificación.

É necesario que as infraestruturas, instalacións e equipamentos do Parque evolucionen para adaptarse ás novas normativas e aos obxectivos de xestión eficiente e sustentable, ademais do mantemento ordinario que poidan precisar como consecuencia do seu uso.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

6.4.2. Obxectivos.

a. Manter as infraestruturas, instalacións e equipamentos nun correcto estado.

b. Acometer melloras e adaptacións a novas normas e requirimentos.

c. Incrementar a eficiencia e sustentabilidade e reducir o consumo de recursos.

d. Reducir os impactos antrópicos no Parque.

6.4.3. Propostas.

a. Mantemento e mellora de infraestruturas, instalacións e equipamentos.

b. Implementación das directrices do plan de emerxencias marcadas no PRUX.

c. Deseño dunha carta de boas prácticas que recolla as directrices indicadas no PRUX para mitigar o impacto das zonas máis antropizadas no medio natural do Parque.

d. Deseño de estratexias de implementación da carta de boas prácticas.

7. Cronograma e programa económico-financeiro.

7.1. Cronograma.

Acción	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6	Ano 7	Ano 8	Ano 9	Ano 10
Programa 1. Programa de conservación da biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio Cultural.										
Protocolos e actuacións para hábitats e especies, incluíndo análise sobre o efecto do *Phragmites* e as gabias de drenaxe en Vixán.										
Conservación de usos agrarios e gandeiros										
Eliminación de piñeiros										
Vixilancia e alerta temperá para as EEI										
Visitantes e EEI										
Eliminación de EEI										
Estratexias de coexistencia en zonas urbanas										

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Acción	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6	Ano 7	Ano 8	Ano 9	Ano 10
Estudo sobre danos de xabaril										
Retirada de individuos de xabaril										
Programa 2. Programa de investigación, seguimento e avaliación.										
Investigación científica										
Actuacións de seguimento e avaliación do PRUX										
Estudo sobre cambio climático										
Estudo sobre xabaril e hábitats										
Programa de ciencia cidadá										
Estudos sobre flora										
Estudos sobre fauna										
Estudo sobre os fungos										
Estudo sobre lagoas										
Programa 3. Programa xestión do uso público.										
Sinalética										
Visitantes e normativa/valores naturais/patrimonio cultural										
Deseño de roteiros										
Traballos de voluntariado										
Programa 4. Programa de mellora das infraestruturas, instalacións e equipamentos.										
Mantemento e mellora infraestruturas										
Implementación do plan de emerxencias										
Deseño de carta de boas prácticas										
Implementación de carta de boas prácticas										

7.2. Programa financeiro.

Acción	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6	Ano 7	Ano 8	Ano 9	Ano 10	Total
Programa 1. Programa de conservación da biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio Cultural.											
Total P1	60.000	55.000	61.000	58.000	64.000	54.000	52.000	54.000	65.000	50.000	573.000
Programa 2. Programa de investigación, seguimento e avaliación.											
Total P2	12.000	23.000	28.000	24.000	22.000	24.000	20.000	21.000	21.000	24.000	219.000
Programa 3. Programa xestión do uso público.											
Total P3	16.000	16.000	5.000	8.000	14.000	22.000	14.000	9.000	14.000	18.000	136.000

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Acción	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6	Ano 7	Ano 8	Ano 9	Ano 10	Total
Programa 4. Programa de mellora das infraestruturas, instalacións e equipamentos.											
Total P4	12.000	6.000	6.000	10.000	0	0	14.000	16.000	0	8.000	72.000
Total	100.000	100.000	100.000	100.000	100.000	100.000	100.000	100.000	100.000	100.000	1.000.000

8. Sistema de seguimento e avaliación.

O seguimento e avaliación do PRUX é fundamental para constatar se as accións propostas e a normativa establecida están a ofrecer os resultados esperados e medir o seu grao de eficacia. Esta información será de grande utilidade tanto para a formulación do seguinte PRUX como para poder realizar unha xestión adaptativa que permita dar resposta a imprevistos non considerados no presente documento, así como, con base no seguimento e avaliación periódica, reconducir, deter ou buscar alternativas para aquelas accións que non estean a ofrecer os resultados esperados.

8.1. Seguimento.

Estableceranse protocolos de seguimento que permitan obter información dos diferentes aspectos e accións que teñen lugar no Parque, cos seguintes obxectivos:

• Rexistrar os cambios que se producen nos usos e nos hábitats naturais do Parque, establecendo as súas causas.

• Previr e alerta temperá ante cambios puntuais ou situacións de risco para os valores naturais do Parque ou para as persoas.

• Mellorar o coñecemento sobre os hábitats e especies presentes no Parque.

• Previr e minimizar conflitos sociais derivados da aplicación do PRUX.

• Determinar o grao de cumprimento dos obxectivos do PRUX.

• Determinar os efectos producidos polos usos e as accións recollidas no PRUX e outras que puideran desenvolverse sobre o medio natural, e detección de efectos non desexados.

• Mellorar a implementación do PRUX mediante unha xestión adaptativa do Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

O seguimento será de dous tipos:

• Un seguimento do funcionamento, condicións e procesos naturais do Parque.

• Un seguimento específico das accións que se desenvolven no Parque.

Prestarase especial atención aos seguintes aspectos:

• Augas: cantidade e calidade.

• Solos: signos de erosión, arrastres e outros tipos de perda ou degradación dos solos.

• Hábitats: estado de conservación, cambios na súa extensión, afeccións.

• Flora: dinámica das comunidades, estado de conservación, rexeneración espontánea ou artificial, afeccións.

• Fauna: dinámicas poboacionais das especies ameazadas, afeccións.

• Sistemas agropecuarios: cambios de uso, manexo.

• Efecto do uso público sobre os hábitats e especies.

• Percepción social e implicación de habitantes e visitantes na xestión do Parque.

8.2. Indicadores.

Para realizar un seguimento eficaz é preciso desenvolver unha listaxe de indicadores que sirvan para medir o grao de consecución das accións que se realizan no Parque e a eficacia das medidas propostas e metodoloxías empregadas.

O Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia propón diversas fontes de indicadores básicos de biodiversidade e indicadores de sustentabilidade nos puntos 7.3 3 punto 3 do anexo VII. Tamén en Atauri *et al*. (2005) se atopan fontes e listas de indicadores básicos que poden servir de referencia para construír unha listaxe propia e adaptada á realidade e ás actividades que se desenvolvan no Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

A seguir preséntase unha listaxe de indicadores de referencia específicos para o seguimento dalgúns dos puntos incluídos no presente documento:

a. Indicadores para os hábitats.

i. Avaliación cada tres anos do estado de conservación dos seguintes hábitats prioritarios presentes no Parque:

• 1150*. Lagoas costeiras.

• 2130*. Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises.

• 6220*. Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea.

• 7210*. Turbeiras calcarias de *Cladium mariscus* e especies do Caricion davallianae.

• 91E0 * Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno-Padion, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

ii. Avaliación cada tres anos do estado de conservación, en termos de diversidade florística e grao de naturalidade, dos seguintes hábitats. A avaliación destes hábitats estará relacionada co plan de xestión e investigación sobre os usos e manexos favorables para a conservación da biodiversidade:

• Bosque pantanoso.

• Prados de xuncos higrófilos de trasduna.

• Corredores marismeños interdunares intercalados con duna gris.

• Áreas liberadas de *Phragmites australis.*

• Lagoa de Vixán (no caso de apertura de *corcovas*/*cólcavas*).

b. Indicadores para a flora.

i. Censo e área de ocupación cada 3 anos das seguintes especies de flora catalogadas: *Rumex rupestris, Limonium dodartii* e *Alyssum gallaecicum,* por tratarse nos dous primeiros casos de especies en regresión incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

na categoría de «en perigo de extinción» e na Directiva de habitats, e no caso de *Alyssum gallaecicum*, por ser unha especie incluída no Catálogo galego de especies ameazadas na categoría de «vulnerable» (baixo o nome *Alyssum loiseleurii)* e ser dun endemismo galego actualmente en regresión e que posúe no Parque Natural unha das súas poboacións máis relevantes.

ii. Censo e área de ocupación cada 6 anos de *Dryopteris guanchica* e *Chaetopogon prostratus*. Trátase no primeiro caso dunha especie incluída no Catálogo galego de especies ameazadas na categoría de «vulnerable», moi escasa no Parque Natural, e no segundo caso dunha especie incluída no Catálogo galego de especies ameazadas na categoría de «en perigo de extinción», ben que o estado de conservación global de ambas as especies non é tan preocupante como as da sección previa.

iii. Avaliación da área de ocupación cada 3 anos de *Schoenoplectus pungens, Spiranthes aestivalis, Chamaesyce peplis, Thelypteris palustris* e *Spergularia australis.* Inclúense aqui distintas especies con diverso grao de ameaza, das cales están catalogadas só as dúas primeiras, ben que a presenza de todas elas se considera indicadora dun bo estado de conservación dos hábitats que ocupan. Entre elas, Schoenoplectus pungens é unha especie incluída no Catálogo galego de especies ameazadas na categoría de «en perigo de extinción» (baixo o nome *Scirpus pungens*) e, dado que se trata dun helófito con hábito de xunco e crecemento clonal rizomatoso, o seguimento da variación na súa área de ocupación constitúe unha metodoloxía máis oportuna que o censo para a monitorización do estado de conservación da especie e do seu hábitat. *Spiranthes aestivalis* é unha especie incluída no catálogo galego de especies ameazadas na categoría de «vulnerable», así como na Directiva de hábitats. *Chamaesye peplis* é unha especie en regresión en toda a súa área de distribución e indicadora dos mellores estados de conservación dos hábitats que ocupa, e que no Parque Natural non só aparece no seu hábitat típico 1210 (vexetación anual sobre argazos) senon que tamén ocupa zonas de mosaico de hábitats salinos moi singulares. *Thelypteris palustris* é una especie moi escasa tanto no Parque Natural como en Galicia e presenta un elemento singular e característico das manifestacións pantanosas do hábitat prioritario 91E0* (bosques aluviais), que son as manifestacións do hábitat máis ameazadas e relevantes para a conservación. *Spergularia australis* é unha especie endémica do litoral atlántico ibérico con escasas poboacións e para a cal se presume ameaza, constituíndo un elemento de conservación no Parque Natural.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

c. Indicadores para os invertebrados.

i. Censo e área de ocupación cada tres anos das seguintes especies catalogadas: *Coenagrion mercuriale, Oxygastra curtisii, Euphydryas aurinia* e *Euplagia quadripunctaria*. Estas especies están incluídas na Directiva de hábitats (92/43/CEE), e as tres primeiras no Convenio de Berna. Ademais, *Oxygastra curtisii* é considerada vulnerable nos catálogos galego e español de especies ameazadas. Estímase interesante realizar este estudo coas catro especies para detectar eventauis problemas (diminución poboacional e/ou na área ocupada no Parque) que poidan ser extrapolables a outros insectos con bioloxía similar.

d. Indicadores para os vertebrados.

i. Censo e área de ocupación cada tres anos das especies catalogadas no Parque. Neste caso, considéranse todas as especies de vertebrados do número 1.7.3 (listaxe de especies de interese para a conservación no Parque), totalizando 169 especies, das que 16 son da clase Mammalia, 7 Amphibia, 4 Reptilia, 4 Actinopterygii –Pisces– e 138 Aves. Estas 16 especies clasifícanse en oito catálogos diferentes (varias especies aparecen en máis dun catálogo): Directiva 92/43/CEE (21 especies das clases Mammalia, Amphibia e Reptilia), Directiva 2009/147/CE (91 especies da clase Aves), Convenio CITES (4 especies das clases Mammalia e Aves), Convenio de Bonn (79 especies das clases Mammalia, Reptilia, Actinopterygii e Aves), Convenio de Berna (67 especies das clases Mammalia, Amphibia, Reptilia e Aves), Catálogo español de especies ameazadas (14 especies das clases Mammalia, Amphibia, Reptilia e Aves), Catálogo galego de especies ameazadas (22 especies das clases Mammalia, Amphibia, Reptilia e Aves) e Lista vermella da IUCN (19 especies das clases Mammalia, Reptilia, Actinopterygii e Aves). Esta listaxe de 169 especies, así como o seu seguimento, considérase o suficientemente representativa do total de especies de vertebrados do Parque.

ii. Número de colonias de morcegos cada tres anos. Esta contaxe considérase imprescindible para detectar eventuais tendencias poboacionais das distintas especies de quirópteros dentro do Parque, tanto dentro da época de cría como fóra.

iii. Número de exemplares adultos por colonia cada tres anos. Este indicador é particularmente interesante para avaliar a poboación reprodutora de quirópteros dentro do Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

e. Indicadores para as especies exóticas invasoras.

i. Número de especies invasoras rexistradas cada ano en hábitats prioritarios.

ii. Extensión das especies invasoras en conxunto en cada hábitat.

iii. Número de exemplares e/ou superficie de cada especie de especies exóticas invasoras eliminados. Estes tres puntos son os máis axeitados para avaliar o éxito dos programas de eliminación ou control de especies exóticas invasoras, xa abordados no punto 1.8 (Especies invasoras) deste documento e apartados posteriores.

f. Indicadores do uso público.

i. Número de visitantes/ano.

ii. Número de vehículos/ano.

Na táboa seguinte resúmense os indicadores propostos:

Indicadores	Periodicidade
Indicadores para os hábitats	
Estado de conservación dos hábitats prioritarios presentes no Parque	Cada 3 anos
Estado de conservación dos seguintes hábitats: bosque pantanoso, prados xuncais higrófilos de trasduna, corredores marismeños interdunares intercalados coa duna gris, áreas liberadas de *Phragmites australis*, lagoa de Vixán (no caso de apertura de *corcovas*/*cólcavas*)	Cada 3 anos
Indicadores para flora	
Censo e área de ocupación das seguintes especies de flora catalogadas: *Rumex rupestris, Limonium dodartii, Alyssum gallaecicum.*	Cada 3 anos
Censo e área de ocupación de *Dryopteris guanchica* e *Chaetopogon prostratus.*	Cada 6 anos
Área de ocupación de *Schoenoplectus pungens, Spiranthes aestivalis, Chamaesyce peplis, Thelypteris palustris* e *Spergularia australis.*	Cada 3 anos
Indicadores para invertebrados	
Censo e área de ocupación das seguintes especies catalogadas: *Coenagrion mercuriale, Oxygastra curtisii, Euphydryas aurinia* e *Euplagia quadripunctaria.*	Cada 3 anos
Indicadores para vertebrados	
Censo e área de ocupación das especies catalogadas no Parque.	Cada 3 anos
Número de colonias de morcegos	Cada 3 anos

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Indicadores	Periodicidade
Número de exemplares adultos por colonia	Cada 3 anos
Indicadores para EEI	
Número de EEI rexistradas en hábitats prioritarios	anualmente
Extensión das EEI en conxunto en cada hábitat	anualmente
Número de exemplares e/ou superficie de cada especie de EEI eliminadas	anualmente
Indicadores de uso público	
Número de visitantes	anualmente
Número de vehículos	anualmente

8.3. Avaliación.

Realizaranse tres tipos de avaliación

a. Avaliación por accións: non resposta a unha temporalidade concreta, senón que se realiza ao finalizar calquera acción proposta e debe incluír a medida da súa eficacia en función dos indicadores propostos para a dita acción.

b. Avaliación anual: representa a memoria anual do Parque e fai unha avaliación do funcionamento xeral do Parque durante o ano anterior, para o que incluirá, cando menos, as seguintes epígrafes:

• Obxectivos e estratexias propostas para a anualidade.

• Estado das accións en marcha, indicando o grao de cumprimento e as tarefas pendentes.

• Estado das accións rematadas nesa anualidade (as referidas no punto anterior).

• Recursos con que conta o Parque.

• Orzamento.

c. Avaliación final: realízase á finalización do presente PRUX e fai unha avaliación da súa aplicación e os resultados obtidos. Incluirá, cando menos, as seguintes epígrafes:

• Obxectivos e estratexias propostas para o decenio.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

• Estado das accións en marcha, indicando o grao de cumprimento e as tarefas pendentes.

• Estado das accións rematadas nesa anualidade (as referidas no punto anterior).

• Grao de consecución dos obxectivos propostos, indicando o grao de desenvolvemento das directrices propostos e a eficacia da normativa proposta.

• Recomendacións de inclusión ou modificación de directrices.

• Recomendacións de modificacións na normativa.

9. Organización administrativa.

a. Xestión xeral e dirección.

A xestión do Parque é responsabilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por medio do Servizo de Parques Naturais, a quen lle corresponde o exercicio de funcións relativas á dirección e xestión executiva ordinaria do Parque e a elaboración de instrucións para a formulación das propostas dos orzamentos e dos programas de xestión, así como para a execución e desenvolvemento e seguimento do plan reitor de uso e xestión.

b. Xunta Reitora.

A Xunta Reitora constitúese en virtude do Decreto 139/1992, do 5 de xuño, e o Decreto 265/2007, do 28 de decembro, polo que se modifica a composición das xuntas consultivas dos parques naturais de Galicia. Ten como propósito colaborar na xestión do Parque e canalizar a participación das persoas propietarias e os intereses sociais e económicos afectados, e estará integrada polos seguintes membros:

• Presidencia: persoa nomeada pola persoa titular da consellería con competencias en materia de patrimonio natural, por proposta do director ou directora xeral con competencia en materia de conservación da natureza.

• Vicepresidencia: o delegado ou delegada da consellería competente en materia de patrimonio natural na provincia onde se atope o Parque, neste caso A Coruña.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

• Secretaría: un funcionario ou funcionaria da delegación provincial da consellería competente en materia de patrimonio natural, que actuará con voz pero sen voto, designado pola persoa titular da delegación provincial da Coruña.

• Vogais:

– O director ou directora do Parque, ou persoa que exerza a dirección e xestión executiva.

– Representante da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

– Xefe ou xefa do Servizo de Patrimonio Natural da Coruña.

– Representante da Consellería con competencias en materia de presidencia, administracións públicas e xustiza.

– Representante da consellería con competencias en materia de política territorial, obras públicas e transporte.

– Representante da consellería con competencias en materia de turismo.

– Representante da consellería con competencias en materia de medio rural.

– Representante da consellería con competencias en materia de cultura.

– Representante da consellería con competencias en materia de traballo.

– Representante da Deputación Provincial da Coruña.

– Alcalde ou alcaldesa do concello de Ribeira, ou concelleiro ou concelleira en que recaia a delegación.

– Representante da Universidade de Santiago de Compostela.

– Representante das asociacións que figuren inscritas no Rexistro de Asociacións Protectoras do ambiente da Xunta de Galicia, designado ou designada por estas.

– Representante dos grupos de acción local existentes na zona de influencia socioeconómica do Parque, elixido ou elixida por estes.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

– Representante das asociacións de promoción turística de Ribeira ou a súa contorna (p. ex. Arousa norte).

– Representante da Confederación Provincial de Empresarios da Coruña.

– Ata un máximo de cinco representantes da propiedade de terreos integrados no Parque. A cota de representación efectuarase proporcionalmente á porcentaxe que ocupen os montes veciñais en man común e as propiedades representadas por persoas físicas ou xurídicas distintas dos anteriores, en ambos os casos, elixidos por eles mesmos.

Na proposta e designación das persoas vogais que non teñan a condición de cargos natos atenderase ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Así mesmo, en virtude do establecido no artigo 7 do Decreto 265/2007, a presidencia poderá convidar ás reunións das xuntas consultivas a persoas expertas nalgunha materia relevante e/ou que garden relación co Parque, que participarán nestas reunións con voz, pero sen voto.

De acordo coas leis 9/2001, do 21 de agosto e 5/2019, do 2 de agosto, corresponde a esta xunta reitora a colaboración na xestión do Parque a través da súa función asesora e consultiva mediante:

• A aprobación e modificación do seu regulamento de réxime interior.

• A emisión daqueles informes que lle sexan solicitados.

• A proposta de actuacións e iniciativas tendentes á consecución dos fins do Parque, incluíndo os de difusión e información dos valores deste, así como os programas de formación e educación ambiental.

• A colaboración na promoción e proxección exterior do Parque e os seus valores.

• En xeral, a promoción e realización de cantas xestións considere oportunas en beneficio do Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Así mesmo, esta xunta reitora deberá ser oída para a adopción das seguintes decisións:

• A aprobación, modificación e revisión da normativa relativa ao Parque e dos seus instrumentos de planificación.

• A aprobación do orzamento de xestión do Parque.

c. Procedemento administrativo.

As autorizacións que se outorguen no Parque serán emitidas polo organismo competente en patrimonio natural ou, se for o caso, pola Xefatura Territorial da Coruña, logo de informe preceptivo do Servizo de Patrimonio Natural da Coruña ou do organismo competente en patrimonio natural. Estas autorizacións deberán obterse con anterioridade ás exixidas pola lexislación sectorial pertinente e a obtención delas non exime do cumprimento da normativa sectorial de aplicación nin de cantas outras autorizacións permisos ou licenzas sexan requiridos por esta.

10. Vixencia e revisión do plan.

a. En virtude do establecido no artigo 58 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, a vixencia do PRUX será, como mínimo, de dez anos e deberase revisar ao termo do prazo de vixencia establecido ou antes, se for necesario, conforme o estado da ciencia e da técnica ou da aplicación das medidas de seguimento que correspondan.

b. Transcorrido o período de vixencia, o órgano competente en materia de patrimonio natural procederá a revisar o PRUX.

c. O PRUX poderá ser revisado con anterioridade ao seu vencemento por iniciativa do órgano competente en materia de patrimonio natural, sempre e cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

i. Cando se produzan episodios de orixe natural ou antrópico de carácter excepcional que afecten a integridade do Parque e desborden as medidas de protección previstas no presente PRUX. Neste caso, a demostración das ditas circunstancias terá que realizarse mediante os correspondentes estudos e informes técnicos.

ii. No caso de xurdiren novas actividades non mencionadas no presente PRUX que afecten ou poidan afectar os valores do Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

iii. No caso de que a normativa do presente PRUX se manifeste insuficiente para a consecución dos obxectivos do Parque.

d. A revisión anticipada do PRUX suporá a súa nova aprobación de conformidade co establecido na Lei 5/2019, do 2 de agosto.

e. As revisións que se realicen terán como obxectivo a actualización, mellora e optimización de normas e directrices, respectando os principios básicos de conservación que inspiran a declaración do Parque.

CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

ANEXO III


Cartografía

Mapa 1. Superficie que forma parte do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 2. Mapa xeolóxico.
Fonte: Adaptado da folla 151 do Mapa Xeolóxico de España.




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 3. Usos actuais.
Fonte: Actualizado do Plan de ordenación do litoral de Galicia.




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 4. Repartición da propiedade.
Fontes: Sede electrónica do Catastro; Xunta de Galicia; Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.



CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 5. Mapa de riscos.




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 6. Principais accesos e vías de evacuación principais.




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 7. Diferentes zonas segundo os accesos/vías de evacuación principais.




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 8. Zonas con presenza de *Charadrius alexandrinus* (segundo o Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de conservación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia).




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 9. Zonas con presenza de *Emberiza schoeniclus lusitanica* (segundo Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia.



CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 10. Zonas con presenza de pernileiro *Burrhinus oedicnemus*.




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 11. Zonas con presenza de *Emys orbicularis* (segundo o Decreto 70/2013, do 25 de abril, polo que se aproba o Plan de recuperación do sapoconcho común *(Emys orbicularis* L.) en Galicia.




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 12. Localización da Casa da Costa.




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 13. Corredores.




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 14. Vías de acceso con vehículos de motor.




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 15. Vías de acceso con bicicleta e cabalo.




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 16. Vías de acceso exclusivamente peoníl.




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 17. Solo urbanizable segundo o Plan xeral de ordenación municipal de Ribeira (mapa a).




Mapa 18. Solo urbanizable segundo o Plan xeral de ordenación municipal de Ribeira (zona b).




CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 19. Solo urbanizable segundo o Plan xeral de ordenación municipal de Ribeira (zona c).



CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27

Mapa 20. Solo urbanizable segundo o Plan xeral de ordenación municipal de Ribeira (zona d).



CVE-DOG: pecnl9o2-5ks0-i1r3-btr5-lx2xos037a27